



Seo de Fisterra
Ria de Muros-Noia
GALP
Costa Sostible

SELP
Entidade de
Desenvolvemento
Local
Participativa
2015-2020

2

Este é o documento de consulta pública da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP Costa Sostible e aprobada pola Consellería do Mar.

En atención á LOPD, Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, nesta versión pública, foron suprimidos os nomes e outros datos de persoas vinculadas ao GALP e á elaboración da EDLP. Estes datos figuran na versión oficial presentada á Consellería do Mar.

Polo mesmo motivo, elimínanse os Anexos relativos ao proceso participativo, con imaxes dos actos e follas de asistencia.

1. DATOS DO GRUPO	3
1. Datos identificativos do Grupo	
2. Relación de asociados	
3. Composición da Xunta Directiva	
4. Datos de resumo do Grupo	
2. DEFINIÇÃO DA ZONA PESQUEIRA	13
3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA	19
1. Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información	
2. Diagnóstico da zona costeira (Análise DAFO)	
3. Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira	
4. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP	129
1. A Misión da Estratexia	
2. A Visión da Estratexia	
3. Os valores do GALP Costa Sostible	
5. PLAN DE ACCIÓN	135
1. Obxectivos Estratéxicos	
2. Obxectivos Específicos	
3. Liñas Estratéxicas	
4. Medidas	
5. Mapa do Plan de Actuación	
6. Fichas de Medidas	
7. Carácter integrado e multisectorial da Estratexia	
8. Carácter innovador da Estratexia	
9. Contribución da Estratexia á creación de emprego	
10. Contribución da Estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación	
11. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible	
12 Complementariedade e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona	
13. Redes	
6. PLAN DE FINANCIAMENTO	199
1. Distribución global de orzamento	
2. Plan de Financiamento do Plan de Actuación	
7. CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL	205
8. DISPOSICIÓN DE XESTIÓN DA EDLP	221
1. Xestión interna do GALP	
2. Procedemento para a xestión do programa de axudas	
3. Seguimento dos proxectos	
4. Procedementos/mecanismos para unha boa xestión financeira e para evitar o conflito de intereses	
9. DISPOSICIÓN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	255
1. Indicadores de seguimento e avaliación	
2. Plan de seguimento	
3. Avaliacións intermedia e final	
10. PLAN DE PARTICIPACIÓN	263
1. Directorio de entidades e recursos	
2. Proceso de participación na elaboración da Estratexia	
3. Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia	
11. PLAN DE COMUNICACIÓN	309
1. Mapa estratéxico da EDLP	
2. Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas	
12. FONTES DE INFORMACIÓN	325
1. Identificación de fontes consultadas	
ANEXOS. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA	



1. DATOS DO GRUPO



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO GRUPO



Denominación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo de Fisterra - Ría de Muros - Noia. Costa Sostible (GALP Costa Sostible)
NIF	G-70196225
Dirección	Curro da Praza, 1. - 15250 Muros (A Coruña)
Teléfono	981 822 754
Fax	
Enderezo electrónico	gac4@accioncosteira.es
Representante legal	-
NIF do representante	-



2. RELACIÓN DE ASOCIADOS

	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	NIF	DOMICILIO SOCIAL	NOME REPRESENTANTE	SEXO	SECTOR	TIPO DE ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	NUMERO ASOCIADOS	DATA ADHESIÓN
1	Confraría de Pescadores de San Telmo (Porto do Son)	G-15.034.945	Peirao, s/n –Porto do Son	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	Non ten	80	03/10/2008
2	Confraría de Pescadores de Muros	G-15.038.508	Porta da Vila, 16 – 2ª - Muros	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	Non ten	224	03/10/2015
3	Confraría de Pescadores de San Andrés (Portosín)	G-15.037.887	Peirao, s/n – Portosín – Porto do Son	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	1923	200	03/10/2008
4	Confraría de Pescadores de O Pindo	G-15.038.524	O Pindo - Carnota	-	Muller	Pesqueiro	Corporación de dereito público	Non ten	105	03/10/2008
5	Confraría de Pescadores Ntra.Sra. de Las Arenas (Fisterra)	G-15.035.363	Manuel Lago Pais, s/n - Fisterra	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	1923	200	03/10/2008
6	Confraría de Pescadores San Bartolomé (Noia)	G-15.030.844	República Argentina, s/n - Noia	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	1960	1.272	03/10/2008
7	Confraría de Pescadores Virxe do Carme (Corcubión)	G-15.047.707	Porto Pesqueiro, s/n - Corcubión	-	Home	Pesqueiro	Corporación de dereito público	Non ten	96	03/10/2008
8	Confraría de Pescadores de Lira	G-15.038.516	Porto Cubelo, s/n – Lira - Carnota	-	Muller	Pesqueiro	Corporación de dereito público	1945	95	03/10/2008
9	Asoc. Mexilloeiros – Muros-Esteiro	G-15.250.400	Dep. 15 D – Porto Pesqueiro - Muros	-	Home	Pesqueiro	Organización de produtores	1990	4	03/10/2008
10	Concello de Muros	P-15.0540.00-J	Curro da Praza, 1 - Muros	-	Muller	Público	Administración local			03/10/2008
11	Concello de Outes	P-15.063.00-A	Rúa da Vila, 1 - Outes	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008
12	Concello de Noia	P-15.058.00-A	Rúa Rosalía de Castro,2 -Noia	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008
13	Concello de Porto do Son	P-15.072.00-B	Rúa Atalaia, s/n – Porto do Son	-	Muller	Público	Administración local			03/10/2008
14	Concello de Carnota	P- 15.020.00-A	Praza de San Gregorio, 19 - Carnota	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008

	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	NIF	DOMICILIO SOCIAL	NOME REPRESENTANTE	SEXO	SECTOR	TIPO DE ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	NUMERO ASOCIADOS	DATA ADHESIÓN
15	Concello de Fisterra	P-15.038.00-C	Rúa Santa Catalina, 1 - Fisterra	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008
16	Concello de Dumbría	P-15.034.00-B	Estrada de Dumbría, s/n - Dumbría	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008
17	Concello de Corcubión	P-15.028.00-D	Praza Carrera, 1 - Corcubión	-	Home	Público	Administración local			03/10/2008
18	Asoc. Turístico Comarcal Ría Muros-Noia	G-70.158.035	Casa Peto – Cruceiro de Roo - Outes	-	Muller	Económico	Asociación Empresarial	27/12/2007	17	03/10/2008
19	Concello de Cee	P-15.023.00-E	Domingo Antonio Andrade, s/n - Cee	-	Home	Público	Administración local			16/01/2009
20	Club Marítimo Carrumeiro	G-15.367.071	Peirao - Corcubión	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	18/04/1977	139	16/01/2009
21	Club Náutico Portosín	G-15.05.486	Porto Deportivo – Portosín – Porto do Son	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	27/09/2006	681	16/01/2009
22	Asociación Sonense de Empresarios	G-15.155.591	Praza Xerardo Díaz, 2 – baixo – Porto do Son	-	Home	Económico	Asociación Empresarial	18/03/1987	135	16/01/2009
23	Asoc. Pro Saúde Mental A Creba	G-15.476.310	Polígono de Augalevada, 19 - Noia	-	Muller	Social	Asociación sin ánimo de lucro	14/05/2004	301	16/01/2009
24	Club Náutico de Porto do Son	G-70.085.766	Peirao, s/n – Porto do Son	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	19/12/2006	395	16/01/2009
25	A Misela (Asoc. de Persoas con Discapacidade das Comarcas de Noia e Muros	G-15.450.208	Frei Lois Rodríguez, 9 baixo - Noia	-	Muller	Social	Asociación sin ánimo de lucro	12/05/2004	334	16/01/2009
26	Asociación Noia Histórica	G-15.871.189	Rúa do Curro, 31 – 2º Noia	-	Home	Económico	Asociación Empresarial	01/10/2002	153	16/01/2009
27	Asociación de Veciños A Ostreira	G-15.396.567	A Robaleira – Abelleira - Muros	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	27/12/2003	234	25/02/2011

	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	NIF	DOMICILIO SOCIAL	NOME REPRESENTANTE	SEXO	SECTOR	TIPO DE ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	NUMERO ASOCIADOS	DATA ADHESIÓN
28	Asociación de Redeiras Virxe do Carme	G-15.889.991	Avda. de Galicia – Porto do Son	-	Muller	Pesqueiro	Asociación sin ánimo de lucro	19/05/2003	34	02/12/2011
29	Asociación Mar de Noia	G-15.932.940	Ramón Álvarez de la Braña, 1 – 4º - Noia	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	03/06/2004	200	14/03/2014
30	Club Adeco-Dea	G-15.257.645	Frei Lois Rodríguez, 9 baixo - Noia	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	30/04/2005	41	14/03/2014
31	Asociación Amas de Casa Noela	G-15.887.862	Avda. de A Coruña, 6 – 2º - Noia	-	Muller	Social	Asociación sin ánimo de lucro	22/12/2002	170	17/04/2015
32	Asociación Balandro Joaquín Vieta	G-70.148.051	Lugar Chan de Maroñas, 2 - Noia	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	19/02/2009	29	29/05/2015
33	Sociedade Liceo de Noia	G-15.027.691	Alameda, s/n - Noia	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	11/04/1905	3.050	29/05/2015
34	Asociación Empresarial de Corcubión	G-70.230.636	Rúa Rosalía de Castro, 32 - Corcubión	-	Home	Económico	Asociación Empresarial			29/05/2015
35	Asociación de Mulleres Rurais Os Hórreos	G-70.088.976	Bornalle, 28 – Abelleira - Muros	-	Muller	Social	Asociación sin ánimo de lucro	02/02/2007	24	29/05/2015
36	Asociación de Mexilloeiros Ría de Muros-Noia	G-15.078.165	Muelle, s/n - Muros	-	Muller	Pesqueiro	Organización Productores	11/12/1982	33	29/05/2015
37	Asociación de Empresarios de Portosín	G-70.440.094	Avda. Constitución, 16-18 - Portosín	-	Muller	Económico	Asociación Empresarial	12/01/2015	39	25/11/2015
38	Asociación Socio-cultural Auga e Sal	G-70.444.336	Rúa Rosalía de Castro, 19	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	19/02/2015	7	25/11/2015
39	Asociación Cultural Mar de Muros	G-15.939.127	Rua Axesta, 71	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	23/11/2011	3	25/11/2015
40	Asociación Cultural Canle de Lira	G-15.380.512	Escola de Portocubelo – Lira - Carnota	-	Home	Social	Asociación sin ánimo de lucro	26/11/2014	10	25/11/2015
41	Costa da Morte da Asociación (CMAT)	G-70.446810	Lugar de Lires, 82 - Cee	-	Home	Económico	Asociación sin ánimo de lucro	26/02/2015	14	25/11/2015

3. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

	NOME E APELIDOS	NIF	DOMICILIO	POSTO QUE OCUPA	SECTOR	ENTIDADE A QUE REPRESENTA	SEXO
1	-	-	Porta da Vila, 16 – 2ª - Muros	PRESIDENCIA	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Muros	Home
2	-	-	Praza Santa Catalina,1 - Fisterra	VICEPRESIDENCIA	Público	Concello de Fisterra	Home
3	-	-	Manuel Lago Pais, s/n - Fisterra	SECRETARÍA	Pesqueiro	Confraría de Pescadores Ntra. Sra. de las Arenas	Home
4	-	-	Casa Peto – Cruceiro de Roo - Outes	TESOURERÍA	Económico	Asoc. Turística Comarcal Ría de Muros-Noia	Muller
5	-	-	Peirao, s/n – Porto do Son	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Telmo	Home
6	-	-	Peirao, s/n – Portosín–Porto do Son	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Andrés	Home
7	-	-	O Pindo - Carnota	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de O Pindo	Muller
8	-	-	Avda. República Argentina, s/n - Noia	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Bartolomé	Home
9	-	-	Porto Pesqueiro, s/n - Corcubión	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores Virxe do Carme	Home
10	-	-	Portocubelo, s/n – Lira - Carnota	VOGAL	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Lira	Muller
11	-	-	Avda. de Galicia – Porto do Son	VOGAL	Pesqueiro	Asociación de Redeiras Virxe do Carme	Muller
12	-	-	Frei Lois Rodríguez, 9 - Noia	VOGAL	Social	A Misela (Asoc. de Persoas con Discapacidade da Comarca de Noia e Muros)	Home
13	-	-	Polígono Augalevada, 19 - Noia	VOGAL	Social	Asoc. pro Saúde Mental A Creba	Muller
14	-	-	Rúa do Curro, 31 -2º - Noia	VOGAL	Económico	Asociación Noia Histórica	Home
15	-	-	Lugar de Lires, 82 - Cee	VOGAL	Económico	Costa da Morte da Asociación (CMAT)	Home
16	-	-	Avda. Constitución, 16-18 - Portosín	VOGAL	Económico	Asociación de Empresarios de Portosín	Muller
17	-	-	Curro da Praza,1 - Muros	VOGAL	Público	Concello de Muros	Muller
18	-	-	Rúa da Vila, 1 - Outes	VOGAL	Público	Concello de Outes	Home

4. DATOS DE RESUMO DO GRUPO

	Nº	% representación
Entidades socias	41	100
Entidades que representan ao Sector Pesqueiro	11	26,82
Entidades que representan ao Sector Social	15	36,58
Entidades que representan ao Sector Económico	6	14,63
Entidades que representan ao Sector Público	9	22,50
Mulleres na xunta directiva	7	38,88

11

Resumo de representacións	% dereitos de voto na Asemblea Xeral	% dereitos de voto na xunta directiva
Sector Pesqueiro	26,82	49,00
Sector Público	22,50	17,00
Sector Social	36,58	17,00
Sector Económico	14,63	17,00



2. DEFINIÇÃO DA ZONA PESQUEIRA



Delimitación do territorio.

Relación de municipios	Poboación	Superficie do municipio (kms ²)
1 Carnota	4.376	70,9
2 Cee	7.760	57,5
3 Corcubión	1.672	6,5
4 Dumbría	3.137	125,2
5 Fisterra	4.824	29,4
6 Muros	9.117	72,9
7 Noia	14.571	37,2
8 Outes	6.804	99,7
9 Porto do Son	9.571	94,6
TOTAL	61.832	593,9

15

Mapa do territorio.



Coherencia xeográfica.

Territorio.

O territorio que abrangue o GALP Costa Sostible defínese por abondosas notas de **periferia** no xeográfico, no laboral, no económico, pero sobre todo no demográfico, sendo paradigmática a súa perda de poboación (-9,5% no período 1999-2013) e o elevado nivel de envellecemento (182,3 fronte a 146,1 en Galicia), case inédito no litoral galego .

Constitúe unha **área deprimida** que historicamente tivo un elevado grao de vencello coa **actividade pesqueira**, e que en boa medida preserva. O sector non acadou o grao de desenvolvemento que experimentou nas Rías Baixas, mantendo a actividade pesqueira nas coordenadas dun modo de vida tradicional, pouco integrado no mercado, formando parte dunha economía familiar, local e autosuficiente. Así, a dimensión económica do sector é máis pequena que a humana, como reflicte o feito de que a flota se especialice en pequenos barcos de baixura.

As partes con **maior dinamismo** sitúanse nos extremos **norte** (Cee-Corcubión) e **leste** (Noia), coincidindo coas principais aglomeracións urbanas e vías de comunicación que conectan a zona coas cidades da Coruña (CG-1.4) e de Santiago de Compostela (C.G.-1.5, AG-56), respectivamente. Estas infraestruturas, de

Cráterios de cohesión.

Os principais criterios de cohesión da zona costeira proposta para o GALP son:

-Traxectoria de traballo. O principal criterio de cohesión do territorio é a traxectoria dos últimos anos, nos que a aplicación do Eixo 4 do FEP e a xestión do GAC 4. A asociación candidata aplicou durante os últimos anos un modelo de desenvolvemento territorial que comeza a xerar os seus froitos, polo que podemos dicir que hai un sistema de traballo establecido que actúa como un forte nexa de unión, tanto a nivel institucional como social.

-Continuidade xeográfica. A delimitación territorial, que abrangue as Rías de Muros e Noia e a de Corcubión, ven marcada pola súa continuidade física e unha orografía de transición entre as Rías Baixas (zonas de marisqueo e praias) e as Rías Altas (zonas de costa agreste).

-Territorio pesqueiro. Toda a zona ten unha alta dependencia económica do sector da pesca ou das zonas portuarias. A proximidade entre os marxes da Ría de Muros e Noia e a estreita relación coa parte norte da zona costeira, reforzan os vínculos de traballo entre os profesionais do sector, que se centran fundamentalmente na pesca de baixura, destacando o importante papel da familia dentro dos sistemas de explotación

-Identidade mariñeira. Existen unha identidade cultural propia que se reforza por elementos como o seu patrimonio cultural e etnográfico e a importante concentración da poboación nas vilas costeiras.

-Baixa calidade do emprego. Todo o territorio se caracteriza por unha escasa cualificación do emprego coa conseguinte fuga de talentos e de capital humano.

-Unidade paisaxística. A paisaxe e a orografía do territorio son outro factor de cohesión, destacando o importante patrimonio ambiental, a paisaxe virxe e rochosa, a pouca industrialización ou o escaso desenvolvemento urbanístico da zona, agás en casos puntuais, constituíndo un enorme potencial para o desenvolvemento dende o seu aproveitamento para actividades turísticas .

-Mercado laboral pouco dinámico. O mercado laboral nesta área herda dos aspectos demográficos un carácter pouco dinámico. A destrución de emprego foi menor, entre outros factores, por unha maior emigración agora en parte retornada. Esta concentrouse case por enteiro na poboación masculina de baixa formación. O nivel de estudos da poboación acada aquí un dos índices máis baixos de todo o litoral galego.

-Actividade portuaria. A Historia desta área xira arredor da actividade portuaria e pesqueira, das vilas de Noia e Muros. Algo máis modernas son as incorporacións de Fisterra, Porto do Son e Portosín como portos pesqueiros relevantes. Os cinco portos e as súas lonxas conservan un nivel de relación e actividade importante e rexistran indicadores laborais máis benignos que os concellos que carecen de vocación pesqueira.

-Zona turística. O turismo emerxeu nesta área como unha das poucas alternativas ao declive dos sectores tradicionais. Nesta irrupción tivo moito que ver a construción e venda de segundas vivendas. O alto atractivo das praias e da paisaxe, contribuíu a dar a coñecer a zona e ampliar a oferta turística, aproveitando colateralmente tamén o potencial do Camiño de Santiago a Fisterra. O maior potencial turístico por explotar segue sendo o paisaxístico (O Pindo, Ézaro, rías), o patrimonio arqueolóxico (cultura castrexa e megalítica) e o patrimonio histórico-artístico dos centros históricos medievais de Corcubión, Muros e Noia, o cal reforza a zona como destino turístico único.

-Valor identitario. En resumo, o elemento **de maior valor da zona é o 'identitario do espazo'** que o relaciona con espazos naturais ben conservados, un importante e variado patrimonio cultural e un excelente produto pesqueiro para a gastronomía. Unha imaxe de autenticidade e natureza salvaxe pouco alterada pola acción humana.

Resumo de datos sociodemográficos, económicos e culturais.

Municipios	9
Superficie (km ²)	593,9
Poboación (hab, 2014)	61.832
Densidade poboación (hab/km ²)	104,1
Evolución da poboación (1999-2013)	-9,5%
Renda dispoñible bruta por habitante	12.584,9
Indicador municipal de renda dos fogares	82,68 (media ponderada do territorio)
Índice de envellecemento	182,3 (2013)
Peso do sector pesqueiro (en relación coa poboación ocupada)	13,7% (2014)



3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA



1. ÁMBITOS DO DIAGNÓSTICO, METODOLOXÍA DE TRABALLO E FONTES DE INFORMACIÓN.

Ámbitos do diagnóstico.

A análise diagnóstica que presentamos toma como base a realizada para a memoria de selección de candidatos a GALP, a cal foi actualizada e enriquecida con novos contidos. A estrutura da análise diagnóstica que presentamos é a seguinte:

- Caracterización do espazo
- Demografía
- Mercado laboral
- Estrutura económica e empresarial
- Datos do sector pesqueiro
- Datos do sector do turismo
- Patrimonio medioambiental
- Patrimonio cultural
- Programas ou actuacións de carácter estratéxico

21

Caracterización do espazo.

O territorio de Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa Sostible esténdese ao longo de 9 concellos e 3 comarcas da provincias da Coruña, desde un dos puntos máis occidentais de Galicia e de España (cabo de Nave, entre os cabos de Touriñán e de Fisterra) ata practicamente o final da marxe esquerda da Ría de Muros e Noia, na denominada enseada da Recabeira.

Táboa 1. Distribución do GALP Costa Sostible por comarcas e concellos

Comarcas	Concellos
Fisterra	<ul style="list-style-type: none">• Fisterra• Corcubión• Cee• Dumbría
Muros	<ul style="list-style-type: none">• Carnota• Muros
Noia	<ul style="list-style-type: none">• Outes• Noia• Porto do Son

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). 2014




Esta zona vertébrase territorial e economicamente entre dous polos que son a cidade de A Coruña, da cal ten maior dependencia a comarca de Fisterra, e a cidade de Santiago, que mantén unha relación máis fluída coas comarcas de Muros e Noia.

Dada a súa localización ao sur de Fisterra, posúe unhas condicións climáticas, meteorolóxicas e de navegabilidade algo máis benignas que as da Costa da Morte. Porén, iso non impide que neste plano posúa aínda notables contrastes a respecto do resto das Rías Baixas.

22

En liña recta son apenas 40 quilómetros que, ao seguir a traza litoral, tipicamente recortada en Galicia, supoñen moitos máis quilómetros de costa.

Mapa 1. Situación do GALP Costa Sostible en Galicia.




Fonte: Memoria de selección de candidatos a GALP.

Aínda que a maioría dos concellos do GALP Costa Sostible posúen unha extensión similar, entre os 50 e os 100 Km², son notorias as excepcións de tres concellos: Corcubión, un dos máis pequenos de Galicia con 7 Km², e Fisterra e Noia, ambos con menos de 40.

Os concellos máis extensos adoitan selo por incluír dentro da súa extensión amplas zonas de montaña pouco habitadas, con inclinacións e pendentes moi acusadas. A excepción neste caso represéntaa Dumbría, que apenas posúe un pequeno tramo de litoral en Ézaro, preto da desembocadura do río homónimo, que aínda abrangendo amplas extensións de montaña posúe na súa parte nordeste unha ampla zona de mesetas e vales onde se desenvolven actividades gandeiras típicas do interior desta parte de Galicia.

Mapa 2. Concellos do GALP Costa Sostible.



Fonte: Memoria de selección de candidatos a GALP.

Táboa 2. Poboación dos concellos e comarcas. Superficie. Poboación relativa sobre o total da comarca. 2014.

Concello	Comarca	Poboación concello	Superficie Km ²	Porcentaxe sobre o valor da comarca	Poboación da comarca
Noia	Noia	14.571	37	42,3%	34.459
Porto do Son	Noia	9.571	95	27,8%	34.459
Muros	Muros	9.117	73	67,6%	13.493
Cee	Fisterra	7.760	58	34,5%	22.461
Outes	Noia	6.804	100	19,7%	34.459
Fisterra	Fisterra	4.824	29	21,5%	22.461
Carnota	Muros	4.376	71	32,4%	13.493
Dumbría	Fisterra	3.137	125	14,0%	22.461
Corcubión	Fisterra	1.672	7	7,4%	22.461
GALP		61.832	594	87,8%	70.413

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE



Espazos protexidos.

A Rede Natura 2000 é a iniciativa máis importante para crear unha rede de espazos naturais baseada en criterios científicos. A súa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies, entre as que se encontran moitas seriamente ameazadas por un desenvolvemento carente de planificación.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como ZEPAS pola Directiva de Aves (79/409/CEE) e os espazos designados para o cumprimento da Directiva de Hábitats (92/43/CEE), coñecidos na súa 1ª fase como Lugares de Importancia

Comunitaria (LIC).

Créase así unha rede de lugares nos que se asegurará a súa conservación, aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un deses lugares.

Posteriormente, os espazos LIC vanse converter en Zonas Especiais de Conservación a través do Decreto 37/2014, do 27 de marzo. Este decreto declara zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria e aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Neste decreto, defínense as seguintes Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e as seguintes Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPA) no territorio que comprende o GALP Costa Sostible.

24

As dúas táboas seguintes relacionan os espazos protexidos en función dos concellos que agrupan e viceversa, para facilitar a súa busca.

Táboa 3. Distribución dos espazos protexidos por concello

Nome do espazo	Extensión (Ha)	Concellos
ZEC Carnota-Monte Pindo.	4.674	Cee, Dumbría, Mazaricos, Carnota, Corcubión
ZEC Complexo Húmido de Corrubedo.	9.265	Porto do Son, Ribeira
ZEC Costa da Morte.	11.809	Arteixo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra
ZEC Esteiro do Tambre.	1.581	Brión, Negreira, Noia, Outes, Porto do Son
ZEC Monte e Lagoa de Louro.	1.096	Carnota, Muros
REMIP Os Miñarzos	2.074	Carnota

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

A ZEC de Carnota Monte Pindo, é a que ten maior presenza a nivel municipal. A zona está limitada nos seus extremos por dúas zonas, ao norte a da Costa da Morte que afecta só ao concello de Fisterra, e ao sur, polo Complexo húmido de Corrubedo que afecta a Porto do Son.

Táboa 4. Distribución dos concellos por espazo **protexido**

Concello	Nome espazo
Carnota	ZEC Carnota-Monte Pindo.
Carnota	ZEC Monte e Lagoa de Louro.
Carnota	REMIP Os Miñarzos
Cee	ZEC Carnota-Monte Pindo.
Corcubión	ZEC Carnota-Monte Pindo.
Dumbría	ZEC Carnota-Monte Pindo.
Fisterra.	ZEC Costa da Morte.
Muros	ZEC Monte e Lagoa de Louro.
Noia	ZEC Esteiro do Tambre.
Outes	ZEC Esteiro do Tambre.
Porto do Son	ZEC Complexo Húmido de Corrubedo.
Porto do Son	ZEC Esteiro do Tambre

25


Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

É unha característica específica e distintiva do GALP Costa Sostible que no seu territorio a única figura de protección medioambiental presente é a ZEC, carecendo de ZEPAs.




Mapa 3. ZEC Costa da Morte

26



Mapa 4. ZEC Carnota-Monte Pindo




27




Mapa 5. ZEC Monte e Lagoa de Louro

28



Mapa 6. ZEC Esteiro do Tambre




29




Mapa 7. ZEC Complexo Húmido de Corrubedo

30



Mapa 8. Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos. Plan de Xestión Integral 2013.



Outros aspectos xeográficos.

O GALP Costa Sostible abrangue a parte septentrional das Rías Baixas, incluíndo nel a Ría de Muros e Noia e a Ría de Corcubión. Esta última é a menos profunda das Rías Baixas e a máis aberta ao océano, caracterizándose por unha orografía abrupta que na súa marxe sur exemplifica o macizo granítico do Monte Pindo.

Táboa 5. Distribución das rías por concellos.

Concello	Nome Ría
Carnota	Ría de Corcubión
Cee	Ría de Corcubión
Corcubión	Ría de Corcubión
Dumbría	Ría de Corcubión
Fisterra	Ría de Corcubión
Muros	Ría de Muros e Noia
Noia	Ría de Muros e Noia
Outes	Ría de Muros e Noia
Porto do Son	Ría de Muros e Noia

Fonte: Instituto Xeográfico de Galicia. 2014



Tres pequenos grupos de illotes rochosos adornan a costa do GALP, pouco importantes por extensión aínda que si por seren referencias para a navegabilidade.

Táboa 6. Distribución das illas por concellos.

Concello	Illa	Extensión (ha)
Carnota	Lobeiras	7
Carnota	Os Forcados	5
Muros	A Creba	7,5
	Total	19,5

Fonte: Instituto Xeográfico de Galicia. 2014

O cabo Fisterra é o máis importante da área, tanto pola súa importancia para a navegación como pola súa relevancia histórica.

Táboa 7. Praias con bandeira azul.

Concello	Nome praia
Porto do Son	Aguieira
Porto do Son	Caveiro
Porto do Son	A Ornanda
Muros	San Francisco
Dumbría	Ézaro

Fonte: Praias bandeira azul. 2014. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor

Sistemas e vías de comunicación.

Salvo no concello de Dumbría a maior parte da poboación dos concellos que integran o GALP se localiza na costa. O perfil recortado da mesma e as elevacións inmediatas ten implicado historicamente que as comunicacións entre concellos e ao longo de toda a área do GALP se fixeran pola estrada litoral C-550, inzada de curvas e con altos índices de perigosidade e accidentes.

As melloras nas estradas costeiras teñen sido abondosas, máis non tan pronunciadas como as habidas noutras partes de Galicia, sobre todo debido a que a alta densidade de poboación dificulta enormemente, ou directamente impide, a construción de novas infraestruturas. A permeabilidade entre concellos non é demasiado elevada e os tempos de traxecto son máis altos que noutras partes da costa con mellores estradas.

As principais melloras nas comunicacións terrestres do GALP téñense rexistrado a carón dos dous principais puntos de conexión desta área co exterior, coas cidades galegas máis próximas: A Coruña e Santiago de Compostela.

En Cee unha variante de alta capacidade achegou este núcleo, que funciona como centro de referencia da subárea Norte, ao de Sardiñeiro, preto de Fisterra, sen pasar por Corcubión. Esta estrada enténdese en relación coa Autoestrada libre de peaxe da Costa da Morte, unha infraestrutura planificada a mediados da década

pasada que debe conectar Carballo con Cee, cuxa construción adiaron até o día de hoxe a recesión económica e diversas decisións políticas e administrativas.

En Noia, o centro urbano de referencia da subárea Sur, inaugurouse en 2014 a ponte sobre a ría que estende o corredor de alta capacidade Brión-Noia e evita o paso pola vila ao tráfico proveniente de Santiago de Compostela ou da marxe dereita da Ría cara a Porto do Son. Esa infraestrutura complementa a inaugurada uns anos antes, que tamén conecta a estrada proveniente de capital galega co núcleo de Baroña, e que evita un rodeo por Outes.

Estas tres infraestruturas reducen os tempos de viaxe e sobre todo os atascos que tradicionalmente se rexistraban na vila de Noia na estación estival nos desprazamentos cara ás praias que engalanan ambas marxes da Ría de Muros e Noia. As melloras na contorna de Noia tamén supuxeron que unha boa parte do tráfico entre Compostela e Carnota, que antes optaba por estradas do interior vía Negreira e A Pereira, agora utilice o traxecto costeiro desde Noia.

Porén, os concellos xeograficamente centrais do GALP, Muros e Carnota, así como o litoral de Dumbría, mantéñense afastados das vías de alta capacidade e a súa conectividade co resto de Galicia é moi reducida.

A área carece de camiños de ferro.

Táboa 8. Principais vías de comunicación terrestre.


Nome Vía	Tipo de vía	Concellos comunicados
AC-550	Primaria básica	Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son
AC-445	Primaria complementaria	Fisterra, Corcubión
CG-1.5 Brión (AG-56) - Noia (AC-550)	Vía de alta capacidade	Noia
VG-1.4 Cee (CG-1.4) - Sardiñeiro (AC-445)	Vía de alta capacidade	Fisterra, Cee

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Ministerio de Fomento. 2015.



Mapa 9. Relación de estradas de influencia do GALP Costa Sostible.
Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

34



Demografía.

O GALP Costa Sostible distribúe a súa poboación de forma desigual ao longo da traza costeira, aínda que a maioría da poboación aséntase na subárea sur, no interior da Ría de Muros e Noia.

Poboación e distribución territorial

Porto do Son e Muros reúnen como concellos a unha fracción tamén importante da poboación total, pero no seu interior existe máis dun núcleo de poboación importante e, ademais, unha diversidade de núcleos menores e de poboación diseminada.

Táboa 9. Poboación. Porcentaxe de poboación. Superficie e densidade de poboación. 2014.

Concello	Poboación	Porcentaxe de poboación	Superficie de Km	Densidade de poboación
Noia	14.571	23,6%	37,2	391,7
Porto do Son	9.571	15,5%	94,6	101,2
Muros	9.117	14,7%	72,9	125,1
Cee	7.760	12,6%	57,5	135,0
Outes	6.804	11,0%	99,7	68,2
Fisterra	4.824	7,8%	29,4	164,1
Carnota	4.376	7,1%	70,9	61,7
Dumbría	3.137	5,1%	125,2	25,1
Corcubiión	1.672	2,7%	6,5	257,2
GALP	61.832	100,0%	593,9	104,1
Galicia	2.748.695		29.574,8	92,9

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE

Os principais núcleos urbanos da área son Noia (8.300 habitantes), Cee (3.800), Fisterra (2.800), Muros (2.500), Porto do Son (2.200), Esteiro (2.000) e Corcubiión (1.500), segundo datos do Nomenclátor de poboación do ano 2014. A vila de Noia devén o principal centro demográfico e económico da área, e só o binomio Cee-Corcubiión, con algo máis de 5.000 habitantes conxuntos, se lle achega en dimensión.


A zona máis deshabitada é a do concello de Dumbría, debido ao deserto demográfico que representa a súa zona de transición entre costa e interior.

Pero quizais a nota máis característica do GALP Costa Sostible sexa a súa dispersión poboacional. Existe polo menos un núcleo con máis de 1.000 habitantes en cada tramo de 10 Km lineais de costa. Esta dispersión é ademais diseminada, alternándose núcleos máis ou menos illados ou individualizados con tramos de costa sen poboación. Os únicos lugares onde existe un continuo habitacional é no concello de Noia e no sector oriental e litoral do de Porto de Son, que posúen unha das maiores densidades de lugares habitados por Km² de toda Galicia.

A densidade de poboación no conxunto do GALP (104 hab./Km²) é superior en aproximadamente un 10% ás medias galega e española (93 e 91 hab./Km²), aínda que significativamente inferior á da provincia da Coruña (143 hab./Km²).



Gráfico 1. Distribución da poboación segundo concellos do GALP. 2014



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE. 2014

En perspectiva evolutiva, o GALP Costa Sostible inclúe un territorio demograficamente regresivo. No período de 15 anos que van de 1999 a 2013 perdeu practicamente o 10% da súa poboación. Só os concellos de Cee (+6%) e Noia (+2%) incrementaron os seus habitantes.

Pola contra, Dumbría (-30%) e Carnota (-23%) rexistran o peor comportamento e representan a tónica evolutiva dos territorios costeiros máis periféricos de Galicia. Computaron igualmente perdas de poboación superiores á media do GALP os concellos de Outes (-19%), fundamentalmente pola atracción que exerceu Noia trala construción da primeira das pontes modernas que cruzaron o esteiro do Tambre (existía previamente a ponte medieval de Don Afonso); e tamén as históricas vilas mariñeiras de Muros e Corcubión (-13/14%).

Táboa 10. Evolución da poboación entre 1999 e 2013.

	1999	2013	Evolución 1999-2013
Cee	7.352	7.808	6,2%
Corcubión	1.929	1.654	-14,3%
Dumbría	4.611	3.216	-30,3%
Fisterra	5.295	4.907	-7,3%
Carnota	5.864	4.504	-23,2%
Muros	10.670	9.281	-13,0%
Noia	14.420	14.659	1,7%
Outes	8.739	7.010	-19,8%
Porto do Son	10.376	9.613	-7,4%
GALP Costa Sostible	69.256	62.652	-9,5%
Galicia	2.730.337	2.765.940	1,3%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

A conclusión primeira que se deriva destes datos é que o sector central do GALP, precisamente o situado entre rías e máis afastado dos principais eixos de comunicación que, desde os extremos do GALP, conectan esta zona co resto de Galicia, é o que vén experimentando na última década e media unha situación socioeconómica máis delicada.

Se nos centramos na evolución demográfica máis recente, entre 2007 e 2014, o ritmo anual de perda de poboación agravouse lixeiramente, aínda que non tanto como no conxunto de Galicia. Cee é o único concello que nos anos de recesión logrou incrementar a poboación, período no que por exemplo Noia volveu perder habitantes cando antes os gañaba. Porén, ambos empeoran a súa evolución demográfica despois de 2007. En cambio, son os concellos que máis habitantes perdían até 2007 os que, en comparación ou en termos relativos, lograron suavizar o declive demográfico durante a crise. Os concellos de Dumbría, Carnota e Outes, probablemente co retorno de emigrantes provocado pola crise económica no resto de Galicia e de España, lograron taxas de variación media anual acumulativa inferiores ás dos anos previos, aínda que seguen en números negativos e en declive.

Táboa 11. Evolución da poboación entre 2007 e 2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-2014
Carnota	5.017	4.958	4.938	4.904	4.834	4.605	4.504	4.376	-12,8%
Cee	7.555	7.691	7.712	7.818	7.898	7.855	7.808	7.760	2,7%
Corcubión	1.887	1.822	1.815	1.803	1.767	1.731	1.654	1.672	-11,4%
Dumbría	3.890	3.820	3.751	3.705	3.652	3.291	3.216	3.137	-19,4%
Fisterra	4.971	4.959	5.005	4.995	4.983	4.990	4.907	4.824	-3,0%
Muros	9.931	9.823	9.787	9.704	9.565	9.437	9.281	9.117	-8,2%
Noia	14.808	14.875	14.970	14.947	14.876	14.757	14.659	14.571	-1,6%
Outes	7.681	7.547	7.425	7.313	7.243	7.192	7.010	6.804	-11,4%
Porto do Son	9.899	9.845	9.867	9.873	9.847	9.699	9.613	9.571	-3,3%
GALP	65.639	65.340	65.270	65.062	64.665	63.557	62.652	61.832	-5,8%
Galicia	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	-0,9%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE


Este declive demográfico non é recente e vén producíndose desde hai décadas. É ben coñecida a importancia dos continxentes demográficos que proveniente dos concellos da Costa da Morte poboaron boa parte dos barrios *desarrollistas* da cidade da Coruña nos anos 70, nomeadamente na Agra do Orzán. De maneira máis recente, o mesmo aconteceu coas novas xeracións e o novo barrio residencial de Novo Mesoiro, confirmando que a subárea norte continúa a ter como referencia urbana a capital provincial antes que a capital galega.

A diferenza de por exemplo a zona da Mariña Lucense, esta zona rodea a unha serie de concellos do interior da provincia da Coruña que a pesar da súa orientación produtiva agrogandeira declinante son relativamente novos en poboación, o que abriría á posibilidade de chegada de novos continxentes humanos nas próximas décadas se a mesma fora capaz de xerar un desenvolvemento económico endógeno.

A unión destes concellos e destas subáreas territoriais dentro do mesmo GALP xustifícase pola súa diferenza a respecto das Rías Baixas en canto a nivel de urbanización e desenvolvemento económico, aínda que tamén a distinguen notas culturais, orográficas e climáticas, por exemplo. A súa maior pexa no plano territorial é a vertebración do tramo de costa central, intermedio entre as dúas rías, que pola súa situación xeográfica e a escasa permeabilidade cara ao interior ve ligada a súa proxección aos concellos adxacentes polo litoral.




Gráfico 2. Distribución da poboación por xénero e idade. Territorio do GALP. 2014.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Gráfico 3. Distribución da poboación por xénero e idade. Galicia. 2014.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Táboa 12. Distribución da poboación por xénero e idade. Comparativa en números. Territorio do GALP e Galicia. 2014.


Demarcación	Menos de 16		De 16 a 64		Máis de 64	
	Homes	Mullers	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cee	6,3%	6,2%	31,4%	32,4%	10,2%	13,5%
Corcubián	6,3%	4,7%	33,3%	32,3%	9,6%	13,8%
Dumbría	4,1%	4,4%	30,9%	30,5%	13,1%	17,0%
Fisterra	6,3%	5,4%	33,5%	31,2%	10,8%	12,8%
Carnota	4,5%	3,5%	29,0%	28,0%	14,6%	20,5%
Muros	5,3%	5,2%	31,2%	29,8%	11,8%	16,7%
Noia	5,8%	6,3%	32,0%	32,2%	10,1%	13,6%
Outes	4,7%	3,8%	29,7%	28,7%	13,4%	19,7%
Porto do Son	6,5%	6,2%	32,7%	30,2%	10,6%	13,9%
GALP Costa Sostible	5,7%	5,4%	31,5%	30,7%	11,3%	15,4%
Galicia	6,5%	6,1%	31,8%	32,0%	9,9%	13,6%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

A tendencia demográfica do GALP Costa Sostible reflicte por tanto un fotografía en negativo. Consecuencia da acumulación deste declive na estrutura da poboación por sexos apréciase non só un envellecemento da pirámide poboacional senón, tamén, unha taxa de femineidade relativamente baixa entre a poboación en idade de traballar, así como unha proporción de poboación infantil e xuvenil minguante.




Gráfico 4. Pirámides de poboación do GALP. 2014.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Gráfico 5. Pirámides de poboación de Galicia. 2014.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Táboa 13. Datos poboacionais por xénero no GALP e Galicia. 2014.

		GALP	Galicia
Homes	0-4	975	55178
	05-09	1167	58360
	10-14	1141	54889
	15-19	1197	53665
	20-24	1523	63596
	25-29	1679	74296
	30-34	2093	97827
	35-39	2291	114809
	40-44	2319	108252
	45-49	2248	103407
	50-54	2244	97721
	55-59	2137	89198
	60-64	1984	81457
	65-69	2157	78687
	70-74	1681	60836
	75-79	1426	55808
80-84	1058	44469	
	85 e máis	682	33202
Mulleres	0-4	913	51664
	05-09	1118	55241
	10-14	1098	51839
	15-19	1136	50784
	20-24	1429	60931
	25-29	1627	73192
	30-34	1980	96037
	35-39	2154	113641
	40-44	2159	108668
	45-49	2334	105362
	50-54	2186	100443
	55-59	2144	93406
	60-64	2054	86787
	65-69	2316	87483
	70-74	1853	72690
	75-79	1925	75176
80-84	1738	69011	
	85 e máis	1666	70683

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE



Táboa 14. Distribución porcentual da poboación por xénero e idade. 2014.

	Menos de 16		De 16 a 64		Máis de 64	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cee	6,3%	6,2%	31,4%	32,4%	10,2%	13,5%
Corcubión	6,3%	4,7%	33,3%	32,3%	9,6%	13,8%
Dumbría	4,1%	4,4%	30,9%	30,5%	13,1%	17,0%
Fisterra	6,3%	5,4%	33,5%	31,2%	10,8%	12,8%
Carnota	4,5%	3,5%	29,0%	28,0%	14,6%	20,5%
Muros	5,3%	5,2%	31,2%	29,8%	11,8%	16,7%
Noia	5,8%	6,3%	32,0%	32,2%	10,1%	13,6%
Outes	4,7%	3,8%	29,7%	28,7%	13,4%	19,7%
Porto do Son	6,5%	6,2%	32,7%	30,2%	10,6%	13,9%
GALP	5,7%	5,4%	31,5%	30,7%	11,3%	15,4%
Galicia	6,5%	6,1%	31,8%	32,0%	9,9%	13,6%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Os datos municipais amosan diferenzas notables por concellos. Dumbría, Carnota e Outes son os concellos máis envellecidos, aínda que se aprecia que Muros non se sitúa moi lonxe, o que reafirma a idea sobre a posición de desvantaxe que sofre todo o sector central do GALP Costa Sostible.

En sentido contrario, os concellos con proporcións de poboación infantil e xuvenil máis elevadas coinciden con aqueles nos que en maior medida proliferou a construción residencial durante a burbulla inmobiliaria (Cee, Fisterra e Porto do Son), aos que se lle suma Corcubión, caracterizado máis polo seu papel histórico e riqueza patrimonial, onde se acometen desde hai anos destacadas rehabilitacións de edificios antigos.

Análise de evolución, envellecemento, densidade, dependencia, etc.

O GALP Costa Sostible presenta un índice de envellecemento do 182%, notablemente superior á media galega do 146%, e un índice de recambio da poboación activa do 170%, tamén máis elevado que o 158% análogo para Galicia. O índice de dependencia global do GALP Costa Sostible non difire tanto dos parámetros galegos porque a escaseza de poboación xuvenil axuda a reducir o valor global.

Táboa 15. Indicadores de poboación en 2013.

	Índice de envellecemento	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil	Índice de recambio da poboación en idade activa
Cee	141,8	52,8	18,3	34,5	156,4
Corcubión	163,5	50,0	15,0	35,1	146,2
Dumbría	243,1	55,3	11,3	43,9	175,9
Fisterra	148,7	50,9	16,3	34,6	143,9
Carnota	347,6	69,6	11,6	58,0	260,5
Muros	211,1	60,4	15,2	45,2	179,8
Noia	146,2	51,9	17,4	34,4	157,9
Outes	282,5	68,1	13,5	54,6	212,5
Porto do Son	155,5	54,2	17,1	37,2	137,4
GALP	182,3	57,1	16,2	40,9	170,5
Galicia	146,1	53,9	18,3	35,6	157,7

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.

En perspectiva evolutiva, se durante os anos de recesión o índice de envellecemento aumentou en Galicia 12 puntos, no conxunto do GALP o incremento foi de 38 puntos. A evolución dos indicadores demográficos nos últimos anos é moito máis negativa que no conxunto de Galicia, o que revela que nos atopamos ante unha zona netamente deprimida.

Dentro da área, os xa citados concellos de Carnota, Dumbría e Outes son os que presentan os índices que máis convidan ao pesimismo en canto ás perspectivas demográficas a medio prazo.

Táboa 16. Evolución do índice de envellecemento. 2007-2013.

	2007	2013
Cee	113,6	141,8
Corcubión	125,4	163,5
Dumbría	163,9	243,1
Fisterra	109,8	148,7
Carnota	270,8	347,6
Muros	157,0	211,1
Noia	115,2	146,2
Outes	232,0	282,5
Porto do Son	128,0	155,5
GALP Costa Sostible	144,2	182,3
Galicia	134,2	146,1

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.



Movement natural da poboación.

O ámbito do GALP Costa Sostible posúe unha taxa de natalidade moi baixa, con 6,3 nacementos por mil habitantes de media nos últimos anos.

Os datos municipais amosan taxas de natalidade parellas en case todos os concellos, aínda que as diferenzas responden claramente aos diferentes graos de dinamismo socioeconómico xa comentados: Cee, Noia e Porto do Son lideran a clasificación cunha taxa superior a 7,5 e Outes, Dumbría e Carnota péchana con con valores inferiores a 5.

44

No que respecta á taxa de mortalidade o GALP Costa Sostible tamén se sitúa á cola das áreas costeiras galegas, cunha taxa media superior á media de Galicia: 11,4 por 10,8 defuncións por cada mil habitantes.

A xerarquía de concellos en función destoutra taxa vai en paralelo á da natalidade. Os mesmo concellos que rexistran menos nacementos contabilizan máis pasamentos, e viceversa. A única excepción é Fisterra, que malia a ter unha taxa de natalidade media-baixa posúe a segunda taxa de mortalidade máis baixa, o que o define como un concello relativamente novo no demográfico que só en épocas recentes perdeu dinamismo demográfico.

Táboa 17. Evolución da taxa de natalidade. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Carnota	3,6	4,4	6,7	4,5	3,1	4,8	2,4
Cee	8,5	7,7	8,4	8,1	7,2	6,4	7,7
Corcubión	4,8	6,6	7,7	7,2	6,2	4,6	10,3
Dumbría	5,7	3,7	3,7	3,2	4,7	5,5	3,4
Fisterra	7,2	8,7	6,0	6,2	4,6	4,0	5,1
Muros	5,9	5,8	6,5	4,2	5,9	5,2	5,9
Noia	7,7	7,6	8,4	7,3	6,5	7,5	6,5
Outes	3,3	5,7	4,8	5,6	4,8	5,1	5,1
Porto do Son	7,9	8,7	6,5	7,5	6,4	7,7	7,5
GALP	6,5	6,9	6,8	6,2	5,8	6,1	6,1
Galicia	7,8	8,3	8,1	7,9	7,7	7,6	7,1

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

Táboa 18. Evolución da taxa de mortalidade. En tantos por mil.


	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Carnota	14,4	14,1	14,0	13,5	15,3	16,1	15,5
Cee	10,6	10,1	12,2	6,9	9,5	10,3	8,2
Corcubión	10,1	11,0	9,9	11,6	13,6	8,1	8,5
Dumbría	10,5	9,4	13,6	12,1	10,1	14,9	12,7
Fisterra	9,9	11,7	7,4	10,0	8,8	8,4	10,8
Muros	11,4	13,0	11,4	11,7	10,6	12,3	11,6
Noia	9,4	9,9	10,6	10,8	10,6	11,2	10,5
Outes	13,0	15,4	15,2	15,2	14,2	13,2	15,4
Porto do Son	11,0	10,3	10,7	10,7	11,2	9,7	12,5
GALP	11,0	11,5	11,6	11,2	11,2	11,5	11,7
Galicia	10,9	10,6	10,8	10,6	10,7	11,1	11,0

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

A diferenza entre ambos indicadores, natalidade e mortalidade, dáanos a fotografía do saldo vexetativo municipal. O rexistro do GALP é negativo (-5 por mil), que é unha cifra inferior á media galega (-3 por mil), o que a converte na área costeira máis regresiva de Galicia.

Dado o paralelismo nos indicadores, o saldo municipal reproduce o esquema de concellos xa sinalado. Cabe sinalar que case todos teñen un saldo negativo, sendo Corcubiión e Cee os únicos cunha taxa mellor que a media galega. Corcubiión, Cee, Fisterra, Noia e Porto do Son posúen saldos mellores que a media do GALP, e o resto dos concellos, peores.

Gráfico 6. Evolución da taxa de crecemento vexetativo no GAC 4/GALP Costa Sositible. 2007-2013.



Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

Táboa 19. Evolución do taxa de crecemento vexetativo segundo concellos. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Carnota	-10,8	-9,7	-7,3	-9,0	-12,2	-11,3	-13,1
Cee	-2,1	-2,5	-3,8	1,2	-2,3	-3,9	-0,5
Corcubiión	-5,3	-4,4	-2,2	-4,4	-7,4	-3,5	1,8
Dumbría	-4,9	-5,8	-9,9	-8,9	-5,5	-9,4	-9,3
Fisterra	-2,6	-3,0	-1,4	-3,8	-4,2	-4,4	-5,7
Muros	-5,4	-7,2	-4,9	-7,5	-4,7	-7,1	-5,7
Noia	-1,7	-2,3	-2,2	-3,5	-4,1	-3,7	-4,0
Outes	-9,8	-9,7	-10,4	-9,6	-9,4	-8,1	-10,3
Porto do Son	-3,1	-1,5	-4,3	-3,2	-4,8	-2,0	-5,0
GALP	-4,5	-4,7	-4,8	-4,9	-5,4	-5,4	-5,6
Galicia	-3,0	-2,3	-2,7	-2,8	-3,0	-3,5	-3,9

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

A evolución do saldo vexetativo negativo do GALP estabilízase no último tramo da recesión económica, a partir de 2011, diminuíndo o *gap* que a separa da taxa media galega.



Poboación estranxeira e movementos migratorios.

O GALP Costa Sostible caracterízase por ser un dos dous que conta con menos poboación estranxeira. O seu peso é 1,3% da poboación total, case 3 veces menos que a porcentaxe media que se rexistra en Galicia, que é do 3,6%.

Esta porcentaxe baixa é coherente co escaso dinamismo económico que historicamente caracterizou esta área da costa, nota distintiva que non abandonou sequera na etapa de crecemento económico máis recente, até 2008. Foron limitadísimos os continxentes de persoas estranxeiras que chegaron a estes concellos.

46

En ningún municipio a porcentaxe de poboación estranxeira supera o 2%, e ó se sitúa por riba do 1% nos concellos máis novos e populosos: Noia, Porto do Son, Cee e Fisterra.

Táboa 20. Poboación total, poboación estranxeira e porcentaxe de estranxeiros. 2014.

	Poboación	Estranxeiros	Porcentaxe
Cee	7.760	124	1,6%
Corcubión	1.672	15	0,9%
Dumbría	3.137	2	0,1%
Fisterra	4.824	72	1,5%
Carnota	4.376	27	0,6%
Muros	9.117	77	0,8%
Noia	14.571	255	1,8%
Outes	6.804	66	1,0%
Porto do Son	9.571	137	1,4%
GALP Costa Sostible	61.832	775	1,3%
Galicia	2.748.695	98.245	3,6%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Consecuencia lóxica da falta de atracción poboacional o GALP posúe unha taxa inmigratoria inferior á media galega, tanto se ollamos o dato do ano 2007, antes da recesión, como o do 2013, despois da mesma.

Nestes fluxos de entrada posúen máis peso os procedentes doutros concellos de Galicia que os orixinarios fóra dela, case o dobre.

Por concellos, só Cee e ultimamente Corcubión superan a taxa de inmigración media do GALP, converténdose en pólos de atracción interna. Pola contra, Noia ou Fisterra, que antes da crise presentaban fluxos de entrada superiores á media, colócanse por baixo ao final do período.

Táboa 21. Evolución da Taxa de inmigración. En tantos por mil.

	2007			2013		
	Inmigración interna	Inmigración externa	Total inmigración	Inmigración interna	Inmigración externa	Total inmigración
Carnota	7,6	14,6	22,1	12,4	8,4	20,9
Cee	24,4	18,5	42,9	25,4	10,4	35,7
Corcubión	19,6	14,8	34,4	32,0	8,5	40,5
Dumbría	12,9	5,1	18,0	12,4	5,9	18,3
Fisterra	15,1	16,5	31,6	13,5	10,0	23,4
Muros	10,9	17,7	28,6	9,4	8,4	17,8
Noia	20,9	14,7	35,7	20,5	8,0	28,5
Outes	12,9	11,2	24,1	10,4	6,7	17,1
Porto do Son	14,6	12,5	27,2	21,5	7,9	29,4
GALP	15,9	14,4	30,4	17,2	8,3	25,5
Galicia	23,5	17,2	40,8	21,7	10,1	31,8

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Durante o mesmo período de crise económica os fluxos emigratorios ou de saída foron equiparables en magnitude aos rexistrados no conxunto de Galicia e das áreas costeiras. Mais o relevante é que, no ámbito do GALP Costa Sostible, superaron aos fluxos inmigratorios ou de entrada, o que se traduce nun saldo migratorio negativo.

Este comportamento adverso rexistrábase tanto en 2007, ao comezo da crise, como seis anos despois. O único cambio perceptible co percorrer do tempo é a acentuación da emigración externa e detrimento da interna.

As taxas de emigración máis elevadas rexístranas os concellos da subárea norte (Fisterra, Cee, Corcubión), pero aqueles que en perspectiva dinámica máis aceleraron as súas saídas foron os da Ría de Muros e Noia (en especial Outes e Porto do Son).

A suma dos fluxos migratorios de distinto signo ofrécenos un saldo migratorio substancialmente negativo no conxunto do GALP ao termo do período 2007-2013. A área rexistra unha taxa de -5,4 persoas por cada mil habitantes, cando a media galega é de -1,0.

A evolución do saldo migratorio do GALP durante a recesión amosa un comportamento moi variable pero que sempre foi peor que a media galega, con valores positivos ao comezo do período e negativos ao final, que marcan unha tendencia claramente decrecente nos dous ámbitos comparados.


O único concello con saldo migratorio medio substancialmente positivo durante o período de recesión é Cee. Polo lado oposto, destaca a magnitude negativa dos concellos centrais: Carnota, Muros, Outes e sobre todo Dumbría.



Táboa 22. Evolución da taxa de saldo migratorio por concellos. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Cee	14,6	8,7	24,5	17,3	-0,4	3,5	-6,4
Corcubión	-7,3	0,0	-0,5	-3,8	-0,3	-0,8	-1,0
Dumbría	-27,0	-12,6	-1,1	-12,2	-31,7	1,2	-18,1
Fisterra	6,4	12,6	0,8	0,5	14,0	-3,0	-19,6
Carnota	-2,4	3,0	0,2	-3,4	-19,9	-3,4	-4,3
Muros	-4,1	3,7	-2,4	-5,3	-4,1	-2,5	-9,4
Noia	5,3	7,3	0,6	1,2	-1,9	1,3	-2,3
Outes	-8,3	-4,0	-6,9	-5,9	-3,3	-4,3	-12,4
Porto do Son	-6,1	6,3	5,7	-1,3	-7,3	-1,3	1,9
GALP	-1,6	4,0	1,7	-1,1	-4,2	-1,0	-5,4
Galicia	7,1	6,4	3,8	2,4	1,7	0,4	-1,0

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Gráfico 7. Evolución da taxa de saldo migratorio en Galicia e GAC 4/ GALP
En tantos por mil.

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Centros de ensino e nivel de estudos.

No territorio do GALP Costa Sostible cóntanse 49 centros de ensino. Deles, 5 son de natureza privada concertada, un 10%, porcentaxe inferior á media galega do 23%.

Porto do Son conta con 11 centros, Noia e Muros con 8 e Cee con 7. Intúese que o número vai en paralelo non só ao tamaño demográfico senón tamén ao grao de dispersión no hábitat (Porto do Son).

Os centros privados: localízanse 3 en Noia e 1 en Cee e Fisterra. Esta distribución segue o tamaño poboacional e a antigüidade na dotación de equipamentos educativos.

Táboa 23. Número de centros de ensino segundo tipo de titularidade. 2015

	Pública	Privada	Total
Carnota	6	0	6
Cee	6	1	7
Corcubiión	1	0	1
Dumbría	1	0	1
Fisterra	3	1	4
Muros	8	0	8
Noia	5	3	8
Outes	3	0	3
Porto do Son	11	0	11
GALP Costa Sostible	44	5	49
Galicia	1267	385	1652


Fonte: Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura.

O GALP Costa Sostible caracterízase por posuír unha baixa proporción de persoas universitarias comparado con outras zonas costeiras de Galicia. A poboación universitaria ten un peso aquí de só o 60% da media galega. A consecuencia disto é clara: maior peso das persoas con estudos secundarios e primarios, fundamentalmente destes últimos.

A distribución interna por concellos sinala tamén enormes diferenzas. Os únicos municipios que contan con taxas de poboación universitaria equivalentes á media galega son Cee e Noia.

No que respecta á taxa de feminidade da poboación universitaria, salientan os concellos de Dumbría e Outes, nos que apenas atopamos homes universitarios.

Gráfico 8. Nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos. 2011.



Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.



Táboa 24. Nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos segundo xénero. 2011.

	Analfabetos		Sen estudos		Primeiro grao		Segundo grao		Terceiro grao	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Carnota	0,1%	0,5%	4,2%	10,3%	10,5%	14,2%	29,6%	23,3%	3,3%	4,1%
Cee	0,1%	1,3%	5,9%	8,3%	10,2%	11,8%	27,5%	23,7%	4,7%	6,6%
Corcubión	0,0%	1,0%	4,5%	7,8%	9,1%	11,3%	27,2%	24,9%	7,4%	6,5%
Dumbría	0,0%	2,7%	3,2%	5,5%	18,8%	12,9%	25,0%	23,7%	0,2%	8,2%
Fisterra	1,3%	2,7%	5,6%	9,1%	13,8%	9,2%	28,7%	25,0%	2,0%	2,7%
Muros	0,4%	1,7%	5,7%	10,2%	9,4%	9,6%	29,6%	24,9%	3,1%	5,5%
Noia	0,2%	1,1%	3,4%	6,0%	8,4%	8,7%	30,0%	29,3%	6,3%	6,5%
Outes	1,1%	1,0%	9,0%	15,2%	11,2%	10,4%	23,7%	20,6%	1,9%	5,9%
Porto Son	0,1%	2,1%	4,9%	8,6%	13,4%	8,9%	28,4%	25,7%	3,1%	4,7%
GALP	0,4%	1,5%	5,2%	9,0%	11,0%	10,2%	28,2%	25,2%	3,8%	5,6%
Galicia	0,4%	1,0%	4,3%	7,2%	8,1%	8,9%	28,4%	25,7%	6,6%	9,3%

Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

Táboa 25. Nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos. 2011.

Datos relativos aos diferentes GAC/GALP

	Analfabetos		Sin estudios		Primer grado		Segundo grado		Tercer grado	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
GAC 1	0,6%	1,2%	4,9%	8,7%	8,9%	8,6%	29,8%	25,9%	4,6%	6,8%
GAC 4	0,4%	1,5%	5,2%	9,0%	11,0%	10,2%	28,2%	25,2%	3,8%	5,6%
GAC 5	0,4%	1,0%	4,2%	7,4%	9,3%	8,7%	28,4%	26,1%	4,6%	6,6%
GAC 6	0,5%	1,3%	5,1%	8,8%	8,9%	8,5%	29,4%	24,4%	5,1%	7,9%
GAC 7	0,5%	1,1%	4,1%	6,9%	8,3%	8,6%	30,6%	27,7%	5,4%	6,7%

Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

Benestar.

O GALP Costa Sostible posúen un indicador sanitario superior á media galega. No seu territorio exercen 66 médicos xerais de atención primaria, o que supón unha taxa de 1,05 por cada mil habitantes, cando no conxunto de Galicia o mesmo indicador é de 0,94.

Táboa 26. Número de médicos xerais en atención primaria e proporción por cada 1.000 habitantes. 2013.

	Número	Número de médicos/1000 habitantes
Carnota	4	0,89
Cee	12	1,54
Corcubión	1	0,60
Dumbría	3	0,93
Fisterra	3	0,61
Muros	13	1,40
Noia	19	1,30
Outes	5	0,71
Porto do Son	6	0,62
GALP Costa Sostible	66	1,05
Galicia	2.600	0,94

Fonte: Servizo Galego de Saúde. 2013

Os mellores indicadores rexístranse en Cee, que posúe un hospital comarcal, Muros e Noia. Esta distribución xeográfica sinala a este concellos como centros de referencia para outros concellos próximos con taxas inferiores.

O número de persoas pensionistas no ámbito do GALP Costa Sostible ascende a case 17.000 persoas. A súa distribución por concellos segue as pautas normais de tamaño poboacional e grao de envellecemento.

O 46% dos pensionistas son mulleres, o que significa unha proporción inferior en 4 puntos á media galega. Nesta área, por tanto, o dato é particularmente baixo.

Todos os concellos se moven en cifras de entre o 45% e o 52% de mulleres, con excepción do de Fisterra, onde a súa importancia se reduce ao 38%, un valor excepcionalmente reducido que tamén se reporta en portos pesqueiros doutros GAC/GALP como o de Ribeira, e que sinala nestes lugares como as mulleres se mantiveron afastadas dos sistemas de contribución social.

Táboa 27. Número de pensionistas segundo xénero. 2013.

	Homes	Mulleres	Total
Cee	965	818	1.783
Corcubión	196	181	377
Dumbría	518	485	1.003
Fisterra	768	474	1.242
Carnota	805	813	1.618
Muros	1.445	1.170	2.615
Noia	1.916	1.563	3.479
Outes	1.044	1.094	2.138
Porto do Son	1.387	1.162	2.549
GALP Costa Sostible	9.044	7.760	16.804
Galicia	323.306	323.876	647.182

Fonte: IGE a partir de datos facilitados pola Seguridade Social



Dentro do número total de pensións as de carácter non contributivo representan no GALP unha porcentaxe do 8,1%, sensiblemente superior á media galega do 6,7%.

Neste indicador todos os concellos superan a media galega, en especial o de Fisterra cun 11,4%, coa única excepción de Carnota, onde as pensións non contributivas representan só o 5,5% do total.

Táboa 28. Número de pensións non contributivas segundo tipo. 2013.

	Invalidez	Xubilación	Total
Cee	51	112	163
Corcubión	13	14	27
Dumbría	23	54	77
Fisterra	39	103	142
Carnota	28	61	89
Muros	51	154	205
Noia	89	168	257
Outes	36	170	206
Porto do Son	57	140	197
GALP Costa Sostible	387	976	1.363
Galicia	16.380	27.131	43.511

Fonte: Consellería de Traballo e benestar.

A importancia das pensións de invalidez no conxunto das non contributivas é aquí inferior á media galega. Salientan neste sentido o peso máis elevado das mesmas en Corcubión e o máis baixo en Outes.

Se no ano 2013 a proporción media de beneficiarios da RISGA e da AES era en Galicia do 0,43% da poboación, no territorio do GALP dita presenza da renda de integración social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES) é practicamente testemuñal. Os datos indican que é unha das zonas marítimas cun menor acceso a estas rendas, o cal parece ter que ver cun nivel inferior de formación entre a súa poboación, e contrasta co feito de ser unha zona economicamente deprimida. Probablemente a existencia dunha economía informal ou mergullada elevada axuda a explicar parte desta circunstancia. A porcentaxe redúcese ao 0,11%, isto é, 4 veces menos.

Táboa 29. Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). 2013.

	RISGA	AES	Total
Cee	21	2	23
Corcubión	3	1	4
Dumbría	1	0	1
Fisterra	9	0	9
Carnota	2	1	3
Muros	11	0	11
Noia	3	1	4
Outes	7	1	8
Porto do Son	2	1	3
GALP Costa Sostible	59	7	66
Galicia	9.300	2.653	11.953

Fonte: Consellería de Traballo e benestar.

53

Mercado laboral.

Tipoloxía de contratación e evolución.

Dende antes do inicio da crise que vimos de sufrir recentemente, a destrución de contratos laborais foi moi intensa, superior á doutras áreas do litoral de Galicia. En só dous anos, entre 2007 e 2009, volatilizáronse case o 30% dos contratos rexistrados, cando noutras zonas as caídas foron inferiores ao 25%.


O número de contratos asinados comezou a medrar desde entón, malia a que as cifras do PIB se mantíñan conxeladas ou en números vermellos. Isto implica que a nova contratación non derivou tanto dun crecemento do valor engadido ou das horas de traballo, senón dun despece dos postos de traballo estables en favor dunha maior precariedade e temporalidade.

Esta característica réstalle valor como indicador á estatística do número total de contratos, dado o feito de unha mesma persoa repetir ou encadear múltiples contratos de duracións temporais reducidas ou a tempo parcial.

Se ben é certo que levamos máis de 5 anos encadeados de crecemento da contratación, especialmente intenso no último ano con datos, o 2014, está por ver os efectos reais sobre a mellora das rendas salariais e das condicións medias de vida das persoas.



Gráfico 9. Número de contratos rexistrados no GALP. Evolución 2007-2014.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Noia e Cee, os principais núcleos urbanos, concentraban en 2014 a maior porcentaxe de contratos do GALP, seguidos a distancia polos restantes concellos da Ría de Muros e Noia. No resto do sector septentrional do GALP destaca o reducido número de contratos asinados.

A evolución da contratación durante os anos de crise foi moi diferente en cada concello. Destaca unha evolución moi negativa en Cee, cunha perda de máis do 30% a pesar da reforma laboral, mentres que se tería disparado en Outes, Porto do Son, Dumbría e Muros. Todas estas variacións dependen directamente do sector, empresa e tipo de contrato asinado e non resulta posible atribuírles patróns territoriais de comportamento.

Táboa 30. Número de contratos, porcentaxe relativa e evolución 2007-2014.

	2014	Evolución 2007-2014	Porcentaxe 2014
Cee	1.778	-31,4%	16,8%
Corcubión	206	12,0%	1,9%
Dumbría	438	26,2%	4,1%
Fisterra	610	6,1%	5,7%
Carnota	902	11,6%	8,5%
Muros	1.583	24,8%	14,9%
Noia	2.653	-6,8%	25,0%
Outes	1.110	42,1%	10,5%
Porto do Son	1.329	40,2%	12,5%
GALP Costa Sostible	10.609	2,5%	100,0%
Galicia	786.193	-9,1%	

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No que atinxe aos datos por sexos, a contratación está máis repartida neste GALP que no conxunto de Galicia. A maior parte dos contratos asinados en 2014 corresponde aos homes, aínda que 7 anos antes eran maioría os asinados por mulleres. Durante a recesión económica retrocedeu a contratación feminina mentres aumentou a masculina, dato este último inédito en Galicia. Por concellos, as mulleres seguen acaparando unha maior porcentaxe de contratos que os homes nos concellos de Fisterra, Corcubión e Carnota.

Táboa 31. Distribución porcentual dos contratos por xénero. Evolución 2007-2014.


	2014		Evolución 2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cee	53,9%	46,1%	2,0%	-50,4%
Corcubión	44,7%	55,3%	19,5%	6,5%
Dumbría	57,5%	42,5%	17,8%	39,8%
Fisterra	42,6%	57,4%	-1,5%	12,5%
Carnota	40,7%	59,3%	12,2%	11,2%
Muros	50,5%	49,5%	32,9%	17,5%
Noia	48,2%	51,8%	-9,9%	-3,8%
Outes	59,5%	40,5%	34,6%	54,8%
Porto do Son	59,3%	40,7%	45,4%	33,3%
GALP	51,4%	48,6%	11,9%	-5,9%
Galicia	53,1%	46,9%	-8,5%	-9,7%

55

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

A distribución dos contratos por idades calca a existente no conxunto de Galicia, con predominio dos contratos xuvenís e a persoas de mediana idade a pouca distancia dos primeiros.

Gráfico 10. Distribución dos contratos por idade no GAC \$/GALP Costa Sostible. 2014.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Por concellos Cee, Corcubión e Porto do Son concentran unha maior proporción dos contratos na mocidade, mentres que Dumbría, Fisterra e Muros fan o propio entre os 35 e os 54 anos de idade.



Táboa 32. Distribución dos contratos por idades. 2014.

	De 16 a 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 e máis anos
Cee	52,2%	43,8%	4,0%
Corcubión	54,9%	41,0%	4,1%
Dumbría	41,7%	51,0%	7,3%
Fisterra	40,2%	53,3%	6,5%
Carnota	48,6%	47,1%	4,3%
Muros	42,5%	50,2%	7,3%
Noia	49,7%	44,6%	5,7%
Outes	46,5%	46,8%	6,8%
Porto do Son	57,1%	37,5%	5,4%
GALP Costa Sostible	49,2%	45,0%	5,7%
Galicia	50,6%	44,3%	5,1%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Nos contratos celebrados durante o ano 2014, último da serie e que corresponde ao de maior crecemento, apreciamos unha distribución por tipoloxías moi semellante á existente en Galicia. Porén, a contratación indefinida representa no GALP un 9% cando no resto do país supón só o 5%. Este maior peso dos contratos indefinidos van en detrimento dos contratos de interinidade e dos recollidos baixo o epígrafe 'Outros'. O fenómeno desta maior estabilidade na contratación non é específico do GALP senón que se rexistra tamén en outras zonas como a do GAC/GALP da Mariña-Ortegal. O habitual nas áreas litorais máis urbanas e dinámicas é que o peso da contratación indefinida se iguale coa media galega. Aquí, en cambio, atopámonos que a contratación acentúa o seu carácter dual: móvense poucos contratos e entre os que se asinan o peso dos indefinidos é maior. Dos datos municipais destacamos a elevada proporción de contratos indefinidos en Porto do Son (19%) e a moi baixa de Dumbría e Carnota (<3%) ou de Cee, Fisterra e Corcubión (<7%), concellos estes últimos onde gañan en importancia o resto de contratos, especialmente os de obra e servizo, eventuais, de interinidade e para a formación.

Táboa 33. Distribución dos contratos por tipoloxía. 2014.

	Indefin.	obra ou servizo	Eventual por circ. da produc.	Interin.	En prácticas	Formac.	Outros	Conv. Indefin.
Cee	4,4%	35,3%	37,8%	13,3%	0,4%	3,9%	1,2%	3,6%
Corcubión	5,3%	46,6%	20,9%	16,5%	1,0%	8,3%	0,5%	1,0%
Dumbría	2,5%	79,0%	9,8%	0,9%	0,0%	3,9%	0,5%	3,4%
Fisterra	6,9%	40,0%	43,0%	3,3%	0,3%	3,4%	1,3%	1,8%
Carnota	2,5%	14,9%	73,7%	6,5%	0,0%	0,4%	0,9%	1,0%
Muros	10,0%	38,3%	41,1%	4,4%	0,4%	1,4%	0,8%	3,5%
Noia	10,1%	28,1%	44,0%	10,2%	0,8%	2,6%	1,0%	3,2%
Outes	9,5%	30,3%	51,5%	3,9%	0,1%	1,7%	1,5%	1,4%
Porto do Son	19,9%	42,2%	29,6%	3,1%	0,2%	2,3%	1,1%	1,7%
GALP Costa S.	9,1%	34,8%	42,1%	7,3%	0,4%	2,5%	1,0%	2,7%
Galicia	5,0%	35,3%	42,2%	10,2%	0,5%	1,3%	2,7%	2,8%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Todo isto baséase en datos do ano 2014, pero se atendemos á evolución anual durante o período de recesión económica observamos unha serie de comportamentos diferencias a respecto do que acontece en Galicia.

En primeiro lugar, no ámbito do GALP os contratos aumentaron durante o período, mentres que en Galicia diminuíron. Así, por exemplo os contratos indefinidos case se duplicaron durante o período cando no resto do País reducíronse nun 19%. Tamén os contratos eventuais rexistraron un crecemento de máis do 25% cando en Galicia se mantiveron practicamente constantes. De entre as restantes categorías máis numerosas, o GALP distínguese por unha evolución máis negativa nos contratos de interinidade e máis positiva dos de prácticas.

Táboa 34. Evolución dos contratos por tipoloxía. Evolución 2007-2014.

	GALP Costa S.	Galicia
Indefinido ordinario e fomento do emprego	87,0%	-19,3%
De obra ou servizo	-2,1%	-7,3%
Eventual por circunstancias da produción	26,6%	-1,0%
Interinidade	-39,2%	-6,9%
En prácticas	-16,0%	-48,5%
Para a formación	-26,3%	-22,4%
Outros	-67,1%	-16,6%
Conversións a indefinidos	-43,1%	-55,1%
Total	2,5%	-9,1%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Se falamos da evolución da temporalidade o GALP Costa Sostible viu diminuír a súa taxa entre 2007 e 2014 en case 2 puntos, exactamente o sentido oposto do acontecido no conxunto de Galicia, onde aumentou arredor de 1 punto. Verifícase que este descenso da temporalidade se concentrou exclusivamente no sexo masculino. Por concellos Dumbría posúe as maiores taxas de temporalidade, tanto en 2007 como en 2014. As notas distintivas no mercado laboral deste concello proceden da implantación nos seus terreos das instalacións industriais de Ferroatlántica.

Táboa 35. Evolución da Taxa de temporalidade nos contratos. 2007 e 2014.

	2007			2014		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Cee	94,2%	94,7%	94,0%	94,0%	94,5%	93,6%
Corcubión	93,1%	95,9%	91,0%	97,1%	96,8%	97,9%
Dumbría	97,0%	96,5%	97,7%	97,1%	94,9%	99,0%
Fisterra	92,7%	92,5%	92,8%	93,9%	91,7%	96,4%
Carnota	95,9%	93,6%	97,5%	95,6%	92,7%	98,0%
Muros	92,0%	86,6%	96,7%	91,3%	87,4%	95,8%
Noia	95,7%	95,8%	95,6%	91,7%	90,0%	93,7%
Outes	95,7%	96,8%	93,9%	91,1%	89,2%	93,1%
Porto do Son	95,2%	95,1%	95,2%	91,3%	89,3%	94,5%
GALP Costa S.	94,7%	94,2%	95,1%	92,6%	90,6%	95,0%
Galicia	93,9%	93,5%	94,4%	94,7%	94,8%	94,7%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.



Ao fixármonos no tipo de xornada o GALP Costa Sostible posúe unha maior proporción de contratos fixos descontinuos (2,4% fronte ao 0,5% de media en Galicia), especialmente concentrados nos principais portos (Porto do Son, Muros e Fisterra).

Os contratos a tempo completo e a tempo parcial teñen no ámbito do GALP unha importancia comparable á que teñen en Galicia. As diferenzas aparecen só cando analizamos os datos municipais. Así, os contratos a tempo completo acadan un peso superior á media en Outes, Carnota e Dumbría, os concellos menos dinámicos en xeral. O corolario é que os contratos a tempo parcial predominan nos concellos dinámicos: Corcubión, Cee e Noia, pero tamén en Fisterra.

Táboa 36. Distribución dos contratos por tipo de xornada. 2014.

	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Total
Cee	1.052	708	18	1.778
Corcubión	102	103	1	206
Dumbría	415	23	0	438
Fisterra	234	352	24	610
Carnota	756	146	0	902
Muros	1.074	410	99	1.583
Noia	1.360	1.259	34	2.653
Outes	917	189	4	1.110
Porto do Son	725	533	71	1.329
GALP Costa S.	6.635	3.723	251	10.609
Galicia	494.138	287.855	4.200	786.193

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Mais, en canto ás contratacións, a nota que máis caracteriza ao GALP Costa Sostible é a proliferación de contratos a persoas con baixa cualificación. Os contratos a persoas con estudos primarios ou secundarios, que suman calquera dos dous maiores porcentaxes que os seus valores análogos no conxunto do país. Pola contra os contratos a persoas sen estudos e, en especial, ás persoas universitarias son, neste ámbito, inferiores ás medias galegas.

As diferenzas entre concellos céntranse na distribución dos contratos máis comúns nos niveis de estudos primarios e secundarios. Os maiores desvíos a respecto das porcentaxes medias rexístranse arredor dos principais portos: nos de Porto de Son e Muros prolifera a contratación de persoas con estudos primarios, mentres que no de Fisterra predominan os de formación secundaria.

Táboa 37. Distribución dos contratos rexistrados segundo nivel de estudos. 2014.


	Sen estudos	Estudios primarios	Estudios secundarios	Estudios superiores	Sen clasificar	Total
Cee	41	200	1.397	139	1	1.778
Corcubión	41	15	140	10	0	206
Dumbría	4	157	246	31	0	438
Fisterra	27	89	467	26	1	610
Carnota	7	70	798	26	1	902
Muros	9	715	789	70	0	1.583
Noia	130	504	1.810	203	6	2.653
Outes	23	150	876	60	1	1.110
Porto do Son	16	611	645	56	1	1.329
GALP Costa S.	298	2.511	7.168	621	11	10.609
Galicia	38.815	144.524	503.809	97.844	1.201	786.193

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Por último, se falamos de sectores de actividade económica, é onde o GALP presenta os seus valores máis característicos.

Os sectores primarios, agricultura e pesca, reúnen aquí 6 veces máis contratos que na media do país (18% fronte a 3%), sendo a área onde acadan maior importancia relativa. Esta cifra acádase a custa de rebaxar a importancia relativa da industria (10% fronte a 14%) e, sobre todo, dos servizos (63% fronte a 77%), xa que no relativo á construción tamén se verifica nesta zona unha importancia superior á media galega (9% fronte a 6%).

Gráfico 11. Distribución dos contratos segundo sector de actividade no GALP. 2014.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No ano 2014 era o concello de Carnota quen lideraba a contratación nos sectores primarios, con case 2 de cada 3 contratos asinados asociados a esta orientación produtiva. Mais, deixando á marxe esta porcentaxe anormalmente elevada, son os concellos de Muros e Porto do Son os que máis contratos xuntan nestes sectores, ambos por riba da media do GALP.

Nese mesmo exercicio económico, Muros e Cee destacaron na contratación do sector industrial, e Dumbría no da construción, mentres que Corcubión e Fisterra facían o mesmo no ámbito sectorial dos servizos.



Táboa 38. Distribución dos contratos segundo sector de actividade. 2014.

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Cee	62	355	173	1188	1778
Corcubión	2	8	16	180	206
Dumbría	15	14	121	288	438
Fisterra	85	4	25	496	610
Carnota	603	40	31	228	902
Muros	361	348	88	786	1583
Noia	347	133	203	1970	2653
Outes	98	79	126	807	1110
Porto do Son	316	101	158	754	1329
GALP Costa S.	1889	1082	941	6697	10609
Galicia	25691	108953	47393	604156	786193

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Poboación laboral activa e desempregada.

O GALP Costa Sostible caracterízase por un mercado laboral máis estable que o do resto de zonas costeiras de Galicia. A iso axudan un escaso dinamismo demográfico, a súa situación económica deprimida, a emigración xuvenil ou a economía á marxe dos circuitos do mercado.

A evolución do paro rexistrado durante o período de recesión económica 2007-2014 supuxo naturalmente un incremento do número de persoas en situación administrativa de desemprego: aproximadamente un 43% máis en 7 anos. Mais este crecemento é moi inferior ao 71% rexistrado de media en Galicia, e máis aínda se o comparamos cos incrementos de até o 90% rexistrados nalgunha outra área litoral.

Nos concellos do GALP esta evolución xeral negativa, máis contida que no resto do País, tiveron repercusións diferentes. Así, Noia, Dumbría e Carnota rexistran incrementos superiores á media do GALP, crecementos que en todo caso son sempre inferiores aos galegos. Pola contra, Muros e Corcubión anotáronse os crecementos do paro máis modestos, inferiores ao 30%. Non parece que as distintas evolucións respondan a un patrón único de tamaño ou dinámica poboacional, nin de localización xeográfica concreta.

Táboa 39. Evolución do paro rexistrado por concellos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Evolución 2007-2014
Cee	568	576	746	755	770	859	855	772	35,9%
Corcubión	107	116	134	136	147	170	156	139	29,9%
Dumbría	200	233	252	294	305	364	342	312	56,0%
Fisterra	322	329	411	451	457	490	467	436	35,4%
Carnota	238	272	346	341	376	407	407	363	52,5%
Muros	545	594	729	710	744	779	782	679	24,6%
Noia	741	824	1.125	1.161	1.171	1.272	1.295	1.181	59,4%
Outes	382	405	520	517	548	594	578	535	40,1%
Porto do Son	463	464	602	668	673	708	740	689	48,8%
GALP Costa S.	3.566	3.813	4.865	5.033	5.191	5.643	5.622	5.106	43,2%
Galicia	150.546	162.512	206.245	226.237	241.323	270.515	276.007	256.960	70,7%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Se desagregamos o comportamento do rexistro do paro en función do xénero, observaremos como dunha situación en 2007 na que o paro era fundamentalmente feminino (62%) pasouse en 2014 a unha situación máis equilibrada (52%). Iso indica que o aumento do paro centrouse fundamentalmente nos homes, e que mentres as mulleres se foron incorporando progresivamente ao mercado laboral cunha formación superior á dos homes, estes, procedentes de sectores de actividade económica con menores esixencias de cualificación, foron ingresando nas ringleiras do paro.


Este comportamento reproducéase en todo Galicia e o GALP Costa Sostible non é unha excepción neste sentido. Si o é, porén, que malia a un crecemento do número de persoas paradas menor que noutras partes, o aumento rexistrado centrouse aquí en maior medida no colectivo masculino, quer pola evolución comentada quer por un maior abandono ou unha menor incorporación ao mercado laboral e ao paro das mulleres.

Táboa 40. Distribución porcentual do paro rexistrado segundo xénero. Evolución 2007-2014.

	2007		2014		2014		2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cee	195	374	341	430	44,2%	55,8%	74,9%	15,0%
Corcubión	40	67	68	71	48,9%	51,1%	70,0%	6,0%
Dumbría	78	122	136	175	43,7%	56,3%	74,4%	43,4%
Fisterra	125	197	189	246	43,4%	56,6%	51,2%	24,9%
Carnota	89	149	173	189	47,8%	52,2%	94,4%	26,8%
Muros	200	345	347	332	51,1%	48,9%	73,5%	-3,8%
Noia	290	450	546	635	46,2%	53,8%	88,3%	41,1%
Outes	153	229	280	255	52,3%	47,7%	83,0%	11,4%
Porto do Son	201	262	356	334	51,6%	48,4%	77,1%	27,5%
GALP Costa S.	1.371	2.195	2.436	2.667	47,7%	52,3%	77,7%	21,5%
Galicia	54.666	95.881	123.212	133.748	47,9%	52,1%	125,4%	39,5%



Gráfico 12. Evolución do paro rexistrado no grupo de poboación feminina no GALP. 2007-2014.




62

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Os datos por concellos indican que a evolución do paro masculino é moito máis homoxénea que a do feminino, pero estas evolucións diferentes no paro feminino produciron ao final do período unha distribución por sexos do paro bastante igualitaria. Así, a situación desigual que había en 2007 na distribución do paro por sexos e concellos deu paso coa crise a unha situación máis parella para todos.

Os datos do paro por grupos de idade revelan que no GALP Costa Sostible hai unha porcentaxe similar de persoas paradas maiores de 45 anos que en Galicia. As cifras municipais apuntan ademais unha realidade dual: maior peso dos parados de maior idade na práctica totalidade dos concellos, excepto nos máis dinámicos ou novos de Cee, Noia e Porto do Son. En calquera caso o maior peso das idades avanzadas no resto de concellos tende a debuxar un gradiente norte-sur polo cal se intúe unha área norte (Ría de Corcubiión) e central (o territorio histórico de Carnota, os actuais concellos de Carnota e Muros) con paro máis envellecido, e un sector meridional (a marxe esquerda da Ría de Muros e Noia) cunha distribución por idades do paro máis próxima da media galega.

Gráfico 13. Paro rexistrado segundo idade. GAC 4/ GALP Costa Sostible e Galicia. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Táboa 41. Paro rexistrado segundo idade por concellos

	Menores de 25 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores de 54 anos
Cee	5,8%	21,5%	27,3%	26,0%	19,2%
Corcubiión	4,3%	17,3%	27,3%	28,8%	22,3%
Dumbría	6,7%	19,9%	24,7%	25,0%	23,7%
Fistera	8,3%	20,6%	22,9%	29,4%	18,8%
Carnota	3,0%	18,2%	23,4%	30,9%	24,8%
Muros	6,3%	20,0%	23,3%	30,0%	20,5%
Noia	5,4%	23,3%	28,6%	24,7%	18,0%
Outes	5,0%	19,6%	23,9%	25,0%	26,5%
Porto do Son	7,4%	25,4%	26,6%	24,2%	16,4%
GALP Costa Sost.	6,0%	21,5%	25,8%	26,6%	20,2%
Galicia	5,9%	21,5%	27,1%	25,1%	20,4%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

En perspectiva evolutiva, entre 2007 e 2014 todos os grupos de idade no ámbito do GALP presentan un crecemento do número de persoas paradas inferior aos datos galegos. O contraste é máis notorio nos colectivos de entre 25 e 55 anos, nos que os incrementos de paro son substancialmente máis pequenos que os que se deron no resto de Galicia. Trátase este do conxunto de idades con maiores taxas de actividade, o que suporía un dato relativamente positivo de non ser pola marcha de moita da poboación activa en procura de traballo noutras latitudes.



Táboa 42. Evolución do paro rexistrado segundo idade. 2007-2014.

	Menores 25 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores 54 anos
Cee	-16,7%	12,9%	54,0%	51,1%	38,3%
Corcubión	-45,5%	0,0%	26,7%	37,9%	40,9%
Dumbría	23,5%	14,8%	20,3%	56,0%	51,0%
Fisterra	2,9%	2,3%	23,5%	77,8%	51,9%
Carnota	-56,0%	8,2%	30,8%	64,7%	66,7%
Muros	-10,4%	0,0%	-8,1%	45,7%	41,8%
Noia	-12,3%	16,5%	55,0%	65,0%	76,7%
Outes	12,5%	34,6%	43,8%	32,7%	25,7%
Porto do Son	-1,9%	29,6%	48,8%	75,8%	88,3%
GALP Costa Sost.	-10,3%	14,6%	34,6%	56,8%	52,3%
Galicia	-4,6%	30,7%	84,5%	89,7%	60,8%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE


Se nos centramos no nivel formativo das persoas paradas predominan as que remataron os estudos secundarios, posuíndo unha importancia idéntica á que se aprecia en Galicia.

As diferenzas entre o paro galego e o do GALP en canto ao nivel de estudos radica nun menor peso das persoas universitarias e un maior peso no das persoas con estudos primarios incompletos ou sen estudos. O GALP posúe, por tanto, un maior peso de parados con baixa formación.

Pero isto non é óbice para que os colectivos que en termos relativos sofren máis o paro sexan os de maior nivel académico. Se consideramos o peso das persoas universitarias na poboación do GALP (aproximadamente o 5%) e o comparamos co peso deste colectivo nas cifras do paro (15%) vemos que a propensión a estar en situación de desemprego é 3 veces maior.

O mesmo acontece coas persoas con estudos secundarios, que representan o 27% da poboación pero representan o 58% do paro. Obviamente existe un vector de idade que coloca ás novas xeracións máis preparadas nunha situación de desvantaxe, pero tamén é evidente que o mercado laboral local non é capaz de dar saída aos continxentes de persoas formadas que xera.

Gráfico 14. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos no GAC 4 / GALP Costa Sostible. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Táboa 43. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos. 2014.

	Analfabetos	Estudios primarios incompletos	Estudios primarios completos	Estudios secundarios	Estudios post-secundarios
Cee	18,0%	13,3%	5,8%	47,0%	15,8%
Corcubión	16,5%	14,4%	7,2%	39,6%	22,3%
Dumbría	27,6%	9,0%	4,8%	46,2%	12,2%
Fisterra	23,6%	13,8%	7,1%	45,4%	9,9%
Carnota	19,3%	10,7%	7,7%	49,0%	13,2%
Muros	21,9%	14,1%	5,9%	43,9%	14,1%
Noia	2,2%	4,5%	5,4%	70,5%	17,4%
Outes	1,9%	5,8%	11,2%	67,1%	13,8%
Porto do Son	1,5%	4,1%	4,8%	75,5%	14,4%
GALP Costa S.	12,1%	9,0%	6,4%	57,7%	14,8%
Galicia	4,2%	7,0%	13,1%	57,5%	18,2%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Esta concentración do problema do paro nos colectivos mellor formados presenta ademais notas territoriais distintivas. As persoas universitarias teñen aínda maiores dificultades para atopar un emprego no sector norte do GALP Costa Sostible, mentres que no sur as dificultades esténdense por igual a persoas con estudos secundarios ou universitarios.


Por actividades económicas, o rexistro oficial de parados dinos que os sectores de procedencia dos parados son os mesmos que se rexistran en Galicia e noutras zonas costeiras: construción, hostalaría, comercio por xunto, industria manufacturera e administración pública ocupan invariablemente as cinco primeiras posicións.

Sinalar que as cifras poñen de relevo a maior importancia da construción fronte ao comercio por xunto, e da Administración fronte á industria manufacturera. Estaríamos entón perante unha zona máis influenciada pola burbulla inmobiliaria



e máis dependente do sector público, con unha relevancia algo menor dos sectores secundario e terciario privados.

Gráfico 15. Distribución do paro rexistrado segundo actividade de procedencia. 2014.



66

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE


Se analizamos a presenza das mulleres no paro procedente das distintas actividades verifícase que no GALP Costa Sostible existe unha forte compoñente de xénero.

As mulleres representan o 95% nas actividades de saúde e servizos sociais ou de traballo doméstico. Son tamén máis de 3/4 no ensino, o que supón unha porcentaxe especialmente alta, nas actividades inmobiliarias, na hostalaría e noutros servizos de carácter netamente persoal. Tamén rondan os 2/3 nos traballos de tipo administrativo, no comercio por xunto e nas actividades profesionais, científicas e técnicas, así como entre as persoas paradas sen emprego anterior.

No lado oposto, os homes representan máis do 75% no sector primario (agro, pesca e industrias extractivas), no transporte e na construción. Tamén predominan os homes nos sectores da enerxía e do saneamento, e no sector da información e a comunicación.

Certificamos deste xeito o vínculo entre desemprego masculino e actividades de baixo nivel formativo, e o existente entre o desemprego feminino e maiores niveis de cualificación.


Gráfico 16. Porcentaxe de mulleres no paro rexistrado segundo actividade de procedencia. 2014



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Ao analizarmos a antigüidade no paro as cifras do GALP son algo menos preocupantes que no conxunto de Galicia, pois existe aquí unha maior proporción de persoas con menos de 6 meses en situación de desemprego, e, ao contrario, unha menor proporción dos que levan máis de 1 ano nesa situación.

Gráfico 17. Paro rexistrado segundo duración do tempo en desemprego no GAC 4 /GALP Costa Sostible. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE



Outes, Carnota, pero tamén Cee, encabezan a lista de concellos onde a permanencia no desemprego é maior, mentres que semella haber unha maior rotación laboral nos municipios de Dumbría, Porto do Son e Noia.

Mentres, segundo o xénero, as mulleres presentes nas listas do paro esperan algo máis máis que os homes até atopar un novo traballo. Isto provoca que, en xeral, a súa duración como desempregadas sexa maior, aínda que existen diferenzas dependendo do concello que analicemos.

Táboa 44. Paro rexistrado segundo duración do tempo de desemprego. 2014.

68


	Menos de 6 meses			Entre 6 meses e 1 ano			Máis de 1 ano		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Cee	38,1%	34,4%	36,0%	13,8%	14,9%	14,4%	48,1%	50,7%	49,5%
Corcubión	45,6%	36,6%	41,0%	14,7%	12,7%	13,7%	39,7%	50,7%	45,3%
Dumbría	48,5%	49,7%	49,0%	16,2%	21,7%	19,2%	34,6%	29,1%	31,4%
Fistera	46,0%	38,2%	41,5%	14,8%	12,2%	13,1%	39,7%	50,0%	45,4%
Carnota	38,7%	39,7%	39,1%	13,3%	14,3%	13,8%	48,0%	46,6%	47,1%
Muros	40,3%	43,7%	42,0%	14,4%	16,3%	15,3%	45,2%	40,4%	42,7%
Noia	46,7%	43,3%	45,0%	13,4%	14,5%	14,0%	39,9%	42,0%	41,2%
Outes	38,6%	35,3%	37,0%	14,3%	15,3%	14,8%	47,1%	49,4%	48,2%
Porto do Son	46,3%	45,5%	46,0%	15,7%	16,2%	16,1%	37,6%	38,0%	38,0%
GALP Costa S.	43,1%	40,9%	42,0%	14,3%	15,3%	14,8%	42,6%	43,9%	43,2%
Galicia	38,8%	34,9%	36,8%	15,2%	14,5%	14,8%	46,0%	50,6%	48,4%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Persoas afiliadas

No tocante ao número de afiliacións á Seguridade Social, e como o resto de Galicia e das zonas litorais en especial, o ámbito do GALP Costa Sostible comportouse ao longo dos últimos anos de forma análoga, seguindo o devir cíclico da economía e dos incrementos ou decrecementos do PIB.

Gráfico 18. Evolución de persoas afiliadas en porcentaxe de variación interanual. 2008-2014. Datos para o GAC 4 / GALP Costa Sostible e Galicia



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Os retrocesos da afiliación entre 2007 e 2014 situáronse en case todos os concellos por riba do -15% que é a porcentaxe media do GALP, idéntica á rexistrada en Galicia. As únicas excepcións a esta regra constitúena os concellos de Outes, Dumbría e Carnota, gravitando sobre o deprimido sector central da área, que aparecen de xeito recorrente entre os que posúen unha situación socioeconómica máis delicada. En paralelo, Cee, Noia e Porto do Son, todos nas extremas territoriais, máis dinámicas, presentan os menores retrocesos nas cifras de afiliacións.

Táboa 45. Persoas afiliadas, evolución 2007-2014 e peso relativo.

Datos medios de afiliación.

	2014	2007-2014	% relativo
Carnota	1.082	-26,4%	6,2%
Cee	2.400	-10,2%	13,7%
Corcubiión	489	-14,6%	2,8%
Dumbría	937	-20,5%	5,3%
Fisterra	1.207	-12,0%	6,9%
Muros	2.309	-15,4%	13,2%
Noia	4.486	-12,6%	25,6%
Outes	1.970	-19,6%	11,3%
Porto do Son	2.628	-12,8%	15,0%
GALP Costa Sostible	17.508	-15,0%	100,0%
Galicia	902.795	-14,8%	

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

69

Táboa 46. Persoas afiliadas segundo xénero e evolución 2007-2014.

	2014		Evolución 2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Carnota	557	525	-25,4%	-27,5%
Cee	1.272	1.128	-20,3%	4,7%
Corcubiión	252	237	-24,7%	-0,5%
Dumbría	522	414	-20,9%	-20,0%
Fisterra	673	534	-20,4%	1,5%
Muros	1.184	1.125	-22,9%	-5,6%
Noia	2.285	2.201	-20,1%	-3,1%
Outes	1.015	955	-27,1%	-9,8%
Porto do Son	1.363	1.265	-21,2%	-1,4%
GALP Costa S.	9.124	8.384	-22,0%	-5,7%
Galicia	463.991	438.804	-22,0%	-5,4%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Por xéneros, a destrución de postos de traballo foi, como se viu nos datos do paro, máis intensa entre os homes que entre as mulleres. Esta baixada dos homes nas listas da Seguridade Social é a principal causa de que a proporción de ambos sexos tendera á igualación nos últimos anos, aínda que os homes seguen reunindo máis afiliacións que as mulleres tanto no ámbito do GALP como no conxunto de Galicia.

No fondo da clasificación municipal, sitúanse os concellos de Outes, e sobre todo de Dumbría e Carnota, nos que o retroceso no emprego feminino foi da mesma intensidade que o masculino. Nestes municipios máis deprimidos é máis que probable que a emigración xuvenil comezase polo colectivo de mulleres, como é tradicional en Galicia. Son elas as primeiras en abandonar os concellos de orixe por mor dos estudos ou dun posto de traballo no sector servizos das áreas urbanas.

Botemos un ollo aos datos de afiliacións por réximes. Os mesmos advírtennos sobre unha diferente orientación sectorial dos concellos que compoñen o GALP Costa Sostible. No caso que nos ocupa, o peso do réxime xeral colócase por baixo



da media galega, mentres que o do réxime especial do mar multiplica por 5 a importancia que posúe no conxunto de Galicia. Tamén é superior o seu peso relativo entre as afiliacións ao que posúe noutras áreas litorais, o que o converte nunha área máis dependente das actividades marítimo-pesqueiras.

Táboa 47. Persoas afiliadas segundo réxime. 2014.

	Réxime xeral minería carbón	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregados do fogar	Total	% do réxime especial do mar
Carnota	665	332	1	84	12	1.094	4,8%
Cee	1.611	709	4	43	48	2.415	2,5%
Corcubión	325	135	0	21	18	499	1,2%
Dumbría	593	344	10	5	11	963	0,3%
Fisterra	664	321	8	259	8	1.260	14,8%
Muros	1.485	597	3	267	38	2.390	15,3%
Noia	2.814	1.147	6	448	92	4.507	25,7%
Outes	1.148	565	5	213	45	1.976	12,2%
Porto do Son	1.602	678	5	405	37	2.727	23,2%
GALP Costa S.	10.907	4.828	42	1.745	309	17.831	100,0%
Galicia	646.080	216.737	6.611	19.722	27.097	916.247	

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Fisterra e Porto do Son posúen as maiores porcentaxes encanto a afiliacións no réxime do mar, co 21% e o 15% do total, respectivamente. A eles súmanse Muros, Noia e Outes, co 10 e 11% do total de persoas ocupadas.

Ningún dos restantes concellos supera o 5% de afiliacións no réxime especial do mar, polo que debemos concluír que a actividade pesqueira se atopa concentrada nos principais portos e, fundamentalmente, na Ría de Muros e Noia, coa única adición salientable de Fisterra.

No que atinxe ao resto de réximes, o xeral e o de autónomos incrementan a súa importancia nos concellos non pesqueiros.

En perspectiva temporal, durante a recesión os maiores retrocesos de afiliación no ámbito do GALP Costa Sostible centráronse nos sectores primarios, sobre todo na agricultura pero tamén na pesca, en tanto a caída foi menor do que a media galega no réxime xeral e da minaría do carbón (Ferroatlántica). Paralelamente disparáronse as afiliacións no réxime especial de autónomos, que medraron un 14% no conxunto do GALP. Malia a todo, as diferenzas de comportamento co resto de Galicia non son dunha magnitude especialmente grande e seguen a tónica xeral rexistrada durante a crise económica.

Táboa 48. Evolución das persoas afiliadas segundo réxime. 2007-2014.

	Réxime xeral e minería do carbón	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregados do fogar	Total
Carnota	-25,9%	13,7%	-99,4%	-30,3%	60,0%	-25,6%
Cee	-14,7%	16,4%	-96,0%	-18,1%	118,2%	-9,7%
Corcubión	-19,6%	3,8%	-100,0%	-22,2%	157,1%	-12,9%
Dumbría	-19,5%	53,2%	-95,2%	66,7%	120,0%	-18,2%
Fisterra	-2,1%	15,5%	-84,8%	-27,7%	77,8%	-8,1%
Muros	-13,9%	11,3%	-96,6%	-23,6%	28,8%	-12,4%
Noia	-11,3%	3,0%	-89,8%	-36,2%	6,4%	-12,2%
Outes	-18,6%	19,7%	-97,5%	-37,0%	45,2%	-19,4%
Porto do Son	-8,1%	17,2%	-97,0%	-18,1%	21,3%	-9,5%
GALP Costa S.	-13,8%	14,0%	-95,9%	-28,6%	38,3%	-13,4%
Galicia	-16,2%	13,5%	-87,3%	-22,2%	38,4%	-13,5%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Por concellos, salienta o feito de que aqueles con maior presenza do réxime xeral perderon mais empregos neste réxime que aqueles outros municipios onde o mesmo réxime tiña menos importancia e, en cambio, gañaba en relevancia o réxime especial do mar.

Nestes concellos de maior dependencia das actividades marítimo-pesqueiras o retroceso das afiliacións foi desigual. Noia e Outes perderon unha proporción dos empregos superior á media do GALP, mentres que Fisterra, Muros e Porto do Son se anotaron perdas inferiores a ese valor de referencia.


No réxime de autónomos os crecementos foron próximos ao 14% de aumento medio rexistrado tanto no GALP como en Galicia, excepto en 3 concellos. En Corcubión e Noia apenas se crearon novos autónomos (<+4%) mentres que en Dumbría se dispararon nun 50%.

O panorama complétase cunha redución xeneralizada das afiliacións no sector agrario que son case totais (-95%) nun escenario caracterizado pola súa irrelevancia.

71



Gráfico 19. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2014



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Outra visión complementaria da ocupación no GALP dánnola os datos sectoriais de afiliacións á Seguridade Social. Segundo os mesmos o peso laboral dos diferentes sectores é semellante á media galega.

Se descontamos a relevancia específica do sector primario (agro, pesca), que neste ámbito duplica a súa importancia (14% fronte ao 7% en Galicia), o resto de sectores apenas diminúen o seu peso para deixarlle sitio. Quizais a nota máis salientable sexa que o sector da construción mantense nuns niveis superiores á media galega, debido en boa medida ao pequeno *boom* inmobiliario que se rexistrou no litoral galego na última década, con especial repercusión aquí nos concellos de Porto do Son, Carnota e Fisterra, e na execución e posta en marcha das novas infraestruturas de comunicación: variantes de Noia (coa nova ponte sobre a Ría), de Outes e do Sardiñeiro.

A orientación sectorial presenta asemade diferenzas por concellos. O sector primario destaca en Fisterra (24% do total) e Outes, Dumbría, Porto do Son e Carnota (16-19%), todos por riba da media do GALP. Pola contra, apenas é relevante a súa importancia en Corcubión e Cee (<7%), que se visualizan deste xeito como centros urbanos claramente orientados ao sector servizos, ao igual que a vila de Noia.

A industria concéntranse nos concellos de Dumbría e Cee (Ferroatlántica), Carnota, Outes e Porto do Son (15-20%), sendo inexistente en Fisterra (<5%). A construción, pola súa banda, acada maiores porcentaxes no emprego naqueles concellos economicamente menos importantes e diversificados.

Táboa 49. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2014.

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Non consta	Total
Cee	171	371	260	1.590	8	2.400
Corcubiión	20	64	31	370	4	489
Dumbría	173	190	161	411	2	937
Fisterra	288	65	101	749	4	1.207
Carnota	177	166	121	616	3	1.082
Muros	313	283	229	1.477	7	2.309
Noia	561	480	398	3.041	7	4.486
Outes	369	300	235	1.060	7	1.970
Porto do Son	456	441	259	1.466	7	2.628
GALP Costa Sostible	2.528	2.358	1.795	10.780	48	17.508
Galicia	61.801	128.033	68.863	642.580	1.519	902.795

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE



Estrutura económica e empresarial.

Renda e PIB.

O Instituto Galego de Estatístico ofrece desde hai anos unhas estimativas de renda familiar bruta dispoñible por habitante para os concellos galegos. No ámbito do GALP Costa Sostible e para o último ano con cifras, 2009, a renda media situábase lixeiramente por baixo da media galega: 14.700 euros anuais fronte a aproximadamente 15.000. Esta diferenza supón un recurtamento das diferenzas existentes entre un e outro ámbito, se temos en conta que no ano 2007, último antes da crise, a distancia que os separaba era de case 500 euros anuais.

74

A distribución interna do nivel de renda é bastante desigual, máis que en outras zonas da costa galega. Entre o concello con maior renda, Corcubión (17 mil euros por habitante e ano), e o de menor renda, Fisterra (10.100) existe unha diferenza notable sen parangón no resto do país. O certo é que o valor anómalo no ámbito do GALP é máis o de Fisterra, xa que os seguintes concello en renda, Cee ou Noia, sitúanse arredor dos 14 mil euros, en tanto que a maioría dos restantes baixan dos 12 mil, é dicir, están máis próximos do nivel mínimo que marca Fisterra.

Ademais do feito de que as maiores rendas unitarias se localizan arredor dos principais núcleos de poboación, advírtese nas cifras unha tendencia pola cal a renda vai aumentando en dirección sur.

Táboa 50. Renda dispoñible bruta e renda dispoñible bruta por habitante. Período 2007-2009.


	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Cee	100.377,0	105.993,0	108.409,0	13.167,7	13.761,8	13.961,2
Corcubión	25.643,0	29.348,0	30.663,0	13.823,7	16.134,1	16.950,3
Dumbría	45.719,0	42.488,0	39.862,0	11.859,7	11.222,4	10.692,6
Fisterra	49.491,0	52.631,0	50.384,0	9.968,0	10.564,2	10.076,8
Carnota	56.070,0	58.860,0	57.203,0	11.241,0	11.895,7	11.624,3
Muros	109.142,0	113.211,0	113.880,0	11.050,1	11.546,3	11.684,8
Noia	208.130,0	220.930,0	210.719,0	14.023,1	14.804,7	14.086,4
Outes	95.830,0	96.022,0	89.537,0	12.586,0	12.826,9	12.150,5
Porto do Son	114.063,0	120.083,0	120.762,0	11.554,2	12.183,8	12.235,3
GALP	804.465,0	839.566,0	821.419,0	12.255,9	12.849,2	12.584,9
Galicia	39.333.308,0	40.986.404,0	41.857.615,0	14.156,7	14.676,2	14.965,4

Fonte: Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE

Para anos máis recentes contamos na mesma fonte con estimacións municipais do PIB. As cifras amosan que os dous concellos máis industriais, Cee e Dumbría, en virtude das instalacións de Ferroatlántica e do encoro do río Ézaro, son os que despuntan nesta clasificación, superando ambos os 24.000 euros por habitante e ano.

A seguir sitúase destacada Noia, con algo máis de 16.000 euros, que carece de actividades industriais ou enerxéticas relevantes. O resto de concellos do GALP figuran relegados a un terceiro nivel entre 10 mil e os 12 mil euros.

Gráfico 20. PIB per cápita por concello. 2012.



75

Fonte: IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2008.

Táboa 51. Evolución do PIB e PIB per cápita. Anos 2010 e 2012.

	Miles de euros	de Porcentaxe	Euros por habitante	Miles de euros	de Porcentaxe	Euros por habitante
Dumbria	102.378	10,7%	27.760	91.608	10,0%	25.646
Cee	204.916	21,5%	26.322	192.132	21,0%	24.607
Noia	245.696	25,8%	16.729	237.028	25,9%	16.255
Corcubiión	21.405	2,2%	12.052	21.417	2,3%	12.245
Muros	104.318	11,0%	10.901	103.889	11,4%	11.080
Carnota	59.992	6,3%	12.047	49.841	5,5%	10.455
Porto do Son	98.268	10,3%	10.165	98.347	10,8%	10.343
Outes	68.636	7,2%	9.554	69.969	7,7%	9.988
Fisterra	46.860	4,9%	9.219	50.172	5,5%	9.859
GALP Costa S.	952.469	100,0%	14.639	914.403	100,0%	14.387
Galicia	56.526.125		20.403	54.232.912		19.599


Fonte: Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE

Tipos e caracterización das actividades económicas: evolución e caracterización do tecido empresarial.

O número de empresas no Directorio mantido polo Instituto Nacional de Estadística e explotado en Galicia polo IGE caeu durante o período de recesión económica, rexistrándose no conxunto do GALP Costa Sostible un retroceso de case o 2% entre 2007 e 2013.



Gráfico 21. Evolución do número de empresas. 2007-2013.



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Noia lidera aos concellos do GALP en número de empresas, seguido a distancia de Cee, Porto do Son, Muros e Outes.

A evolución municipal amosa valores netos positivos de creación de empresas en Corcubión Cee, Fisterra e Porto do Son, mentres que a maior destrución nos anos analizados afectou a Noia e Outes.

Táboa 52. Número de empresas e evolución por concellos.


	2013	Evolución 2007-2013	Peso relativo
Cee	621	5,6%	16,4%
Corcubión	120	13,2%	3,2%
Dumbría	171	-4,5%	4,5%
Fisterra	240	2,1%	6,3%
Carnota	247	-2,4%	6,5%
Muros	480	-1,0%	12,7%
Noia	1.024	-6,1%	27,1%
Outes	382	-8,8%	10,1%
Porto do Son	497	0,4%	13,1%
GALP Costa S.	3.782	-1,8%	100,0%
Galicia	201.093	-2,3%	

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Sectorialmente, e deixando a un lado as actividades da agricultura e da pesca, a distribución de empresas no GALP é idéntica á existente en Galicia. Diferente é se falamos dos concellos que o compoñen.

Así, no sector industrial e no da construción, os concellos cunha maior porcentaxe de empresas son Dumbría, Carnota, Outes e Porto do Son. Os que menos empresas posúen son Corcubión e Fisterra, se falamos da industria, e Fisterra e Noia se o facemos da construción. Nos servizos destacan Noia e sobre todo Fisterra, que nos últimos anos posteriores á burbulla inmobiliaria atopou no turismo do Camiño de Santiago un importante motor económico estacional.

Gráfico 22. Distribución das empresas por sector da actividade. 2013.



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

77

Táboa 53. Distribución das empresas por sector de actividade. 2013.


	Industria	Subministro enerxía e auga	Construción	Servizos	Total
Cee	38	1	109	473	621
Corcubión	5	3	22	90	120
Dumbría	17	0	46	108	171
Fisterra	6	0	28	206	240
Carnota	31	0	43	173	247
Muros	28	0	81	371	480
Noia	61	1	144	818	1.024
Outes	47	0	82	253	382
Porto do Son	52	0	107	338	497
GALP Costa S.	285	5	662	2.830	3.782
Galicia	14.455	702	31.927	154.009	201.093

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Cando desagregamos a estatística e pasamos dos sectores ás ramas de actividade, verificamos que dentro do sector industrial as que contan cun maior número de empresas son a alimentación (claramente vinculada aos produtos do mar), a fabricación metálica (Ferroatlántica), e a madeira. Trátase da mesma orientación industrial que presenta outra área costeira como é a do GAC/GALP A Mariña-Ortega, no norte de Galicia.



Gráfico 23. Distribución das empresas da industria por actividades. 2013.



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Se ollamos cara ao sector servizos tamén descubrimos nas primeiras posicións as ramas de actividade máis frecuentes no conxunto de Galicia: predominio do comercio, quer por xunto quer polo miúdo, e da hostalaría, que por si soas suman a metade do total. Séguenas en número o transporte, os servizos persoais e a xestión legal e contable.

Táboa 54. Distribución das empresas do sector de servizos. 2013.

	Número	Porcentaxe
Comercio a retallo	828	29,3%
Servizos de comidas e bebidas	490	17,3%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio	201	7,1%
Outros servizos persoais	173	6,1%
Transporte terrestre e por tubaxe	167	5,9%
Venta e reparación de vehículos de motor	134	4,7%
Actividades xurídicas e de contabilidade	113	4,0%
Servizos de aloxamento	94	3,3%
Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	90	3,2%
Educación	81	2,9%
Actividades sanitarias	78	2,8%
Actividades inmobiliarias	58	2,0%
Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	54	1,9%
Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	33	1,2%
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	33	1,2%
Actividades asociativas	24	0,8%
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	19	0,7%
Reparación de ordenadores, efectos persoais e	19	0,7%

	Número	Porcentaxe
artigos de uso doméstico		
Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	18	0,6%
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	14	0,5%
Actividades de aluguer	13	0,5%
Actividades de axencias de viaxes	12	0,4%
Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	11	0,4%
Actividades veterinarias	11	0,4%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	10	0,4%
Outras actividades sector servizos	52	1,8%
Total	2.830	100,0%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Para atopar especificidades propias do GALP Costa Sostible cómpre baixar na clasificación máis postos. Así, actividades como o aloxamento ou o ensino cobran algo máis de importancia nesta área, mentres que perden relevancia, sempre en termos relativos de unidades empresariais, non de facturación ou de emprego, as actividades inmobiliarias ou a sanidade.

A meirande parte das empresas, 2 de cada 3, do GALP son autónomos, sendo o seu peso notablemente superior á media galega. Este dato é un primeiro indicador do reducido tamaño medio das empresas nesta zona. A proporción acada o 75% en concellos como Dumbría e Carnota, dentro do sector xeográfico central.

Consecuentemente a importancia das sociedades anónimas e de responsabilidade limitada cae a aproximadamente a metade da que ostentan no conxunto de Galicia. Só Cee, Corcubión e Noia superan media do GALP en presenza de S.A. e S.R.L., aínda que mesmo así o peso destas fórmulas societarias no total de empresas destes concellos é inferior á media galega.

Táboa 55 Distribución das empresas segundo condición xurídica. 2013.

	Persoas físicas	S.A.	S.L.	S. COOP.	Outros	Total
Cee	375	4	157	1	84	621
Corcubión	78	1	28	1	12	120
Dumbría	130	0	29	0	12	171
Fisterra	173	0	32	1	34	240
Carnota	194	1	29	3	20	247
Muros	356	1	85	0	38	480
Noia	654	4	256	4	106	1.024
Outes	274	1	71	2	34	382
Porto do Son	365	6	84	5	37	497
GALP Costa S.	2.599	18	771	17	377	3.782
Galicia	113.583	3.376	64.882	919	18.333	201.093

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Cando analizamos o tamaño do cadro de persoal das empresas concluímos que a estrutura do tecido empresarial é idéntica á media galega. O peso das empresas sen asalariados é notorio, xa que representan case 2 de cada 3 empresas. En total,



o 98% das empresas teñen menos de 10 persoas empregadas.

O Directorio non recolle ningunha gran empresa (máis de 250 traballadores), e só se contabilizan 4 PEMEs en todo o territorio do GALP: 2 en Noia, unha en Muros e outra en Porto do Son.

Táboa 56. Distribución das empresas segundo estrato de asalariados. 2013.

	Sen asalariados	De 1 a 9 asalariados	De 10 a 49 asalariados	De 50 a 249 asalariados	De 250 ou máis asalariados	Total
Cee	393	210	18	0	0	621
Corcubión	73	47	0	0	0	120
Dumbría	117	51	3	0	0	171
Fisterra	148	90	2	0	0	240
Carnota	180	64	3	0	0	247
Muros	312	160	7	1	0	480
Noia	631	366	25	2	0	1.024
Outes	255	118	9	0	0	382
Porto do Son	336	155	5	1	0	497
GALP Costa S.	2.445	1.261	72	4	0	3.782
Galicia	128.017	65.617	6.494	866	99	201.093

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais

Sector agrario.

Os usos da superficie territorial no ámbito do GALP revelan unha estrutura do solo moi semellante á media galega e moi homoxénea dentro dos concellos.

A superficie forestal representa aquí o 69% do total (o 65% en Galicia), e a principal nota distintiva é un maior peso da superficie forestal arborada (55% fronte ao 47%) e unha importancia menor do monte baixo (14% fronte ao 18% en Galicia). No GALP Costa Sostible tamén posúe menor relevancia a superficie de cultivos e prados (15% fronte ao 24%).

Se analizamos os datos municipais o concello máis forestal sería Muros e o que menos Dumbría, aínda que as diferenzas non son especialmente relevantes. No arborado salientan por arriba Cee e Corcubión, e por abaixo Dumbría, Carnota e Porto do Son, que se caracterizan máis pola porcentaxe de superficie adicada a monte baixo.

As maiores diferenzas entre concellos radican na proporción de terras destinadas ao cultivo ou aos prados. Así, os concellos da área norte, aos que se lles suma Outes, dedican a esta orientación entre un 20% e un 25% da superficie total, mentres que no resto de concellos o mesmo tipo de terras non supera o 10%.

Tamén cómpre destacar a importante fracción de superficie total que ocupan outros tipos de solos, en especial nos concellos da Ría de Muros e Noia, e que teñen que ver coas superficies intermareais, humedais, praias, etc.

Táboa 57. Distribución das terras segundo uso. 2012.

	Superficie forestal total	Forestal arborizado	Pasteiro, Pasteiro arbustivo e Mato	Superficie de cultivo e prado	Outras superficies	Superficie total do concello
Cee	4.325	3.972	354	1.078	346	5.749
Corcubiión	478	430	48	116	66	660
Dumbría	7.790	5.769	2.021	2.653	2.027	12.470
Fisterra	2.047	1.786	260	645	251	2.943
Carnota	5.108	3.623	1.485	441	1.537	7.085
Muros	5.518	4.343	1.175	454	1.325	7.297
Noia	2.710	2.335	375	258	753	3.721
Outes	6.646	5.810	836	2.605	722	9.973
Porto do Son	6.386	4.488	1.897	815	2.265	9.466
GALP Costa S.	41.008	32.556	8.451	9.065	9.292	59.364
Galicia	1.923.662	1.386.365	537.297	704.458	329.720	2.957.841

Fonte: Censo agrario. IGE

Se atendemos á intensidade do factor traballo, as contas do sector agrogandeiro no GALP amosan unha proporción de UTAs non familiares superior á media galega (14% fronte ao 10%). Esta profesionaliación do sector concéntrase nos concellos de Outes e Fisterra, onde acadan porcentaxes entre o 20% e o 33% do total de UTAs.

Táboa 58. Número de UTAS (unidades de traballo ano) segundo man de obra empregada. 2009

	Familiar	Non familiar	Total
Cee	176	7	183
Corcubiión	16	0	16
Dumbría	455	26	481
Fisterra	76	19	95
Carnota	33	1	34
Muros	89	0	89
Noia	68	3	71
Outes	417	206	623
Porto do Son	313	15	328
GALP Costa Sostible	1.643	277	1.920
Galicia	78.399	9.034	87.433

Fonte: Censo agrario. IGE

Sector pesqueiro.

Os portos do GALP Costa Sostible.

No territorio do GALP non atopamos portos dependentes do Estado, pero si 9 de competencia da Comunidade Autónoma.



Táboa 59. Portos do GALP Costa Sostible por concellos.

Concello	Nome porto
Carnota	Lira - Carnota
	O Pindo
Corcubión	Corcubión
Fisterra	Fisterra
Muros	Muros
Outes	O Freixo
Noia	Noia
Porto do Son	Porto do Son
	Portosín

Fonte: Portos de Galicia. 2015

A dotación de portos deportivos redúcese a dous concellos: Muros e Porto do Son, ambos na ría de Muros e Noia. Por número de amarres pódense considerar de tamaño medio.

O número total de amarres do GALP Costa Sostible colócanos en desvantaxe con outras zonas marítimas, o que denota unha menor importancia turística e peores condicións de abrigo.

Táboa 60. Portos deportivos e número de amarres.

Concello	Nome	Número amarres
Muros	Porto de Muros	210
Porto do Son	Porto de Portosín	270
Total		480

Fonte: Portos de Galicia. 2015

Non existen no ámbito do GALP Costa Sostible servizos regulares de pasaxeiros por vía marítima. Só no porto de Muros e durante o verán existen servizos discretos vinculados ao turismo de tempada.

Os 9 portos existentes contan nas súas instalacións con cadansúa lonxas para a venda en fresco de produtos do mar, se ben na actualidade tres delas (O Pindo, Lira e Porto do Son) non realizan subasta.

Táboa 61. Lonxas do GALP Costa Sostible por concellos.

Concello	Lonxa
Carnota	Lira
	O Pindo
Corcubiión	Corcubiión
Fisterra	Fisterra
Muros	Muros
Outes	O Freixo
Noia	Noia
Porto do Son	Porto do Son
	Portosín

Fonte: Plataforma de pesca. Xunta de Galicia. 2015

83

En oito das nove lonxas existe unha confraría de pescadores, coas denominacións seguintes:

Táboa 62. Confrarías por concellos

Concello	Nome
Fisterra	Confraría de Pescadores "Nuestra Señora de las Arenas"
Carnota	Confraría de Pescadores de Lira-Carnota
	Confraría de Pescadores de O Pindo-Carnota
Corcubiión	Confraría de Pescadores de Corcubiión "Virxe do Carme"
Muros	Confraría de Pescadores de Muros
Noia	Confraría de Pescadores de Noia "San Bartolomé"
Porto do Son	Confraría de Pescadores de Portosin "San Andrés"
	Confraría de Pescadores "San Telmo" de Porto do Son

Fonte: Rexistro de Confrarías. Xunta de Galicia. 2014

Evolución de emprego xerado no sector pesqueiro.

Se botamos man dos datos de afiliacións por actividades económicas obtemos unha fotografía máis rica do sector.

A pesca reúne o 57% dos empregos marítimo-pesqueiros do GALP Costa Sostible, unha proporción alta e claramente maioritaria. O que fai que o sector marítimo-pesqueiro acade aquí tanta importancia é o peso que no emprego posúen as conserveiras da Ría de Muros e Noia e de Carnota, que xuntan no GALP o 20% das afiliacións. Pola contra, neste ámbito territorial do GALP as actividades de comercio por xunto de peixe e marisco ten menor relevancia, 7%.



Táboa 63. Afiliacións do sector marítimo-pesqueiro por actividades CNAE. Ano 2014.

Concello	0311	0321	1021	1022	4638	4723	Total	Peso relativo
	Pesca Mariña	Acuicultura a Mariña	Procesamento de pescados, crustáceos	Fabricac. de conservas de pescado	Comercio por x. de peixe, mari e outros	Comercio polo miúdo de peixe e marisco		
Carnota	72	56	x	50	7	x	189	6,9%
Cee	40	41	0	7	19	4	110	4,0%
Corcubión	14	x	0	x	x	x	22	0,8%
Dumbría	4	5	0	x	x	0	20	0,7%
Fisterra	238	16	0	x	24	x	286	10,5%
Muros	193	80	x	128	32	x	443	16,3%
Noia	448	54	11	107	39	20	678	24,9%
Outes	194	41	x	68	15	x	323	11,9%
Porto do Son	356	15	25	196	44	14	650	23,9%
GALP	1.559	308	37	556	178	38	2.719	100,0%

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social. IGE.2014

Se analizamos o tecido empresarial do GALP, e clasificamos as empresas do sector marítimo-pesqueiro por actividade económica, veremos que as empresas de comercio por xunto se concentran nos 3 principais concellos portuarios: Fisterra, Muros e Porto do Son. O comercio polo miúdo localízase en cambio nos concellos e núcleos urbanos máis populosos.

Táboa 64. Empresas do sector marítimo-pesqueiro por actividades CNAE. Ano 2014.


	1021	1022	4638	4723	Total
	Procesamento de pescados, crustáceos e moluscos	Fabricación de conservas de pescado	Comercio por xunto de peixe, marisco e outros produtos	Comercio polo miúdo de peixe e marisco	
Porto Do Son	1	1	11	8	21
Carnota	0	1	4	3	8
Muros	0	1	12	6	19
Cee	0	0	4	8	12
Corcubión	0	0	1	1	2
Dumbría	0	0	1	0	1
Fisterra	0	0	16	6	22
Noia	0	0	4	14	18
Outes	0	0	4	3	7
GALP	1	3	57	49	110
Galicia	31	105	1.293	1.343	2.772

Fonte: Directorio SABI. 2014.

Dentro da tónica xeral de destrución de emprego ao longo da recesión económica, o réxime especial do mar de afiliacións á Seguridade Social non foi unha excepción. Entre 2007 e 2014 desapareceron un 23% dos empregos existentes ao comezo do período. A intensidade desta caída é semellante, levemente superior, á experimentada por este réxime no conxunto de Galicia.

A intensidade do retroceso foi variable e así, mentres en Porto do Son se mantivo nun -18%, en Muros foi do -20% e en Fisterra do -28%.

Gráfico 24. Evolución de persoas afiliadas ao réxime do mar. 2007-2014.



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE



Táboa 65. Evolución de persoas afiliadas ao réxime de mar. Período 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Evolución 2007-2014
Cee	53	50	48	52	45	42	44	45	-14,8%
Corcubión	27	30	30	29	21	20	21	19	-31,5%
Dumbría	3	4	3	5	3	2	2	4	33,3%
Fisterra	358	356	349	344	280	266	270	259	-27,8%
Carnota	121	114	108	98	94	90	90	82	-32,0%
Muros	350	312	306	298	300	294	287	279	-20,3%
Noia	703	671	630	614	586	573	562	537	-23,5%
Outes	338	327	306	279	283	278	275	250	-26,0%
Porto do Son	495	493	475	457	416	421	407	404	-18,3%
GALP Costa S.	2.446	2.355	2.253	2.173	2.027	1.986	1.955	1.878	-23,2%
Galicia	25.354	24.255	23.882	23.254	21.476	20.927	20.116	19.804	-21,9%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

A relevancia do réxime do mar no total da afiliacións á Seguridade Social minguou durante a crise económica, e pasou de significar o 13,7% do emprego total en 2007 a só o 10,5% en 2014, 3,2 puntos menos que supoñen un retroceso relativo do -23%. O peso do sector no emprego, malia a todo, supón 5 veces máis do que importa o sector no conxunto de Galicia.

Tralo paso da recesión económica, os concellos máis vinculados á actividade económica no mar son Fisterra (20,5% do emprego total), Porto do Son (14,8%), Outes (12,7%), Noia (11,9%) e Muros (11,7%), todos os da Ría de Muros e Noia, cunha importancia superior á media do GALP Costa Sostible.

Táboa 66. Peso relativo das persoas afiliadas ao réxime do mar sobre total de afiliados. Período 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Cee	2,2%	2,0%	2,0%	2,1%	1,9%	1,7%	1,8%	2,2%
Corcubión	5,4%	6,0%	6,0%	5,7%	4,3%	4,1%	4,1%	5,4%
Dumbría	0,3%	0,4%	0,3%	0,5%	0,3%	0,2%	0,2%	0,3%
Fisterra	28,4%	28,3%	27,7%	27,3%	22,2%	21,1%	21,4%	28,4%
Carnota	11,0%	10,4%	9,8%	8,9%	8,5%	8,2%	8,2%	11,0%
Muros	14,6%	13,0%	12,8%	12,4%	12,5%	12,3%	12,0%	14,6%
Noia	15,6%	14,9%	14,0%	13,6%	13,0%	12,7%	12,5%	15,6%
Outes	17,1%	16,5%	15,5%	14,1%	14,3%	14,0%	13,9%	17,1%
Porto do Son	18,1%	18,1%	17,4%	16,7%	15,3%	15,4%	14,9%	18,1%
GALP Costa S.	13,7%	13,2%	12,6%	12,2%	11,4%	11,1%	11,0%	13,7%
Galicia	2,8%	2,6%	2,6%	2,5%	2,3%	2,3%	2,2%	2,8%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

No territorio do GALP Costa Sostible contabilízanse 7 confrarías de pescadores. A máis importante é, con diferenza, a de Noia, que conta con case 1.500 persoas que representan case o 70% dos máis de 2.100 pescadores rexistrados nas confrarías do GAC. Tras ela, e a moita distancia, contamos a confraría de Portosón (Porto do Son) e Muros.

Táboa 67. Persoas afiliadas a confrarías. 2014.


	Número	Porcentaxe
Confraría de Pescadores de Noia "San Bartolomé"	1.449	68,5%
Confraría de Pescadores de Portosin "San Andrés"	249	11,8%
Confraría de Pescadores de Muros	180	8,5%
Confraría de Pescadores de Corcubión "Virxe do Carme"	100	4,7%
Confraría de Pescadores "San Telmo" de Porto do Son	65	3,1%
Confraría de Pescadores de Lira-Carnota	47	2,2%
Confraría de Pescadores de O Pindo-Carnota	26	1,2%
GALP Costa Sostible	2.116	100,0%

Fonte: Rexistro de Confrarías. Xunta de Galicia.

O número de PERMEX tamén rexistrou unha evolución negativa, neste caso de igual intensidade que as afiliacións.

A confraría de Noia concentraba ao comezo do período o 73% dos permisos, porcentaxe que baixou lixeiramente até o 70% tralo período recesivo, mantendo algo máis de 350 persoas adicadas ao marisqueo a pé. A seguinte confraría en importancia é a de Muros, que se mantivo á marxe da crise e conservou o número de permisos entre os 80 e os 85 durante o período.

Gráfico 25. Evolución dos permisos de marisqueo. 2007-2014.



Fonte: Consellería de Medio Rural e do Mar. IGE



Táboa 68. Evolución dos permisos de marisqueo. 2007-2014.


	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-14
Confraría de Corcubión	20	18	16	14	14	13	13	13	-35,0%
Confraría de Lira (Carnota)	40	36	36	35	29	28	26	20	-50,0%
Confraría de Muros	81	82	81	82	82	82	82	84	3,7%
Confraría de Noia	491	462	435	408	417	402	382	355	-27,7%
Confraría do Pindo (Carnota)	32	32	31	32	35	31	29	28	-12,5%
Confraría de Porto do Son	7	7	7	13	12	10	10	10	42,9%
Confraría de Portosín (Porto do Son)	0	0	0	0	0	0	0	0	
GALP Costa Sost.	671	637	606	584	589	566	542	510	-24,0%
Galicia	4.755	4.555	4.281	4.123	3.970	3.954	3.903	3.748	-21,2%

Fonte: Consellería de Medio Rural e do Mar. IGE

Caracterización do sector pesqueiro e produción do sector.

Ao longo do período 2007-2014 o nivel de descargas en lonxa, medidas ao peso, mantívose practicamente constante, se exceptuamos a baixada experimentada entre 2008 e 2009, nun nivel próximo ás 12 mil Tm.

Gráfico 26. Ventas en lonxas. En miles de quilos. 2007-2014.



Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

As lonxas principais da área son Portosín, con case 6.000 Tm, e Muros con case 4.000 Tm. Entrambas as dúas xuntan o 83% das vendas en peso de todo o GALP Costa Sostible. A continuación sitúanse a de Noia, con 1.000 Tm, e a de Fisterra, con 500 Tm.

Porén, en perspectiva evolutiva, a primeira lonxa, a de Portosín non fixo mais que

perder volume (-20%) durante os últimos 7 anos, mentres que a de Muros non fixo outra cousa que ir gañando peso (+22%). Nas lonxas secundarias destaca a perda de volume de Noia (-55%), que contrasta tamén co crecemento moderado da de Fisterra (5%).

Táboa 69. Venda en lonxas. Miles de quilos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Carnota (Lira)	141,7	143,0	102,5	125,5	96,4	102,7	55,3	76,0
Carnota (O Pindo)	0,0	0,0	0,1	0,2	0,3	0,2	0,1	0,1
Corcubiión	92,8	144,4	181,8	265,9	242,3	233,0	242,4	277,6
Fisterra	512,7	605,3	536,0	600,6	628,2	566,9	570,8	542,4
Muros	3.145,1	3.251,5	2.494,1	2.435,9	2.436,3	2.812,0	2.383,9	3.847,3
Noia	2.229,5	2.143,8	1.003,1	1.302,9	2.010,0	1.293,4	1.651,9	991,7
Porto do Son	102,0	139,5	31,4	62,1	104,6	48,9	12,0	77,9
Portosín	7.272,7	9.769,4	7.306,1	7.208,3	5.782,0	6.723,9	6.931,0	5.834,8
GALP Costa S.	13.496,6	16.196,8	11.655,2	12.001,4	11.300,2	11.781,1	11.847,4	11.647,7
Galicia	172.248,8	173.568,7	195.786,7	187.394,7	183.501,3	175.004,0	163.434,2	187.177,8

89

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

Táboa 70. Variación interanual e acumulada da venda en lonxas. En quilos. 2007-2014.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-14
Carnota (Lira)	0,9%	-28,3%	22,5%	-23,2%	6,6%	-46,1%	37,5%	-46,3%
Carnota (O Pindo)			19,0%	81,7%	-27,1%	-36,4%	-40,8%	
Corcubiión	55,5%	25,9%	46,2%	-8,8%	-3,9%	4,0%	14,5%	199,0%
Fisterra	18,1%	-11,4%	12,1%	4,6%	-9,8%	0,7%	-5,0%	5,8%
Muros	3,4%	-23,3%	-2,3%	0,0%	15,4%	-15,2%	61,4%	22,3%
Noia	-3,8%	-53,2%	29,9%	54,3%	-35,7%	27,7%	-40,0%	-55,5%
Porto do Son	36,8%	-77,5%	97,7%	68,3%	-53,2%	-75,5%	548,6%	-23,7%
Portosín	34,3%	-25,2%	-1,3%	-19,8%	16,3%	3,1%	-15,8%	-19,8%
GALP Costa Sostible	20,0%	-28,0%	3,0%	-5,8%	4,3%	0,6%	-1,7%	-13,7%
Galicia	0,8%	12,8%	-4,3%	-2,1%	-4,6%	-6,6%	14,5%	8,7%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

Traducido a valor, as vendas rexistradas nas lonxas do GALP ascenderon en 2014 a case 7,7 millóns de euros, cantidade que supón un retroceso do 29% a respecto de 2007. Por tanto, a caída nas vendas foi superior á do volume en peso, o que significa unha caída do prezo medio por Kg que se sitúa, na media do GALP, en 2 €/Kg, cifra inferior á media de todas as lonxas galegas, que foi, no mesmo ano, de 2,5 €/Kg (un 20% máis baixa).



Se atendemos ao valor da descargas a importancia comparada das distintas lonxas varía notablemente. En valor a primeira lonxa do GALP pasa a ser a de Noia, con 7,5 M€, seguida da de Muros, con 5,5 M€, e Portosín, con 3,8 M€. Entre as tres reúnen o 80% do valor total das descargas. Porén, a evolución de cada unha durante os últimos 7 anos é moi diferente. A de Noia confirma o seu declive ao perder o 43% das vendas que rexistrara en 2007, mentres que a de Muros aumentou as vendas un 14% e a de Portosín un 5% durante o mesmo período.

Malia ao retroceso, Noia conserva o prezo por Kg máis alto das tres lonxas

punteiras, mentres que as de Muros e Portosín rexistran un prezo medio 4 ou 8 veces inferior, respectivamente.

Táboa 71. Venda en lonxas. En miles de €. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Carnota (Lira)	652,1	633,9	442,9	475,2	516,6	489,2	215,4	315,0
Carnota (O Pindo)	0,0	0,0	10,6	12,6	24,1	17,5	11,8	6,9
Corcubión	474,8	715,5	753,3	987,5	1.142,7	1.051,5	950,6	1.370,5
Fisterra	2.263,0	2.598,7	2.131,6	2.402,6	2.566,7	2.255,8	1.986,1	2.106,1
Muros	4.821,1	4.782,5	3.818,9	4.212,3	4.321,5	4.897,7	4.336,0	5.489,5
Noia	13.214,8	12.411,0	8.611,1	10.411,3	12.859,0	8.380,2	8.609,3	7.538,3
Porto do Son	428,8	643,3	179,9	264,5	623,4	279,7	62,6	437,9
Portosín	3.588,9	5.217,7	4.797,0	5.770,9	5.935,8	7.567,1	6.497,1	3.774,4
GALP Costa S.	25.443,4	27.002,6	20.745,1	24.537,0	27.989,8	24.938,8	22.668,8	21.038,6
Galicia	463.429,9	451.323,0	422.372,6	458.381,0	474.847,0	440.533,6	413.422,1	432.341,1

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

Táboa 72. Variación interanual e do período da venda en lonxas. En €. 2007-2014.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-14
Carnota (Lira)	-2,8%	-30,1%	7,3%	8,7%	-5,3%	-56,0%	46,3%	-51,7%
Carnota (O Pindo)			19,2%	91,1%	-27,4%	-33,0%	-41,5%	
Corcubión	50,7%	5,3%	31,1%	15,7%	-8,0%	-9,6%	44,2%	188,7%
Fisterra	14,8%	-18,0%	12,7%	6,8%	-12,1%	-12,0%	6,0%	-6,9%
Muros	-0,8%	-20,1%	10,3%	2,6%	13,3%	-11,5%	26,6%	13,9%
Noia	-6,1%	-30,6%	20,9%	23,5%	-34,8%	2,7%	-12,4%	-43,0%
Porto do Son	50,0%	-72,0%	47,1%	135,6%	-55,1%	-77,6%	599,6%	2,1%
Portosín	45,4%	-8,1%	20,3%	2,9%	27,5%	-14,1%	-41,9%	5,2%
GALP Costa S.	6,1%	-23,2%	18,3%	14,1%	-10,9%	-9,1%	-7,2%	-17,3%
Galicia	-2,6%	-6,4%	8,5%	3,6%	-7,2%	-6,2%	4,6%	-6,7%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

En 2014 no conxunto das lonxas do GALP a especie de maior peso foi o xurelo, pero a de máis valor foi o berberecho. Entre 2007 e 2014 ambas especies experimentaron variacións opostas tanto en peso como en valor: a menos o berberecho e a máis o xurelo. Este comportamento debeuse a un mantemento do prezo do xurelo e a unha suba do berberecho que compensou parte da caída en volume.

As seguintes especies en valor son o polbo e a ameixa fina. O primeiro mantivo as vendas tanto en peso como en valor e prezo, mentres que a segunda veu como se reducía o peso á metade e o valor ao 40%.

Táboa 73. Venda por especies en lonxa. 2007 e 2014.

Especie	2007			2014		
	Quilos	Importe €	€/Kg	Quilos	Importe €	€/Kg
Berberecho	1.995.971,5	7.947.290,1	3,98	804.495,5	5.139.934,3	6,39
Xurelo	2.817.777,6	2.272.052,2	0,81	4.189.272,6	3.556.193,4	0,85
Polbo	464.128,5	2.411.851,0	5,20	446.804,8	2.436.340,0	5,45
Ameixa fina	192.873,4	4.435.976,9	23,00	90.421,9	1.862.704,5	20,60
Xarda pintada	1.808.074,0	506.139,3	0,28	2.028.296,1	961.870,7	0,47
Sardiña	3.389.617,0	2.076.177,5	0,61	425.566,0	825.015,2	1,94
Pescada	197.140,8	608.548,0	3,09	166.607,6	570.713,9	3,43
Ameixa babosa	91.672,8	1.218.171,0	13,29	39.081,4	496.059,0	12,69
Navalla	6.998,5	75.822,9	10,83	79.565,0	443.274,2	5,57
Xarda	1.411.729,0	609.560,9	0,43	571.079,5	439.712,8	0,77
Bocarte	114,0	698,8	6,13	301.517,0	392.331,0	1,30
Ourizo	134.079,0	312.423,0	2,33	133.330,0	389.725,9	2,92
Boga	242.588,5	29.818,9	0,12	1.198.671,0	344.267,7	0,29
Ameixa xaponesa	21.690,3	207.418,8	9,56	46.540,7	260.919,9	5,61
Sargo común	30.034,6	150.915,9	5,02	60.402,1	258.310,5	4,28
Ostra plana	993,4	5.396,9	5,43	54.877,5	243.771,5	4,44
Peixe sapo	62.687,3	365.600,2	5,83	44.274,7	171.405,2	3,87
Faneca	66.165,5	116.989,3	1,77	89.314,5	146.165,5	1,64
Centola	15.423,1	162.454,3	10,53	18.341,9	132.626,3	7,23
Ameixa rubia	27.554,9	187.676,6	6,81	16.745,2	120.700,2	7,21
Robaliza	8.052,9	71.779,8	8,91	11.885,8	118.562,0	9,98
Resto de especies	511.229,9	1.670.658,0	3,27	830.607,1	1.728.005,1	2,08
Total	13.496.596,3	25.443.420,3	1,89	11.647.697,6	21.038.608,7	1,81

91

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

En perspectiva temporal as especies que gañaron maior relevancia en valor foron, ademais do xurelo, a xarda pintada, a navalla, o bocarte e a boga. Pola contra, perderon valor en vendas, ademais do berberecho e da ameixa fina, a sardiña, a ameixa babosa, e a xarda.



Táboa 74. Variación da venta por especies no período 2007-2014.

Especie	Evolución 2007-2014		
	Quilos	Importe €	€/Kg
Berberecho	-59,7%	-35,3%	60,6%
Xurelo	48,7%	56,5%	4,9%
Polbo	-3,7%	1,0%	4,8%
Ameixa fina	-53,1%	-58,0%	-10,4%
Xarda pintada	12,2%	90,0%	67,9%
Sardiña	-87,4%	-60,3%	218,0%
Pescada	-15,5%	-6,2%	11,0%
Ameixa babosa	-57,4%	-59,3%	-4,5%
Navalla	1036,9%	484,6%	-48,6%
Xarda	-59,5%	-27,9%	79,1%
Bocarte	264388,6%	56043,5%	-78,8%
Ourizo	-0,6%	24,7%	25,3%
Boga	394,1%	1054,5%	141,7%
Ameixa xaponesa	114,6%	25,8%	-41,3%
Sargo común	101,1%	71,2%	-14,7%
Ostra plana	5424,5%	4416,9%	-18,2%
Peixe sapo	-29,4%	-53,1%	-33,6%
Faneca	35,0%	24,9%	-7,3%
Centola	18,9%	-18,4%	-31,3%
Ameixa rubia	-39,2%	-35,7%	5,9%
Robaliza	47,6%	65,2%	12,0%
Resto de especies	62,5%	3,4%	-36,3%
Total	-13,7%	-17,3%	-4,2%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

Número e caracterización das flotas.

Aínda que o número de buques de pesca rexistrados é enganoso, por razón das diferenzas de tamaño e actividade, as cifras reflicten que os cinco principais portos do GALP son os que vimos referenciando ao longo do capítulo e do informe: Noia, con máis da metade da flota, e despois Muros, Fisterra, Porto do Son e Portosín.

Táboa 75. Número de buques rexistrados. 2015.

	Número	Porcentaxe
Corcubión	26	3,4%
Fisterra	77	9,9%
Lira - Carnota	27	3,5%
Muros	99	12,8%
Noia	449	57,9%
O Pindo	4	0,5%
Porto do Son	39	5,0%
Portosín	54	7,0%
GALP Costa Sostible	775	100,0%

Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Plataforma Pesca de Galicia.

O GALP concentra o 13% da flota galega, pero esta importancia céntrase case en exclusiva nas artes menores dentro da propias rías, onde a súa importancia

elévase até o 18%. A única arte e caladoiro distinto onde o GALP reúne unha porcentaxe relevante é nos caladoiros nacionais de cerco, co 14% do total galego.

Táboa 76. Número de buques rexistrados segundo caladoiro e tipo de pesca. 2015.

	GALP	Galicia	GALP / Galicia
Auxiliares e de acuicultura	30	1.293	2,3%
Caladero nacional arrastre	9	79	11,4%
Caladeiro nacional artes menores	710	3.959	17,9%
Caladeiro nacional cerco	21	150	14,0%
Caladeiro nacional enmalle volantas	2	32	6,3%
Caladeiro nacional palangre fondo	2	28	7,1%
Pesquería comunitaria palangre fondo neafc <100 trbs	1	8	12,5%
Total	775	5788	13,4%

Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Plataforma Pesca de Galicia.

Medido en capacidade de capturas ou en cabalos de potencia a flota do GALP Costa Sostible é a de menor tamaño medio. A flota especialízase nos caladoiros nacionais de arrastre e cerco, así como na pesca de palangre en augas comunitarias con tonelaxe inferior a 100 TRB.

Táboa 77. Toneladas brutas de arqueo e cabalos de potencia segundo caladoiro e tipo de pesca. Media. 2015.

	Toneladas de arqueo por embarcación	CV de potencia por embarcación
Caladeiro nacional arrastre	130,00	363,78
Pesquería comunitaria palangre fondo neafc <100 trbs	83,00	442,00
Caladeiro nacional cerco	39,12	237,10
Auxiliares e de acuicultura	27,05	184,27
Caladeiro nacional enmalle volantas	26,55	141,50
Caladeiro nacional palangre fondo	11,20	96,50
Caladeiro nacional artes menores	2,42	23,61
Total	6,03	41,80

Sector turístico.

Caracterización do sector turístico.

A importancia das actividades turísticas no tecido empresarial do GALP atinxe ao 16% das empresas, o que supón un peso maior do que existe en Galicia (11%).

En xeral as empresas turísticas logran unha proporción homoxénea ao longo de todo o territorio. Isto distingue ao GALP doutras zonas litorais deprimidas onde son os concellos máis recesivos e menos poboados os que maior proveito tiraban da creación de empresas turísticas. Isto pode apuntar na dirección dun potencial de crecemento aínda non explotado.



Porén, dous concellos destacan en canto á importancia das empresas turísticas no total: Fisterra, que lidera a clasificación con algo máis do 30% das empresas orientadas ao turismo, e Carnota, con algo máis do 20%. Pola contra, un concello cae por baixo da media do GALP en canto ao peso deste tipo de empresas: Noia, que acusa a súa maior diversificación económica e a menor importancia de turismo de sol e praia no seu litoral.

Táboa 78. Número de empresas turísticas e porcentaxe sobre o total de empresas

	Empresas turísticas	Empresas totais	% empresas turísticas
Cee	91	621	14,7%
Corcubión	21	120	17,5%
Dumbría	27	171	15,8%
Fisterra	75	240	31,3%
Carnota	52	247	21,1%
Muros	79	480	16,5%
Noia	110	1.024	10,7%
Outes	60	382	15,7%
Porto do Son	81	497	16,3%
GALP Costa S.	596	3.782	15,8%
Galicia	22.603	201.093	11,2%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

Dentro do que é o sector turístico, os datos indican unha certa diversificación na oferta de servizos turísticos (axencias de viaxes, turoperadores, reservas...), que igualan aquí a importancia que posúen de media en Galicia (2% do total). Polo demais, a oferta tradicional céntrase máis na restauración que no aloxamento, que malia ás potencialidades desta zona da costa posúe aquí un peso inferior en case 7 puntos á media galega.


Táboa 79. Número de empresas turísticas segundo tipo de actividade. 2013.

	Servizos de aloxamento	Servizos de comidas e bebidas	Actividades de axencias de viaxes, ...	Empresas turísticas
Cee	13	75	3	91
Corcubión	7	14	0	21
Dumbría	4	23	0	27
Fisterra	23	49	3	75
Carnota	7	45	0	52
Muros	12	66	1	79
Noia	11	96	3	110
Outes	7	52	1	60
Porto do Son	10	70	1	81
GALP Costa S.	94	490	12	596
Galicia	2101	20.068	434	22.603

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

En perspectiva evolutiva, o crecemento das empresas turísticas concentrouse na actividade de aloxamentos.

Gráfico 27. Evolución das empresas turísticas. 2008-2013.



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

Gráfico 80. Evolución das empresas turísticas. 2008-2013.

Comparativa numérica da evolución para o GALP Costa Sostible e Galicia.

	Servizos de aloxamento	Servizos de comidas e bebidas	Actividades de axencias de viaxes,	Empresas turísticas	Servizos de aloxamento	Servizos de comidas e bebidas	Actividades de axencias de viaxes	Empresas turísticas
Cee	15	60	1	76	13	75	3	91
Corcubión	2	16	1	19	7	14	0	21
Dumbría	2	23	0	25	4	23	0	27
Fisterra	8	48	0	56	23	49	3	75
Carnota	7	40	0	47	7	45	0	52
Muros	10	61	1	72	12	66	1	79
Noia	7	107	1	115	11	96	3	110
Outes	9	62	1	72	7	52	1	60
Porto do Son	7	72	0	79	10	70	1	81
GALP	67	489	5	561	94	490	12	596
Galicia	2.000	20.551	382	22.933	2.101	20.068	434	22.603


Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

Caracterización e distribución dos aloxamentos e prazas

O número de aloxamentos turísticos no territorio do GALP amosa unha tendencia crecente ao longo do período 2007-2014, en particular entre os anos 2009 e 2012. Débese ter en conta que o salto existente na serie entre os anos 2008 e 2009 débese ao cambio estatístico e administrativo na nomenclatura de actividades económicas.



Gráfico 28. Evolución do número de aloxamentos. 2007-2013.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Os datos por concellos indican que o concello con maior número de establecementos e o que experimentou un maior crecemento é o de Fisterra (36), debido á crecente afluencia de peregrinos que continúan o Camiño de Santiago até o cabo Fisterra. Así, este concello duplicou o número de aloxamentos entre 2009 e 2013.

Nun segundo plano figuran o resto de concellos, que contan con un número bastante estable de entre 15 e 25 establecementos. As excepcións son Dumbría, cun tramo reducido de costa circunscrito ao núcleo de Ézaro, e Corcubión, o concello con menor extensión do GALP, que posúen menos de 10 aloxamentos aínda que tamén incrementaron o seu número nos últimos anos.


Táboa 81. Evolución do número de aloxamentos. 2007-2013.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Carnota	4	4	15	15	14	15	16
Cee	9	9	18	19	19	22	20
Corcubión	3	3	3	3	4	5	5
Dumbría	1	2	4	5	6	7	7
Fisterra	7	7	18	20	26	39	36
Muros	10	10	23	23	23	23	23
Noia	8	8	13	14	15	15	15
Outes	4	4	12	12	12	12	14
Porto do Son	8	8	15	15	15	15	16
GALP Costa S.	54	55	121	126	134	153	152
Galicia	1.508	1.597	2.748	2.792	2.866	3.068	3.002

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

O tipo de aloxamento máis numeroso é a pensión, que acada neste ámbito territorial unha importancia especial, supoñendo máis da metade dos establecementos totais e sendo a área costeira onde esta categoría é a máis abundosa. O GALP tamén se caracteriza pola máxima relevancia que acadan no seu territorio os apartamentos turísticos (un 10% do total).

Gráfico 29. Distribución do número de aloxamentos segundo tipoloxía. 2013.



97

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Esta importancia das pensións e dos apartamentos turísticos tradúcese nun peso moi baixo dos hoteis. Os establecementos de turismo rural e os campamentos de turismo manteñen un peso medio no total.

Táboa 82. Distribución do número de aloxamentos segundo tipoloxía. 2013.


	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos turismo	Apartamentos turísticos	Total
Carnota	1	10	2	0	3	16
Cee	4	10	3	1	2	20
Corcubión	3	2	0	0	0	5
Dumbría	0	5	2	0	0	7
Fisterra	10	22	1	0	3	36
Muros	2	13	1	3	4	23
Noia	6	5	3	0	1	15
Outes	2	6	4	0	2	14
Porto do Son	3	8	1	4	0	16
GALP Costa S.	31	81	17	8	15	152
Galicia	894	1261	600	116	131	3.002

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

A evolución agregada do número de prazas de aloxamento tamén describe unha traxectoria ascendente e paralela á do número de establecementos.



Gráfico 30. Evolución do número de prazas.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Táboa 83. Evolución do número de prazas.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Carnota	62	62	264	264	247	271	282
Cee	1.001	1.001	1.187	1.217	1.233	1.353	1.288
Corcubión	124	124	124	124	138	152	150
Dumbría	15	29	49	57	75	93	93
Fisterra	235	235	438	474	594	789	762
Muros	856	856	1.215	1.215	1.215	1.215	1.215
Noia	282	282	373	397	417	413	407
Outes	54	54	246	246	246	246	290
Porto do Son	1.035	1.035	1.139	1.139	1.139	1.139	1.150
GALP Costa Sost.	3.664	3.678	5.035	5.133	5.304	5.671	5.637
Galicia	94.027	96.473	119.435	121.077	123.652	129.723	128.902


Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Porén, se atendemos á capacidade aloxamento, a ordenación dos concellos difire ao falar do número de establecementos, o que indica un tamaño medio diferente dos mesmos ao longo do territorio do GALP Costa Sostible.

Cee, Fisterra e Porto do Son lideran a clasificación de prazas de aloxamento con preto de 1.200 prazas cada un, sumando os tres máis da metade da capacidade total do GALP. Nun segundo plano sitúase Fisterra con 750 prazas, incrementando en cinco anos case un 70% o seu número.

Ao igual que sucedía ao falar do número de establecementos, o maior dinamismo corresponde a Fisterra e aos concellos máis pequenos, mentres que os do medio permanecen inmóbiles tamén en canto á evolución da oferta de prazas.

Gráfico 31. Número de prazas segundo tipo de establecimiento. 2013.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Gráfico 84. Número de prazas segundo tipo de establecimiento. 2013.

Datos numéricos e comparativa entre o GALP Costa Sostible e Galicia.

	Hoteles	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Total
Carnota	17	172	31	0	62	282
Cee	187	236	45	800	20	1.288
Corcubión	124	26	0	0	0	150
Dumbría	0	64	29	0	0	93
Fisterra	318	380	8	0	56	762
Muros	41	359	6	669	140	1.215
Noia	264	92	35	0	16	407
Outes	76	131	54	0	29	290
Porto do Son	63	115	12	960	0	1.150
GALP	1.090	1.575	220	2.429	323	5.637
Galicia	56.374	25.183	7.319	34.977	5.049	128.902

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Patrimonio medioambiental.

Espazos naturais.

Desde o punto de vista orográfico e xeomorfolóxico este territorio defínese pola súa situación litoral. A grandes trazos, atopámonos cunha área costeira completa, na que coexisten formas xeolóxicas e xeomorfolóxicas que confiren a esta zona un importante valor paisaxístico e ecolóxico. No seu interior, o sistema de serras e vales, o modelo fluvial; no seu borde exterior, no límite co mar, promontorios costeiros, cabos e rías que, á súa vez encerran praias-barreira e acantilados, sistemas de lagoas, marismas ou sistemas de dunas, algúns dos cales están integrados na actualidade dentro da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, e da Rede Natura 2000, coas figuras de ZEC's e Zepa.



A nivel xeral, estes nove concellos están compostos por unha elevada porcentaxe de superficie agraria e forestal, en proporción ao total de superficie territorial; concretamente o 30% deste territorio. Posúe unha densidade media de poboación bastante baixa, e a acción antrópica pode avaliarse, en canto a incidencia negativa se refire, baixa en termos absolutos, salvando diferenzas e sucesos conxunturais, como fora o caso PRESTIGE.

Neste espazo organízanse un conxunto de Espazos Naturais Protexidos de alto valor ambiental, que engloban a parte dos concellos que nos ocupan e algúns dos cales están propostos para seren incluídos na Rede Natura 2000. Consideramos relevante incluílos nesta epígrafe porque, a pesar das súas especificidades, constitúen boas mostras da identidade física e biótica deste territorio.

A **Rede Natura 2000** é a iniciativa máis importante para crear unha rede de espazos naturais baseada en criterios científicos. A súa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies, entre as que se encontran moitas seriamente ameazadas por un desenvolvemento carente de planificación.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como **ZEPAS pola Directiva de Aves (79/409/CEE)** e os espazos designados para o cumprimento da **Directiva de Hábitats (92/43/CEE)**, coñecidos na súa 1ª fase como **Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)**.

Créase así unha rede de lugares nos que se asegurará a súa conservación e o mantemento da función para a súa conservación, aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un deses lugares. No territorio que nos ocupa encóntranse os seguintes Espazos Protexidos:

Costa da Morte.

Declarado Lugar de Interese Comunitario (**LIC**) e **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)**. Abrangue 11.809 ha. e está situado ao noroeste da provincia de A Coruña e compón unha franxa costeira que comprende a meirande parte das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, así como unha pequena sección da de A Coruña. Dos municipios afectados polo GALP Costa Sostible, só Fisterra queda afectado por esta figura de protección.

É un extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo), que, con excepción dunha grande parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, inclúe a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis afastados e mellor conservados da costa galega.

Este ZEC inclúe ao redor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) correspóndese con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha.) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sueste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Entre os valores máis destacados encóntranse:

- Zonas húmidas, como Traba e Baldaio. Conservan un gran valor, atesourando importantes e moi variadas mostras de vexetación estuárica e palustre.

- Sistemas de dunas. Están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como son as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos «montes brancos» das praias de A Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por riba dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e

Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as dunas en crecente (Trece).

-As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de *coídos* ou praias de cantos (con exemplos singulares coma o de Cuño, en Muxía).

-Os complexos de covas mariñas ou *furnas* (como as de Muxía-Nemiña, Roncudo ou Sisargas).

-Rasas cuaternarias (cabo San Adrián, por exemplo), megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun gran interese. Non en van este LIC engloba ata cinco Puntos de Interese Xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: Lagoa de Baldaio (C-110), Rasas Cuaternarias de Cabo San Adrián (C-111), Praia do Trece (placas eólicas) (C-112), Penas Abaladoiras de Muxía (C-113) –que abrangue ás praias de cantos, rasa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido– e Coído de Cuño (C-114).

Esteiro do Tambre.

Declarado **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEVN)**. Comprende unha superficie de 1.581 ha. e está situado ao fondo da ría de Muros e Noia, ocupando estuario e curso baixo do río Tambre, e introducíndose curso arriba polo tramo baixo. Entre os concellos que forman parte do GALP, quedan afectados Noia, Outes e Porto do Son.

O 73% da área do LIC está ocupada por hábitats mariños e marítimo-terrestres, cunha superficie de augas mariñas de 1.062 ha., na meirande parte sobre fondos de menos de 10 m de profundidade, mentres que preto dunha quinta parte abrangue o curso baixo do Tambre, augas arriba da influencia das mareas, ao longo duns 6 km. Esta parte é a máis crebada da súa conca, na que o Tambre encaixa fortemente entre dous grandes bloques fracturados, que dan paso, nas zonas altas, a terreos en forma de meseta cara aos 300 m de altitude. De feito, este curso baixo «cólgame» ao longo duns 3 km, onde forma unha gorxa de forte pendente lonxitudinal (1,7%), trazada sobre paredóns de migmatitas granitoides, entre os montes de Lueiro e Cornanda. Dous pequenos afluentes, os ríos Xallas e Corzán, únense ao Tambre neste treito ao longo de valgadas de pendente moi pronunciada, que pode alcanzar máis dun 25%. A máxima altitude do LIC alcánzase neste sector, con 233 m s.n.m.

Monte e Lagoa de Louro.

Declarado **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEVN)**. Ocupa unha superficie de 1.096 ha. e atópase situado ao suroeste da provincia de A Coruña, na comarca de Muros. Dos concellos que engloba o GALP Costa Sostible, os que quedan afectados pola figura de protección son os de Carnota e Muros.

O monte Louro é un pequeno «inselberg» ou afloramento rochoso illado, situado no extremo sur do LIC, que se eleva abruptamente sobre unha plataforma de abrasión ou rasa ata unha altura de 239 m. Está constituído por granitos de dúas micas, de gran fino, e granitos con megacristais de gran medio, podéndose observar nel frecuentes exemplos de micromodelado (pías e cacholas). Estes fenómenos, así como a presenza da rasa costeira e o complexo de barra dunar e lagoa litoral outorgan un alto valor xeomorfolóxico á área, que foi cualificada Punto de Interese Xeolóxico (PIG C-116) de importancia nacional.

Entre os valores máis destacados deste espazo encóntrase os seguintes:



- Tramos de costa rochosa de baixa altura.
- Praias de seixos e areais.
- Sistemas de dunas ben conservados.
- Lagoa litoral.
- Elevación granítica de monte Louro.
- Extensión de augas mariñas de 491 ha. que cobre principalmente fondos por riba dos 10 m de profundidade, sobre os que afloran algúns baixíos rochosos (Os Forcados, Angueiro, A Insua), parte dos cales están propostos como Reserva Mariña de Interese Pesqueiro (promovida pola Confraría de Lira, Carnota).
- Complexo de barra litoral, dunas, lagoas e monte en Louro.
- Depósitos areosos de praia e duna duns 4,6 km de fronte litoral, no que aparecen desde praias de peto, como as de Simprón ou Anoradoiro, ata areais de grande desenvolvemento, coma os de Lariño (1,9 km) ou Area Grande (1,5 km).
- Lagoa litoral de Louro, exemplo de praia pechada, rodeada dunha zona húmida cun cinto de vexetación palustre, comunicada irregularmente co mar mediante unha pequena canle de desaugadoiro e alimentada polo arroio Longarelo na súa parte interna.

Complexo Húmido de Corrubedo.

Abrangue unha superficie de 9.263 ha. e está situado no extremo suroeste da provincia de A Coruña (península do Barbanza). Dos concellos que engloban o GALP Costa Sostible, só Porto do Son queda afectado por esta figura de protección.

Posúe as seguintes declaracións:

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Zona Húmida Protexida (Complexo das praias, lagoas e dunas de Corrubedo; 982,90 ha.).
- Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA ES0000313 Complexo Litoral de Corrubedo; 971 ha.).
- Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (arquipélago de Sálvora; 248 ha. terrestres e 2.309 ha. mariñas).
- Zona Ramsar (Complexo de Corrubedo, 7ES024; 550 ha.).

A área do LIC correspondente a terra firme está conformada por unha sucesión de pequenos tramos de costa rochosa e de extensos areais e sistemas de dunas, que en Basoñas e en Corrubedo forman parte de diferentes complexos de barra-lagoa litoral. Constitúe a máis extensa representación deste tipo de ambientes no noroeste de España, albergando una gran variedade tipos de hábitat en bo estado de conservación. El arquipélago de Sálvora, localizado na bocana da ría de Arousa, está sometido a unha forte influencia oceánica e sitúase a uns 4 km da costa; consta da illa de Sálvora (altura máxima 73 m) e as máis pequenas de Sagres, Vionta, Ervosa e Noro (248 ha. terrestres en total). En conxunto, a superficie de augas mariñas do espazo natural é de 7.424 ha.

O tramo máis cara ao norte do espazo natural atópase dentro do ámbito da ría de Muros e Noia, estendéndose entre a punta do Castro de Baroña e a praia de Portiños, nas inmediacións de cabo Corrubedo. Un gran número de praias, case todas bordeadas por sistemas de dunas, limitan este sector (Area Longa, Queiruga, Río Sieira, As Furnas-Basoñas, Espiñeirido o A Recabeira, e Valieiros-Portiños, entre as de maior extensión), prolongándose ao longo de 8,3 km de costa. O sistema de Basoñas encerra dúas lagoas litorais, as de Xuño (de augas doces) e San Pedro de Muro (conectada co mar durante os temporais e as

preamares vivas, de augas variablemente salobres). Hai tamén algúns segmentos de costa rochosa e acantilada con áreas de toxal-breixal e herbeiros costeiros (principalmente entre punta Calleira e punta Prado do Río e entre a praia de Espiñeirido e a de Balieiros).

A fronte actual do sistema de Corrubedo a constitúe unha serie de praias areosas (A Ladeira-Ferreira, A Lagoa, O Vilar, Angueiro) que, en conxunto, esténdense ao longo duns 5 km. Estes areais dan paso cara ao interior a varios sistemas de dunas ben estruturados, nos que se inclúen diferentes cordóns de dunas primarias e secundarias, extensos campos de dunas semifixadas, chairas eólicas, dunas remontantes estabilizadas e varios tipos de corredores e depresións de deflación eólica. Trala praia de A Ladeira, ao norte do espazo natural, atópase unha gran duna móbil, de preto de 1 km de lonxitude, ata 250 m de largura e unha altura duns 15 m. as barras dunares separan do mar a dous interesantes zonas húmidas: a lagoa e marisma do Carregal, que se prolonga na lagoa de Artes, e a lagoa de Vixán, ao sur da zona. O Carregal mantén contacto co mar mediante un canal natural de desaugadoiro, polo que se ve sometido regularmente ás mareas e mantén vexetación halófila. A lagoa de Vixán, por contra, está illada normalmente do mar, e as súas augas son doces o debilmente salobres. O espazo natural vese completado por piñeirais de repoboación (en gran parte sobre terreos areosos), áreas cultivadas e unha ampla baía mariña.

Desde a praia de Angueiro ata punta Falcoeira a costa vólvese principalmente rochosa e está salpicada dun gran número de baixíos e illotes rochosas (As Congreiras, As Queixadas, Falcoeiro, etc.), dando paso ao arquipélago de Sálvora. Nesta illa predominan as ladeiras en suave pendente e os afloramentos rochosos illados, con grandes extensións de vexetación herbácea e arbustiva. Nos illotes veciños de Sagres e Noro hai cantís de considerables dimensións. A illa Vionta é unha excepción, pois o seu perímetro está case totalmente constituído por areais. a totalidade da superficie de augas mariñas atópase por riba da isóbata de 50 m de profundidade e en grande parte se sitúa sobre fondos de menos de 20 m.

Carnota e Monte Pindo.

Declarado **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais** (ZEPVN). Ocupa 4.628,87 ha. e atópase situado no suroeste da provincia da Coruña, a cabalo das comarcas de Muros, Xallas e Fisterra. Entre os concellos que engloban o GALP, son os de Cee, Dumbría e Carnota os que quedan afectados pola figura de protección.

O LIC, complexo desde o punto xeográfico e ecolóxico, comprende dúas grandes áreas ben diferenciadas. En primeiro lugar encontrámonos cunha fronte costeira duns 14 km de lonxitude, que abrangue desde a praia de Xaxebe, nas proximidades de Portocubelo, no seu extremo meridional, ata a punta de Porto de Quilmas, no seu extremo setentrional, ambas no concello de Carnota, e que abrangue o complexo litoral de Carnota e Caldebarcos. Neste tramo están tamén comprendidas as illas Lobeiras, así como multitude de baixíos rochosos, e unha extensión de 438 ha. de augas mariñas que cobren principalmente fondos por riba dos 10 m de profundidade. En segundo lugar, temos o macizo dos montes do Pindo, a desembocadura do Xallas na ría de Ézaro e unha parte dos montes de Buxantes, a máis próxima á costa, que se estenden polo extremo norte do espazo natural, nos concellos de Dumbría e Cee.

Espectacular exemplo de modelado granítico, nel concorren multitude de megaformas convexas e cóncavas, entre as que destacan as seguintes:

- Domos rochosos (A Moa).
- Nubbins.



- Relevos acastelados (Castelo de Penafiel) ou os tors.
- Microformas do tipo *gnamma* (pías) e *tafoni* (cacholas).
- Punto de Interese Xeolóxico (PIG C-115). Conxunto que inclúe a gorxa do Xallas, a ría de Ézaro e o monte Pindo. É unha marmita turbillonar na que hai anos precipitábase directamente o río Xallas ao mar desde uns 120 m de altura, formando a fervenza de Ézaro, constituíndose en exemplo único de desembocadura fluvial deste tipo en Europa. Os encoros hidroeléctricos localizados río arriba impiden desde 1988 que, agás excepcionalmente e de xeito controlado, o río desaugue normalmente e forme a fervenza.

104

Os montes ao norte do Pindo mostran unha morfoloxía totalmente diferente, baseada sobre un substrato petrolóxico de granitos de dúas micas e migmatitas granitoides, con escasa incidencia dos afloramentos rochosos, predominando as formas redondeadas e suaves, colonizadas por extensas formacións de toxeira-uceira. A súa altitude tamén é menor, alcanzando como máximo os 472 m (monte de Pedras Carballizas).

O complexo de Carnota é un sistema de barra-lagoa litoral dunhas 300 ha. de extensión, conformado por dúas áreas de marisma, a gándara de Caldebarcos e unha ampla chaira intermareal areenta (denominada A Berberecheira), e A Lagoa, ou marisma de Carnota propiamente dita; encóntranse ambas separadas do mar por unha extensa barra litoral areosa. Na área conflúen unha serie de pequenos leitos fluviais, como o arroyo de Mallou, que desauga ao sur da barra areenta, o río Valdebois, cos seus afluentes, o rego de Louredo e o Val de Cornido, que regan a marisma de Caldebarcos, e o Pedrafigueira, que percorre a marisma de Carnota, desembocando coma o anterior no lugar de Boca do Río, separación natural das dúas zonas húmidas. As praias deste sistema litoral, Caldebarcos, San Mamede e Carnota, constitúen un dos areais máis extensos de Galicia, con 5,3 km de fronte, e continúan cara ao extremo sur do espazo natural cunha serie de pequenas praias (O Cancelo, Mar de Lira, Cons, Xaxebe), alternadas con tramos rochosos reducidos, ao longo de case 1 km máis.

Xusto ao norte do areal de Caldebarcos, e ata o porto de Quilmas, localizábase a denominada Costa da Cabra, tramo de natureza principalmente rochosa, con presenza de numerosos illotes e baixos rochosos e algunhas pequenas praias, como as de Pedrullo, Corna Becerra, Area Branca e Insuela. Neste sector sitúanse as illas Lobeiras, que constitúen dous pequenos arquipélagos, Lobeira Grande e Lobeira Pequena ou Chica, distanciados entre si en 1,7 km, e situados a 1,5 km de terra firme no seu punto máis próximo; a superficie emerxida dos varios illotes que os compoñen é dunhas 12 ha., aínda que a área cuberta por estes, así como polos baixíos rochosos, os fondos areosos que se descubren coa baixamar e as augas superficiais circundantes é moito maior, dunhas 55-60 ha. A súa altura media é moi escasa, cun máximo duns 20 m na Lobeira Grande.

A riqueza e variedade dos recursos naturais que este territorio posúe destacan neste destino ofrecendo multitude de posibilidades ao visitante para o goce da natureza. O especial clima que esta zona posúe, fai que a vexetación estea presente durante todo o ano, dando lugar a unhas paisaxes abraiantes, nas que a diversidade da súa flora e fauna, a orografía do contorno entre monte e costa e os diversos cursos fluviais e os seus vales conforman unha paraxe nas que o valor

paisaxístico e ecolóxico é abraiante. Os conxuntos de Monte Louro e a Lagoa de Xalfas e as Lagoas de Muro e Xuño están incluídas no plan Rede Natura 2000.

Os Miñarzos.

Reserva Mariña de Interese Pesqueiro.

Foi a primeira Reserva Mariña de Interese Pesqueiro declarada na costa atlántica da Península Ibérica e naceu da iniciativa da Confraría de Pescadores de Lira (Carnota). O seu principal obxectivo é a recuperación e conservación das poboacións de especies explotadas a prol dunha pesca sostible.

Regula o acceso e as actividades extractivas; isto significa un aumento das tallas, que repercute nun aumento da posta de ovos e, por tanto, das poboacións.

A regulación implica un rexistro de embarcacións que poden operar na área, control de descargas en porto e vixilancia marítima terrestre.

A Reserva conta con 2.074 ha, con dúas reservas integrais que suman 79 ha. Nestas reservas integrais está prohibida calquera actividade extractiva e de mergullo, agás as operacións de interese científico expresamente autorizadas.

As actuacións permitiron un aumento das capturas, do número de días de pescas e do número de mariscadores. Destaca o aumento da biomasa no caso do percebe.

105

Hábitats Costeiros de Interese para a Cría de Recursos Mariños.

A rede Natura 2000 preséntase non só como un instrumento de conservación do medio natural, senón que dá a oportunidade de aproveitar o valor económico e social que unha xestión axeitada dos espazos naturais pode fornecer, facilitando e potenciando as actividades pesqueiras e acuícolas que sexan compatibles coa conservación da natureza e contribúan a mellorar a calidade de vida das xentes do mar e a fomentar o papel das entidades asociativas do sector, na súa calidade de coxestores dos recursos pesqueiros, e o interese colectivo dos seus asociados. Moitas das zonas do ámbito territorial do GALP están incluídas en paraxes da Rede Natura 2000, como xa se expuxo. Pero ademais, contamos cos Hábitats Costeiros de Interese para a Cría de Recursos Mariños, recollidos nos Plans de Explotación das distintas Confrarías do territorio. Son os seguintes hábitats:

- A Praia da Virxe, Abelleria, Broña e Punta Cabalo para o cultivo da ostra.
- Ría de Noia, Praia da Virxe, Praia de Abelleira, de Punta Insúa a Punta Larada, dende a desembocadura do Río Xallas ata Punta Insúa (zona apta tamén para o cultivo de poliquetos), liña de costa comprendida entre Punta Insúa e Punta Uhía, entre Monte Louro e Punta Uhía e entre Punta Ornanda e punta Agueira, da desembocadura do Río Xallas ata a desembocadura do río Larada (zona tamén apta para o percebe) como hábitats favorables para o marisqueo.
- Cabo Fisterra, de punta Insúa ata a desembocadura do río Larada (zona tamén apta para o ourizo), liña de costa comprendida entre Punta Insúa e



punta Uhía e de río Sieira a Punta Cabeiro con hábitats favorables para o percebe

-Praias de Sardiñeiro e Langosteira, Praias de Abelleria, Praia de Ventín e Praia de Virxe e de cabo Touriñán a Punta Insúa, dende punta Uhía ata porto Siavo, de Punta Batuda ata Río Sieira como hábitats favorables para a navalla e o longueirón.

-A Praia do Rostro ata a desembocadura do río Xallas, e o Submareaal rochoso entre punta Insua e punta Uhia como hábitats favorables para o cultivo de algas.

106

Praias

Táboa 85. Praias do territorio

RELACIÓN PRAIAS			
Concello	Lonxitude/ Anchura	Ocup. Temp. estival	Grado de Urbanización
CEE			
Estorde	L: 510 m A: 36 m	Media	Rústica
Gures	L: 330 m A: 20 m	Media	Virxe
Lires	L: 510 m A: 36 m	Media	Rústica
Concha	L: 280 m A: 20 m	Media	Urbana
FISTERRA			
Arnela	L: 190 m A: 22 m	Baixa	Virxe
Ribeira	L: 100 m A: 29 m	Media	Urbana
Mar de Fóra	L: 570 m A: 45 m	Baixa	Virxe
Restrelo	L: 90 m A: 21 m	Baixa	Virxe
Sardiñeiro	L: 385 m A: 23 m	Media	Urbana
Talón		Baixa	Virxe
Rostro	L:2075 m A:55 m	Baixa	Virxe
Langosteira	L:1930 m A: 26 m	Media	Semiurbana
CORCUBIÓN			
Quenxe	L: 160 m A: 23 m	Media	Urbana
CARNOTA			
Gabota	L: 45 m A: 9 m	Baixa	Virxe
Ardeleiro	L: 82 m A: 12 m	Baixa	Virxe
Area Branca	L: 145 m A: 22 m	Baixa	Virxe
Caldebarcos	L: 1680 m A: 55m	Baixa	Virxe
Carnota	L:7000 m A: 100	Baixa	Rústica
Cons	L: 240 m A: 19 m	Baixa	Rústica
Corna Becerra	L: 180 m A: 17 m	Baixa	Virxe
Insuela-Panches	L: 300 m A:	Media	Virxe
Lariño	L: 150 m A: 10 m	Baixa	Rústica
Mar de Lira	L: 460 m A: 23m	Baixa	Rústica
Pedrullo	L: 150 m A: 10 m	Baixa	Virxe
Porto Ancho	L: 145 m A: 12 m	Baixa	Virxe
Porto Cubelo	L: 205 m A: 11m	Baixa	Semiurbana

RELACIÓN PRAIAS			
Concello	Lonxitude/ Anchura	Ocup. Temp. estival	Grado de Urbanización
Porto Negros	L: 180 m A: 21 m	Baixa	Virxe
San Pedro	L: 225 m A: 210 m	Baixa	Urbana
Simprón	L: 90 m A: 7 m	Baixa	Virxe
Sureseco	L: 400 m A: 15 m	Baixa	Virxe
Susiños	L: 110 m A: 11 m	Baixa	Virxe
Xaxebe	L: 215 m A: 19 m	Baixa	Rústica
Porto da Barca	L: 290 m A: 14 m	Baixa	Virxe
Porto dos Botes	L: 190 m A: 12 m	Baixa	Virxe
Porto de Quilmás	L: 245 m A: 15 m	Baixa	Virxe
Tras da Punta	L: 95 m A: 10 m	Baixa	Virxe
MUROS			
Bouga	L: 600 m A: 20 m	Baixa	Rústica
Prudencia	L: 140 m A: 24 m	Baixa	Urbana
Roca. Virxe do Camino	L: 140 m A: 24 m	Baixa	Urbana
Aldosón	L: 700 m A: 6 m	Baixa	Virxe
Ancoradoiro	L: 90 m A: 11 m	Media	Rústica
Area do Medio	L: 130 m A: 10 m	Baixa	Virxe
Area Maior	L: 1400 m A: 50m	Baixa	Virxe
Arruxo	L: 120 m A: 6 m	Baixa	Virxe
Bornalle	L: 550 m A: 10 m	Baixa	Virxe
Cabanas	L: 255 m A: 22 m	Baixa	Virxe
Cirqueiros	L: 70 m A: 5 m	Baixa	Virxe
Coido	L: 80 m A: 10 m	Baixa	Virxe
Esteiro	L: 530 m A: 18 m	Media	Urbana
Fogareiro	L: 460 m A: 12 m	Baixa	Rústica
Fontenla	L: 60 m A: 15 m	Baixa	Virxe
Lago Louro	L: 1470 m A: 50m	Baixa	Virxe
Lariño	L: 1860 m A: 55m	Baixa	Virxe
Liñares	L: 190 m A: 14 m	Baixa	Virxe
Raimundo	L: 200 m A: 17 m	Baixa	Virxe
Salgueiro	L: 90 m A: 8 m	Baixa	Virxe
San Francisco de Louro	L: 760 m A: 35 m	Media	Semiurbana
Ventín	L: 220 m A: 15 m	Media	Rústica
DUMBRÍA			
Ézaro	L: 890 m A: 43 m	Media	Semiurbana
OUTES			
Bitureira	L: 100 m	Nudista/ Baixa	-
Broña	L: 490 m A: 16 m	Media	Rústica
Cotarin	L: 130 m	Baixa	Semiurbana
Picouso	L: 90 m A: 10 m	Baixa	Illada
Muelle			
Siavo	L: 240 m A: 8 m	Baixo	Illada
NOIA			
Boa Grande	L: 400 m A: 10 m	Alta	Rústica



RELACIÓN PRAIAS			
Concello	Lonxitude/ Anchura	Ocup. Temp. estival	Grado de Urbanización
Boa Pequena	L: 130 m A: 8m	Alta	Rústica
Testal	L: 1.300 m A:10m	Alta	Rústica
Barquiña	L: 500 m A: 6 m	Baixo	Urbana
Abruiñeiras	L: 50 m A: 5 m	Baixo	Semiurbana
PORTO DO SON			
A Gafa	L: 82 m A: 12 m	Alto	Urbano
Aguieira	L: 1500 m A: 30 m	Alto	Virxe
Area Longa	L: 330 m A: 25 m	Alta	Virxe
Arnela	L: 340 m A: 6 m	Alta	Urbano
As Furnas	L: 790 m	Alta	Virxe
Basoñas	L: 2700 m A:50 m	Alta	Virxe
Caveiro	L: 750 m A: 38 m	Alta	Virxe
Coira	L:700 m A: 20 m	Alta	Urbanizado
Espiñeirido	L: 1300 m A: 35 m	Alta	Virxe
Fonforrón	L: 300 m A: 45 m	Alta	Semiurbana
Ornanda	L: 280 m A: 30 m	Alta	Urbanizada
Pozo	L: 150 m A: 20 m	Medio	Virxe
Río Sieira	L: 800 m A: 60 m	Medio	Virxe
Queiruga	L: 1200 m A: 75 m	Baixo	Virxe
Seráns	L: 200 m A: 30 m	Baixo	Virxe
Subigrexia	L: 400 m A: 20 m	Medio	Urbanizada
Xuño	L: 1000 m A: 28 m	Baixo	Virxe
Telleira	L: 150 m A: 3m	Baixo	Semiurbana
Son o Cruceiro	L:170 m A: 15 m	Alto	Urbana
Arnela	L: 340 m A: 6 m	Baixa	Semiurbana

Fonte: Plan Estratégico Zonal GAC 4

Das praias mencionadas anteriormente, destaca a existencia de tres bandeiras azuis en Cee, Dumbría e Corcubión, así como o elevado número de praias virxes que se conservan no territorio. Os accesos, comunicacións e servizos foron adecuados para a recepción de turistas, pero no que se refire ás praias virxes, en moitos casos, só é posible o acceso a pé carecendo de sinalización que indique o seu acceso. Moitas das praias posúen servizos complementarios como vixilancia, aínda que só en período estival. Non todas as praias posúen mobiliario, aseos e duchas, e a súa dotación de aparcadoiros nalgúns casos é escasa.

Patrimonio cultural.

Catálogos dos recursos (materiais e inmateriais) e caracterización.

O seguinte listado de elementos patrimoniais e históricos elaborouse a partir da relación de Bens de Interese Cultural (BIC) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como do Plano Estratéxico Zonal . Sinálanse os seguintes elementos patrimoniais:

Táboa 86. Bens culturais por concellos

Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
Carnota	Castro de Mallou	Zona Arqueolóxica
	Cumio da Moa	Zona Arqueolóxica
	Pedregais de Carnota	Zona Arqueolóxica
	Petróglifos do Descansadoiro	Zona Arqueolóxica
	Aldea de Lariño	Arquitectura popular
	Conxunto de Hórreo e Pombal	Arquitectura popular
	Hórreo de Lira	Arquitectura popular
	Muíño de Vento de Lariño	Arquitectura popular
	Igrexa de Santa Comba	Arquitectura relixiosa
Cee	Restos prerromanos	Zona Arqueolóxica
	Castro do Monte do Castro	Zona Arqueolóxica
	Castro do Monte do Son	Zona Arqueolóxica
	Os Castros en Vilar de Toba	Zona Arqueolóxica
	Mámoas do Alto de San Pedro Mártir	Zona Arqueolóxica
	Casa Guillén	Arquitectura popular
	Casa Mayán	Arquitectura popular
	Casa Mosteirín	Arquitectura popular
	Castelo do Príncipe	Monumento / Arquitectura popular
	Pazo de Cotón	Arquitectura popular
	Igrexa Parroquial de Cee	Arquitectura relixiosa
Corcubión	Castro de Quenxe	Zona Arqueolóxica
	Castelo do Cardeal	Monumento
	Centro Histórico	Conxunto hco.- artístico
	Antigos Xulgados	Arquitectura popular
	Cárcere do Partido	Arquitectura popular
	Casa burguesa da Avenida da Constitución	Arquitectura popular
	Casa Consistorial	Arquitectura popular
	Casa Miñones	Arquitectura popular
	Casa Teixeira	Arquitectura popular

109



Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
	Pazo dos Condes de Altamira	Arquitectura popular
	Igrexa de San Marcos	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Pedro da Redonda	Arquitectura relixiosa
	Capela de Santo Antonio	Arquitectura relixiosa
	Capela do Pilar	Arquitectura relixiosa
Dumbría	Castro de Alvarellos	Zona arqueolóxica
	Castro de Berdeogas	Zona arqueolóxica
	Castro de Logoso	Zona arqueolóxica
	Castro de Regoelle	Zona arqueolóxica
	Castro de Teixeiras	Zona arqueolóxica
	Casa dos Moutos / Dolmen Pedra da Arca	Zona arqueolóxica
	Pedra Ancha	Zona arqueolóxica
	Casa de Amable	Arquitectura popular
	Casa de Cándido	Arquitectura popular
	Casa do Leiteiro	Arquitectura popular
	Casa da familia Leis	Arquitectura popular
	Casa en Olveiroa	Arquitectura popular
	Fonte milagreira de Santa Lucía	Arquitectura popular
	Pombal da Reitoral de Berdeogas	Arquitectura popular
	Ponte Olveira	Arquitectura popular
	Vivenda de Alejandra	Arquitectura popular
	Vivenda na Farraza	Arquitectura popular
	Vivenda na Vacariza	Arquitectura popular
	Vivenda en Chaín	Arquitectura popular
	Vivenda en Dumbría	Arquitectura popular
	Igrexa de San Pedro de Buxantes	Arquitectura relixiosa
	Santuario de Nosa Señora das Neves	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Martiño de Olveira	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de Santa Olalla de Dumbría	Arquitectura relixiosa
Igrexa e San Pedro de Berdeogas	Arquitectura relixiosa	
Fisterra	Monte e Ermida de San Guillermo / Igrexa de Santa María das Areas	Conxunto hco.artístico / Arqueolóxico / Arquitectura relixiosa
	Pazo do Sardiñeiro	Arquitectura popular
	Igrexa parroquial de San Vicenzo de Duio	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Martiño de Duio	Arquitectura relixiosa
	Capela de Nosa Señora do Bo Suceso	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Xoán	Arquitectura relixiosa
	Capela da Inmaculada Concepción	Arquitectura relixiosa

Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
Muros	Vila de Muros	Conxunto histórico-artístico
	Murallas de Muros	Monumento
	Petróglifos / A Laxe das Rodas	Elemento BIC
	Casa Consistorial	Arquitectura popular
	Edificio do Cine París	Arquitectura popular
	Mercado de Abastos	Arquitectura popular
	Muíño de Mareas do Pozo Cachón	Arquitectura popular
	Paseo Marítimo de Esteiro	Arquitectura popular
	Soportais de Muros	Arquitectura popular
	Teatro Mercedes	Arquitectura popular
	Antiga Igrexa parroquial de San Pedro de Muro	Arquitectura relixiosa
	Capela de Santa Isabel	Arquitectura relixiosa
	Capela do Espírito Santo	Arquitectura relixiosa
	Capela da Virxe do Carmo	Arquitectura relixiosa
	Capela de Nosa Señora das Angustias	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Xosé	Arquitectura relixiosa
	Ermida de Nosa Señora das Neves	Arquitectura relixiosa
	Ermida de San Roque	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de Santiago de Tal	Arquitectura relixiosa
	Pais Franciscanos	Arquitectura relixiosa
	Santuario da Virxe do Camiño	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Marcos	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Xián	Arquitectura relixiosa
Igrexa vella de Esteiro	Arquitectura relixiosa	
Capela da Nosa Señora dos Remedios	Arquitectura relixiosa	
Noia	Dolmen de Argalo / Cova da Moura / Anta de Argalo	Zona Arqueolóxica / Arquitectura popular
	Murallas de Noia	Monumento
Noia	Centro Histórico de Noia	Conxunto histórico-artístico
	Casa do S. XV na Rúa Oviedo Arce 32	Monumento hco.-artístico
	Muíño de Pedrachán	Arquitectura popular
	Muíños do Traba	Arquitectura popular
	Pesqueiras do Tambre	Arquitectura popular
	Castro Lampreeiro / Croa do Castro	Arquitectura popular
	Castro de San Lois	Arquitectura popular
	Castro de Sobreviñas	Arquitectura popular
	Mámoas de Vilaverde	Arquitectura popular



Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
	Antiga Igrexa parroquial de Santa María de Barro	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Bernardo	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Xosé (Trinitarias)	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Lázaro	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de Santa María de Argalo	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Pedro de Boa	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de Santa Cristina de Barro	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de Santa Mariña de Obre	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Francisco	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Martiño de Noia	Monumento histórico-artístico
	Igrexa de Santa María a Nova	Monumento hco.-artístico / Arquitectura relixiosa
Igrexa de San Diego de Alcalá	Arquitectura relixiosa	
Outes	Capela de Nosa Señora do Rial	Arquitectura relixiosa
	Capela de Nosa Señora da Ponte	Arquitectura relixiosa
	Capela de Santo Adrián	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Martiño de Rates	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial do Feixoo de Sabardes	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Cosme do Outeiro	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Miguel de Valadares	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Ourense de Entíns	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Pedro de Outes	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Tirso de Cando	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Xoán de Roo	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de Santa María de Entíns	Arquitectura relixiosa
	Igrexa parroquial de San Xián de Taras	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Lourenzo Matasueiro	Arquitectura relixiosa
	Ermida de San Paulo	Arquitectura relixiosa
	Ermida de Santiago	Arquitectura relixiosa

Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
Porto do Son	Megálitos e petróglifos	Arquitectura popular
	Fonte e Lavadoiro en Vilicosa	Arquitectura popular
	Lápida funeraria de Queiruga	Arquitectura popular
	Muíño de Nebra	Arquitectura popular
	Capela da Atalaia	Arquitectura relixiosa
	Capela da Madalena	Arquitectura relixiosa
	Capela de Nosa Señora de Loreto	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Bieito	Arquitectura relixiosa
	Capela de Santa Lucía	Arquitectura relixiosa
	Capela de San Caetano	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Martiño de Miñortos	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Pedro de Baroña	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Pedro de Muro	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Sadurniño de Goiáns	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de San Vincenzo de Noal	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de Santa María de Caamaño	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de Santa María de Nebra	Arquitectura relixiosa
	Igrexa de Santa Mariña de Xuño	Arquitectura relixiosa
Igrexa de Santo Estevo de Queiruga	Arquitectura relixiosa	
Castro de Baroña	Zona arqueolóxica	

Fonte: Plan Estratégico Zonal GAC 4

Por outra banda, no Mapa de Equipamentos Culturais do Consello da Cultura Galega sinálanse os seguintes museos e centros de interpretación:

Táboa 87. Bens culturais no mapa do Consello da Cultura

Concello	Nome
Cee	Museo Fundación Fernando Blanco de Lema
Corcubión	Colección visitable Museo Marítimo 'Seno de Corcubión'
Noia	Museo das Laudas – Santa María a Nova
Porto do Son	Centro de Interpretación do Castro de Baroña
	Museo Etnográfico de Porto do Son

Fonte: Plan Consello da Cultura

No tocante ao patrimonio inmaterial sinalamos as seguintes festas de interese turístico nacional:

Táboa 88. Festas de interese turístico

Concello	Nome da festa	Ámbito de interese
Fisterra	Festa do Santísimo Cristo	Nacional
Muros	Gran Premio das Carrilanas de Esteiro	Nacional



Programas ou actuacións de carácter estratéxico.

Plans de ordenamento urbanístico.

Aínda que se trata de norma de carácter regular, no primeiro nivel de consideración de cara ao traballo están as norma urbanísticas, por seren de obrigado cumprimento polos promotores.

No territorio do GALP só tres concellos contan cun Plan Xeral de Ordenación Municipal e os demais ríxense polas normas subsidiarias provinciais de 1996.

Táboa 89. Concellos do GALP con Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado

114

Relación concellos que teñen aprobado o PXOM	
Concello de Outes	SI
Concello de Noia	NON
Concello de Cee	NON
Concello de Corcubión	SI
Concello de Fisterra	NON
Concello de Carnota	NON
Concello de Porto do son	NON
Concello de Dumbria	NON
Concello de Muros	SI

Fonte: Elaboración propia

O POL (Plan de Ordenación Litoral de Galicia).

O Plan de Ordenación do Litoral ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Son funcións do Plan de Ordenación do Litoral:

- A definición do ámbito litoral Galicia, obxecto de ordenación.
- A concreción no ámbito litoral de criterios globais para a ordenación dos usos do solo, a regulación de actividades e a fixación dos criterios xerais de protección do medio litoral.
- A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para a defensa dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- Establecer un marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.
- Sinalar e delimitar aqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.
- Fixar as directrices para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Propiciar a ordenación a gran escala dos usos do solo, dentro das distintas categorías de ordenación que configuran as distintas unidades paisaxísticas.
- A óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as Administracións que operan sobre o litoral e o seu contorno terrestre.

-Constituír a base para a elaboración dun Programa Coordinado de Actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.

Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) Programa Leader 2007- 2013 de Galicia.

Os GDR son os entes xestores do programas LEADER, que son un conxunto de medidas do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013 que se executa baixo metodoloxía LEADER (Ligazóns Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural). Esta metodoloxía vén sendo impulsada pola Unión Europea desde 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural.

115

O ámbito territorial do GALP 4 coincide co territorio de dous GDR: O Sar-Barbanza-Muros Noia e o GDR Costa da Morte.

O GALP comparte territorio co GDR Sar-Barbanza-Muros Noia nos municipios de Muros, Outes, Noia e Porto do Son.

Co GDR Costa da Morte comparte os municipios de Carnota, Dumbría, Cee, Corcubiión e Fisterra.

Xeodestinos Costa da Morte e Ría de Muros-Noia.

Os xeodestinos son demarcacións territoriais impulsadas pola administración de turismo da Xunta de Galicia sin un ámbito competencial claro. Non obstante, dada a implicación que no territorio concellos e empresarios teñen amosado na súa constitución e lanzamento é recomendable establecer lazos de colaboración para non xenerar tensións no seno do GALP.

Plans de explotación pesqueira.

Os Planes de Explotación son unha ferramenta de xestión da Consellería do Mar da Xunta de Galicia que, si ben non teñen unha relación directa coa organización e a actividade diaria do GALP, deben ser considerados nas iniciativas promovidas polo sector do mar, especialmente aquelas que garden algunha relación cos recursos mariños. As zonas que comprenden estes plans de explotación son as que anteriormente se expoñen como hábitats costeiros favorables para o cultivo de recursos mariños.



Metodoloxía de traballo.

Fontes primarias

As fontes primarias utilizadas para a realización da presenta análise diagnósticas clasifícanse do seguinte xeito:

Fontes documentais:

-Documentación interna xeral e relativa ao funcionamento do GAC 4 facilitada polo GALP Costa Sostible.

Proceso participativo:

-O proceso participativo amplamente documentado na parte final do documento.

116

Fontes secundarias

Estudos e documentos procedentes fundamentalmente de institucións públicas.

-Normativa da administración autonómica, estatal e Europea.

-Documentación sectorial e temática de organismos públicos, centros de investigación e GAC 4.

-Orientacións e recomendacións de organismos públicos.

2. DIAGNÓSTICO DA ZONA PESQUEIRA (ANÁLISE DAFO).

DAFO Ámbito territorial.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Os tempos de traxecto son máis altos que noutras partes da costa con mellores estradas e posúen altos índices de perigosidade e accidentes.</p> <p>2.Depuración deficiente das augas que verten á ría.</p> <p>3.A permeabilidade entre concellos non é demasiado elevada e os concellos xeograficamente centrais do GALP Costa Sostible, Muros e Carnota, así como o litoral de Dumbría, aínda mantéñense afastados das vías de alta capacidade e a súa conectividade co resto de Galicia é moi reducida.</p> <p>4.Por número de amarres pódense considerar de tamaño medio e colócanos en desvantaxe con outras zonas marítimas.</p>	<p>1.A presión edificatoria en disperso, sobre todo de segunda residencia e residencia vacacional.</p> <p>2.Derivado do anterior, a maior presión e deterioro ambiental e paisaxístico da franxa litoral do territorio, o seu principal atractivo.</p> <p>4. O elevado nivel de contaminación no Esteiro do Tambre, que sin chegar ao punto de peche da actividade recolectora de moluscos con frecuencia está ao límite nalgúns puntos.</p> <p>5.O impacto económico e social do incremento da contaminación da ría de Muros e Noia</p>	<p>1.As novas infraestrutura viarias reduciron os tempos de desprazamento ata a AP9 considerablemente</p> <p>2.Os 8 portos existentes contan nas súas instalacións con cadansúa lonxas para a venda en fresco de produtos do mar.</p> <p>3.Proliferou a construción residencial durante a burbulla inmobiliaria (Cee, Fisterra e Porto do Son), aos que se lle suma Corcubión, caracterizado máis polo seu papel histórico e riqueza patrimonial, onde se acometen desde hai anos destacadas rehabilitacións de edificios antigos.</p>	<p>1.Redución notable do tempo de desprazamento dende o exterior do territorio.</p> <p>2.A dinamización económica puntual derivada da construción.</p> <p>3-A mellor conectividade do territorio co exterior.</p>	<p>1.Ordenar e paliar os efectos da presión edificatoria.</p> <p>2.Introducir vectores de sostibilidade na xestión do territorio.</p> <p>3.Artellar mecanismos útiles para combater a polución do Esteiro do Tambre e os bancos de produción de berberecho.</p> <p>4.Incrementar a supercie de costa sometida á protección dos recursos mariños.</p>

DAFO Ámbito demográfico.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Envellecemento da pirámide poboacional senón, tamén, unha taxa de feminidade relativamente baixa entre a poboación en idade de traballar, así como unha proporción de poboación infantil e xuvenil minguante.</p> <p>2.Falta de atracción poboacional. Nestes fluxos de entrada posúen máis peso os procedentes doutros concellos de Galicia que os orixinarios fóra dela, case o dobre.</p> <p>3.O GALP Costa Sostible caracterízase por posuír unha baixa proporción de persoas universitarias comparado con outras zonas costeiras de Galicia.</p> <p>4.Dentro do número total de pensións as de carácter non contributivo representan no GALP Costa Sostible unha porcentaxe do 8,1%, sensiblemente superior á media galega do 6,7%.</p>	<p>1.En perspectiva evolutiva, o GALP Costa Sostible é un territorio demograficamente regresivo.</p> <p>2.A falla de dinamismo social e demográfico do territorio.</p> <p>3.O efecto de atracción que as cidades exercen sobre a poboación mais dinámica do territorio. Problema acentuado notablemente pola mellora das comunicacións.</p>	<p>1. Os concellos de Dumbría, Carnota e Outes lograron suavizar o declive demográfico durante a crise, probablemente co retorno de emigrantes provocado pola crise económica</p>		<p>1.Dinamización económica do territorio como vía para promover a dinamización social.</p> <p>2.Necesidade de localizar e incentivar o talento emprendedor entre a mocidade.</p> <p>3.Incentivar e potencia a oferta de servizos de envellecemento activo no territorio.</p> <p>4.Incrementar a calidade de vida e do entorno como medio para incrementar a afección da poboación, especialmente da mocidade co territorio</p>

<p>5.O 46% dos pensionistas son mulleres, o que significa unha proporción inferior en 4 puntos á media galega.</p> <p>6.as mulleres se mantiveron afastadas dos sistemas de contribución social.</p> <p>7. O ámbito do GALP Costa Sostible posúe unha taxa de natalidade moi baixa e escaseza de poboación xuvenil.</p>				
---	--	--	--	--

DAFO Ámbito socioeconómico.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Existencia dunha economía informal ou sumerxida.</p> <p>2.A destrución de contratos foi moi intensa antes do 2010; superior á doutras áreas do litoral de Galicia.</p> <p>3.Precariedade na contratación. Móvense poucos contratos e entre os que se asinan o peso dos indefinidos é maior.</p> <p>4.Os contratos a tempo parcial</p>	<p>1.Falla dunha planificación integrada da zona onde se visibilicen novas actividades económicas alternativas. É preciso seguir implementando estratexias en sectores clave da economía.</p> <p>2.Tecido empresarial deficitario, zona pouco industrializada con predominancia de pemes, con pouca capacidade para a xeración de emprego, o cal</p>	<p>1.No que atinxe aos datos por sexos, a contratación está máis repartida neste GALP Costa Sostible que no conxunto de Galicia.</p> <p>2.O GALP Costa Sostible posúe un indicador sanitario superior á media galega.</p>	<p>1.Alto potencial dos recursos endóxenos (forestais, enerxéticos, agrarios,...) con potencial de aproveitamento económico que serían complementarios da actividade pesqueira.</p> <p>2.Existencia de programas de axudas que favorecen o asentamento de iniciativas empresariais no territorio.</p>	<p>1.Dinamización económica do territorio.</p> <p>2. Diversificación de actividades económicas no territorio.</p> <p>3. Mellora da competitividade xeral do territorio e en particular dos seus sectores produtivos.</p> <p>4.Dinamización social e cultural do territorio.</p> <p>5.Potenciar actividades</p>

<p>predominan nos concellos dinámicos: Corcubión, Cee e Noia, pero tamén en Fisterra.</p> <p>5.Despece dos postos de traballo estables en favor dunha maior precariedade e temporalidade.</p> <p>6.Falta de innovación tecnolóxica do tecido empresarial.</p> <p>7.Dificultades coa tramitación de proxectos e iniciativas ante as administracións (exceso de burocracia).</p> <p>8.Escasísimo dinamismo da empresa local. Baixo nivel de emprego por empresa.</p>	<p>afecta ao despoboamento dos núcleos de poboación.</p> <p>3.Actividade económica moi terciarizada (predominancia do sector turismo, hostalería,...).</p>			<p>económicas con maior capacidade de impacto no emprego.</p>
--	--	--	--	---

DAFO Ámbito pesqueiro.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Baixa implicación e participación do sector pesqueiro coma colectivo social e coma integrante no GALP Costa Sostible. Participación limitada ao ámbito local.</p> <p>2.Capitalización deficitaria do</p>	<p>1.Problemática do saneamento integrado (uns concellos fano e outros non) do conxunto das rías que afecta aos recursos. Tamén a construción de macrodepuradoras que afectaría á concentración de auga doce e a incidencias máis</p>	<p>1.Alto potencial do sector pesqueiro con forte implantación nas economías locais.</p> <p>2.A pesca artesanal é sostible constitúe un importante xacemento de emprego.</p>	<p>1.Coñecemento dos profesionais do mar de factores que poden ser postos en valor en iniciativas de diversificación turística en terra (coñecemento de tradicións, costumes, orografía da zona,</p>	<p>1.Maior implicación do sector do mar no seu propio desenvolvemento.</p> <p>2.Maior concienciación do sector na protección dos recursos.</p>

<p>sector e das confrarías, que repercute na presentación de proxectos.</p> <p>3.Pouca mentalidade empresarial, excesivo individualismo e falta de unión do sector pesqueiro, que deriva na pouca cooperación entre confrarías da zona e na baixa promoción de iniciativas.</p> <p>4.Baixa cualificación profesional requirida para traballar no sector da pesca (outros sectores requiren máis formación).</p> <p>5.Perda progresiva de emprego no ámbito pesqueiro.</p> <p>6.Problemáticas que afectan á explotación e conservación dos recursos pesqueiros (sobreeplotación, furtivismo, contaminación das rías, pouca concienciación do sector da necesidade de preservalos).</p> <p>7. Gobernanza deficitaria do sector en relación á explotación dos recursos, e na dificultade de consensuar criterios coa administración (codecisión).</p>	<p>graves.</p> <p>2.Limitación das cotas pesqueiras, que afecta directamente ao sector pesqueiro, marisqueiro, redeiras,... e a outros sectores dependentes.</p> <p>3.Competencia desleal de produto foráneo que se identifica como galego.</p> <p>4.Medios insuficientes para atallar a problemática do furtivismo.</p> <p>5.Temor a que se dea prioridade a unha produción de acuicultura e piscicultura industrial no desenvolvemento pesqueiro.</p> <p>6.Preocupación porque o aproveitamento enerxético das zonas marítimas poida afectar aos recursos mariños.</p> <p>7.O adormecemento da limitada capacidade de iniciativa do sector do mar pola permanente política de incentivo ao sector.</p>	<p>3.Boa calidade e importante riqueza dos produtos pesqueiros en toda a zona costeira.</p> <p>4.Produción considerablemente alta dos bancos marisqueiros.</p> <p>5.Actividade pesqueira moi diversificada (asteleiros, redeiras, mariscadoras, portos pesqueiros, lonxas, ...).</p> <p>6.Forte identidade e vocación mariñeira da poboación</p> <p>7.Posta en marcha por parte dalgunhas confrarías de pescadores de iniciativas que teñen que ver coa concentración da produción e as marcas de calidade asociadas ao territorio como é o caso do polbo.</p> <p>8.Participación da muller na economía pesqueira e coñecemento das técnicas do sector.</p> <p>9.Existencia do selo promocional Km. 0 Margalaica</p>	<p>recursos,...).</p> <p>2.Forte peso da actividade pesqueira na estrutura económica local</p> <p>3.A creación de novos produtos transformados que poden poñer en valor a calidade do produto fresco.</p> <p>4.Posibilidade de concentrar a produción doutras especies para a súa comercialización a través da plataforma Lonxa na rede</p> <p>5.Oportunidade para recuperar as técnicas de produción tradicionais para mellorar a competitividade do sector en base a xeración de novos produtos asociados a identidade e a calidade.</p> <p>6.Oportunidade de utilizar aqueles produtos mais competitivos (centola,percebe, berberecho) para posicionalos nun mercado selecto.</p> <p>7.Escasa capacidade de risco e polo tanto de capacidade de</p>	<p>3.Protección permanente do recursos mariños.</p> <p>4.Incidir na formación e concienciación do sector sobre a súa misión social e relación co medio.</p> <p>5.Seguir potenciando os excepcionais produtos pesqueiros do territorio, en especial os procedentes da pesca costeira artesanal.</p> <p>6.Procurar fórmulas de incrementar o valor do produto e fixar a plusvalía ao territorio.</p> <p>7.Incrementar a cadea de valor dos produtos do mar no territorio.</p> <p>8.Potenciar e mellorar o procesado dos produtos pesqueiros no territorio e a seguridade alimentaria dos mesmos.</p> <p>9.Avanzar na integración dos descartes na cadea de valor da pesca no territorio.</p> <p>10. Necesidade de potencia a investigación no ámbito</p>
--	--	--	--	--

<p>8.Limitada capacidade do sector do mar para comprender a adaptarse ao cambios normativos.</p> <p>9.Falta de industrias que incorporen valor engadido aos produtos a través da súa transformación, sobre todo coa entrada en vigor da política de descartes.</p> <p>10.Inexistencia de iniciativas nin políticas de acción por parte do sector do mar respecto aos descartes.</p> <p>11. Escaso interés do sector do mar na colaboración cos centros de investigación mariña e, como consecuencia, limitadas sinerxias no eido do I+D+i.</p> <p>12.Desvalorización da actividade pesqueira por parte da poboación máis nova</p> <p>13.Falta de control dos produtores sobre a comercialización</p>	<p>8.Marco normativo moi regulatorio que impón cambios estruturais permanentes ao sector.</p>	<p>para poñer en valor os produtos pesqueiros do territorio fronte a produción foránea.</p> <p>10.Existencia de campañas de promoción dos produtos do mar a través da campañas gastronómicas.</p> <p>11.Presenza e puxanza do sector acuícola.</p> <p>12.O sector acuícola non xera problemas ambientais notables no territorio.</p>	<p>investimento no sector pesqueiro.</p> <p>8.Atomización e fragilidade da estrutura empresarial do sector pesqueiro que se reflicte na flota e a súa tonelaxe.</p> <p>9.Marxe para incrementar a actividade acuícola dentro duns parámetros de sistibilidade.</p> <p>10. O volumen da economía pesqueira no territorio pode seguir xenerando oportunidades de emprego indirecto a través da industria e servizos auxiliares.</p>	<p>pesqueiro como medio para incrementar a competitividade do sector e a protección dos recursos mariños.</p> <p>11.Mellorar a capacitación en xeral dos profesionais do sector e particularmente potenciar a formación para entender as canles comerciais actuais.</p> <p>12.Mellorar a transición do sector, sobre todo o relacionado coa comercialización, cara á economía dixital.</p> <p>13.Mellora da autoestima e prestixiamento social dos oficios do mar.</p> <p>14.Prestixiamento da dimensión cultural da pesca.</p> <p>15.Afondar en solucións para unha maior sostibilidade da actividade acuícola.</p>
--	---	--	---	--

DAFO Ámbito Turístico.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Explotación insuficiente do sector do turismo en varios sectores e carencia de alternativas, sobre todo no período estival ,(mariñeiro, etnográfico, náutica,...).</p> <p>2.Aproveitamento deficitario de espazos con alto potencial turístico (patrimoniais e naturais).</p> <p>3.Concentración das oferta de aloxamento en segmentos baixos, de menor calidade de tres estrelas.</p> <p>4.Moi escasa vertebración do sector dos servizos turísticos en destino e en receptivo.</p> <p>5.Infrautilización das oficinas de turismo.</p> <p>6.Falla de boas estratexias de promoción e comercialización do destino.</p> <p>7.Escaso valor aportado polos xestores dos destinos locais á actividade turística.</p>	<p>1.Elevado individualismo empresarial e carácter familiar deste , coa consecuente perda de valor de asociación e unidade na acción para conseguir aumentar o posicionamento e a rendibilidade común.</p> <p>2.Competencia doutros destinos moi similares e próximos.</p> <p>3.Escasa diversificación da oferta e perda do gasto turístico dun sector de mercado de gama media alta.</p> <p>4.Falta dun servizo ou rede de información turística.</p> <p>5.Preparación deficiente do sector hostaleiro e falta de infraestrutura hoteleira de alta categoría.</p> <p>6.Falta de información a nivel turístico e de divulgación a nivel social dos recursos patrimoniais.</p>	<p>1.Alto potencial turístico derivado da riqueza patrimonial (natural, ambiental, cultural, histórica,...) e de non ser unha ría masificada.</p> <p>2.Gran importancia do patrimonio subacuático relacionado pezos que favorece o achegamento dunha demanda especializada</p> <p>3.Existencia dun club de produto de turismo mariñeiro no territorio</p> <p>4.Posibilidade de ofrecer un produto turístico integral e asemade diversificado e complemento ao de sol e praia.</p> <p>5.Boa posición na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, e proximidade respecto do principal eixo de vertebración da Eurorrexión: O Eixo Atlántico</p> <p>6.Relación de proximidade</p>	<p>1.Melloras nas vías de comunicación coas principais cidades galegas do Eixo Atlántico e recente funcionamento da liña AVE que posicionará este destino con Madrid en tempos de desprazamento accesibles nun fin de semana</p> <p>2.Posibilidades de desenvolver unha oferta especializada no avistamento de aves.</p> <p>3.Posibilidade de definir unhas liñas de traballo cara a mellora da oferta turística complementaria a través dos integrantes do Club de Produto de turismo mariñeiro Mar Galaica.</p> <p>4.Boa disposición do conxunto da sociedade a un incremento da actividade turística nos seus municipios.</p>	<p>1.Introducir mecanismos de xestión ambiental e da paisaxe para preservar o alto potencial paisaxístico do territorio.</p> <p>2.Corresponsabilizar á sociedade da necesidade de preservación do medio como principal recurso turístico do territorio.</p> <p>3.Potenciar a colaboración entre privados e público-privada para a xestión do destino.</p> <p>4.Orientar a xestión do GALP no eido do turismo a aporta valor n ordenación e potenciación dos xeodestinos.</p> <p>5.Mellora da información turística en todo o territorio.</p> <p>6.Potenciar o enfoque de produto como medio para mellorar o impacto da actividade turística no territorio.</p> <p>7.Consolidar a oferta de turismo mariñeiro no territorio.</p> <p>8. Limitar o crecemento da oferta</p>

<p>8. Escasa e moi estéril colaboración público-privada.</p> <p>9. Enfoque turístico moi centrado nos recursos e escaso desenvolvemento do produtos turísticos</p>		<p>con Santiago: potencial do Camiño e da utilidade de infraestruturas de comunicación.</p> <p>7. Gastronomía, praias e paisaxe de calidade cun alto potencial de aproveitamento turístico.</p>		<p>aloxativa nos segmentos baixos.</p> <p>9. Potenciar a oferta aloxativa de calidade.</p> <p>10. Mellorar a calidade ambiental dos establecementos turísticos do territorio.</p> <p>11. Potenciar notablemente a oferta complementaria do destino, especialmente servizos e actividades.</p> <p>12. Potenciar a gastronomía do mar e dentro desta, a da pesca de baixura.</p> <p>13. Potenciar produtos turísticos de carácter ambiental e de escaso impacto no territorio.</p> <p>14. Potenciar a capacitación do sector.</p>
--	--	---	--	---

DAFO Ámbito medioambiental.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Propagación de especies invasoras nalgúns espazos de interese natural, desembocaduras de ríos,...</p> <p>2.Polución das augas de puntos concretos do Esteiro do Tambre.</p> <p>3.Presión urbanística sobre a franxa costeira.</p> <p>4.Escasa conciencia ecolóxica na poboación.</p> <p>5.Escaso valor ambiental pola falla de biodiversidade dos bosques do territorio.</p> <p>6.Ausencia de xestión dos medio natural.</p> <p>7.Limitada superficie das figuras de protección do ambiental.</p>	<p>1.A progresiva regresión do espazo natural e rural pola permanente urbanización en disperso.</p> <p>2.Os incendios forestais (contaminación da ría, destrución da paisaxe e recursos naturais).</p> <p>3.Problemática da calidade das augas dos ríos.</p> <p>3.Contaminación da ría pola falta de depuración no conxunto dos concellos.</p> <p>2.Falta de compromiso dos concellos no mantemento das infraestruturas de depuración e equipamentos e instalacións do territorio</p>	<p>1.A paisaxe costeira do territorio.</p> <p>2.O relativo nivel de conservación da costa en relación ás restantes Rías baixas.</p> <p>3.Alto valor ambiental dos espazos naturais e importancia dos ecosistemas das rías.</p>	<p>1.A crecente sensibilidade ambiental da sociedade en xeral.</p> <p>2.A crecente predilección de segmentos cada vez mais amplos do mercado turístico por destinos da calidade ambiental e paisaxística da Costa da Morte e Ría de Muros e Noia.</p> <p>3.A posibilidade de traducir en rendabilidade económica a través da actividade turística a calidade e espectacularidade da paisaxe costeira.</p>	<p>1.Incrementar notablemente a superficie protexida tanto marítima como terrestre.</p> <p>2.Introducir mecanismos de xestión ambiental e da paisaxe para preservar o alto potencial paisaxístico do territorio.</p> <p>3.Corresponsabilizar á sociedade da necesidade de preservación do medio e do paisaxe.</p> <p>4.Incidir na concienciación ecolóxica de axentes clave no territorio como as confrarías e os concellos.</p> <p>5.Potenciar ás áreas de protección dos recursos mariños.</p> <p>6.Crear unha cultura de aproveitamento e xestión dos descartes, con especial incidencia na limitación das capturas non desexadas.</p>

DAFO Ámbito do patrimonio cultural.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
<p>1.Ausencia de perspectiva para a recuperación das salazóns, conserveiras e carpinterías de ribeira pola política de impedir cambios de usos das mesmas.</p> <p>2.Escasa posta en valor e divulgación do patrimonio en xeral.</p> <p>3.Mantemento e conservación deficitaria de recursos patrimoniais, que foron recuperados e rehabilitados.</p> <p>4.Falta de itinerarios costeiros que poñan en valor a riqueza patrimonial e conecte o patrimonio existente en diferentes concellos.</p> <p>5.Ausencia de medidas de promoción e posta en valor do patrimonio.</p>	<p>1.Importantes elementos do patrimonio natural, arquitectónico, arqueolóxico con falta de figuras de protección.</p> <p>3.Mala conservación do patrimonio en casos concreto do territorio (Mosteiros abandonado. Patrimonio arquitectónico popular....)</p>	<p>1.Importante riqueza e gran diversidade patrimonial tanto no medio rural coma no pesqueiro.</p> <p>2.Importante patrimonio cultural catalogado (BIC).</p>	<p>1.Variada oferta cultural de actividades ao longo do ano, así como festas e celebracións tradicionais sobre todo na época estival.</p> <p>3.Amplo patrimonio cultural material e inmaterial, que podería aproveitarse como reclamo turístico (pequenas embarcacións, lonxas, faros, festas mariñeiras, cancións, asteiros....).</p> <p>2.Importancia do valor histórico, patrimonial e económico do Camiño de Santiago, que discorre pola zona(Iniciativa de Camiño dende Muros que se atopa documentada).</p>	<p>1.Rehabilitación do patrimonio cultural costeiro.</p> <p>2.Integración da dimensión cultural e paisaxística nas intervencións sobre o territorio</p> <p>3.Posta en valor, en xeral, do patrimonio cultural do territorio.</p> <p>4.Mellorar a comunicación e divulgación do patrimonio cultural do territorio.</p> <p>5.Potenciamento do patrimonio material e inmaterial marítimo como sinal de identidade do territorio.</p>

DAFO Ámbito dos programas estratéxicos.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
-**Pesca e turismo** levan a maior parte do presuposto, o que indica a nosa aposta por posicionar o territorio naqueles eidos con maior potencial. Ademais, dentro de cada un destes sectores hai **liñas de especialización** (transformación, novos produtos, turismo mariñeiro). Incluso o resto de obxectivos estratéxicos reforzan os dous principais.

Como se fomenta.

-Nas Liñas de Actuación e Medidas concretas. O catálogo de iniciativas subvencionables concentra os esforzos nestes campos.

Destacamos

-A aposta polo **turismo mariñeiro** como un recoñecemento e potenciamento dunha das nosas bazas máis competitivas e que ademais está aliñada coa RIS3 Galicia, o regulamento do FEMP ou a estratexia de Crecemento Azul da Unión Europea. E dentro disto, o reforzo dunha actuación específica, o Club de Turismo Mariñeiro MarGalaica, como unha aplicación concreta.

Apoio á innovación.

-A EDLP quere primar, en tódolos sectores produtivos, aquelas iniciativas que aportan **elementos diferenciadores** no territorio.

-Apoio a **novas tecnoloxías** (TIC e TFE), pola súa capacidade de xerar valor engadido.

-Apoio a **investigacións de carácter industrial e comercial** como clave para chegar á innovación.

Como se fomenta.

Medidas concretas respecto da **investigación**, medidas específicas de apoio a novos produtos e servizos en pesca e turismo, medida específica de apoio a **iniciativas de base tecnolóxica**, apoio á **acuicultura**, apoio a iniciativas en pesca e outros sectores que implique **innovación en procesos**, etc. O Obxectivo Estratéxico 2 aposta por unha diversificación que concentra a maior parte do presuposto en actividades cun algo grao de innovación e coñecemento.

177

Destacamos.

-A medida 1.4.1.2 de apoio á implantación de empresas de **servizos á acuicultura** e a medida 2.5.1.1 de investimentos en empresas de **servizos relacionados coas enerxías mariñas** (excluída a xeración de enerxía): ambas refírense a empresas desenvolvidas arredor doutras (plantas acuícolas, plantas xeradoras) con alto valor engadido e que, por tipoloxía, ofrecerán servizos moito máis alá do territorio, con importantes retornos en capital.

-A Liña 2.5.3 de apoio específico a iniciativas da **economía do coñecemento**.

Aliñamento estrito da política de Animación co Plan de Axudas.

-O GALP Costa Sostible será un **animador efectivo do territorio**. Xa dende esta EDLP definimos actuacións concretas para conseguilo.

Como se fomenta.

A estratexia de Animación irá orientada, claramente, a financiar actuacións que supoñan un apoio aos proxectos aprobados e aos promotores: formación en xestión empresarial, capacitación en estratexias RSC e sostibilidade, promoción de servizos, produtos e sectores incluídos nas Liñas Estratéxicas, etc.

Destacamos.

-**Captación activa de emprendedores** para fomentar o investimento foráneo no territorio, que deberá estar sometido aos criterios de sostibilidade da EDLP.

-A inclusión nos Criterios de Valoración do **compromiso por parte do promotor de participar en programas formativos** do GALP sobre a xestión de negocio -mellora por tanto da cualificación e da gobernanza da empresa- e sobre a RSC. Esta esixencia acompáñase da programación dos cursos a cargo da partida de Animación.



9. CONTRIBUCIÓN DA ESTRATEXIA Á XERACIÓN DE EMPREGO.

Apoio xeral ao emprego.

Loxicamente, a EDLP e o propio FEMP buscan a creación de emprego como obxectivo fundamental. Mais alá do impacto global da Estratexia neste sentido, destacamos:

178

- Apoio clave dun sector, o turismo, con **grande capacidade de xeración de emprego** pola importancia dos servizos persoais nas súas actividades.
- Accións específicas de **calificación dos traballadores** en distintos sectores.
- Programas específicos de **captación de investidores** fóra do territorio e de investigadores para captar proxectos condicionados ao nivel de xeración de emprego, con cargo ao presuposto de Animación.
- Ampliación da axuda máxima** (dos 500.000 € do tope xeral aos 1.100.000 €) en base exclusivamente a criterios de emprego, regulando esta ampliación mediante un ratio de investimento/emprego. Con isto queremos atraer iniciativas de grande tamaño, soamente cando teñen un alto impacto no emprego, e sempre axustándose aos criterios de sostibilidade.
- Vinculación directa da porcentaxe de axuda á creación de emprego en todos os proxectos, especialmente nos produtivos e incidencia na calidade do mesmo, a través dos **Criterios de Valoración**.
- Vinculación desta ampliación da axuda máxima a inclusión de **colectivos desfavorecidos**.
- Apoio específico aos **obradoiros de artesáns** (medida 2.6.1.1) como reforzo do autoemprego.

Apoio ao emprego cualificado e de calidade.

- Apoio específico, en diversas medidas, a iniciativas que implican a **creación de emprego cualificado**. Son as vinculadas ás TIC e TFE (Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais), comercio on line, enxeñerías, economía dixital e do coñecemento, servizos á acuicultura, servizos a empresas enerxéticas, etc. e, en xeral, de alto valor engadido.
- Programas de **calificación** nos distintos sectores.
- Introducimos nos criterios de valoración a variable de 'xeración de emprego cualificado' coa que pretendemos potenciar a incorporación de profesionais titulados en postos acordes a súa titulación.

E, vinculado ao emprego, queremos destacar tamén as medidas específicas de **mellora das condicións de traballo** no sector do marisqueo (Liña 1.3.1).

Apoio ao emprego de calidade.

- Na proposta de criterios de valoración de iniciativas asociados á estratexia incorporamos a ponderación do compromiso de creación de emprego estable mediante a presentación de contratos indefinidos de traballo.

10. CONTRIBUCIÓN DA ESTRATEXIA Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E Á NON DISCRIMINACIÓN.

Bo Goberno do GALP.

- Incorporación ao GALP de **novas entidades** de representación de colectivos de mulleres.
- Acción específica do GALP, e xa do actual GAC, que está promovendo a creación dunha **Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro**, na que tentará que estean representadas tódalas actividades do sector.

Medidas específicas na estratexia de RSC.

- Creación no GALP dun **grupo de traballo específico** relativo á igualdade de xénero. Crearase unha mesa específica, dando especial relevancia ás mulleres do sector pesqueiro, aproximando a súa representación ao 49%
- Referencia específica ao traballo de **empoderamento das mulleres** e de **acceso a postos directivos**. Difusión entre as entidades asociadas da implantación de programas de igualdade no acceso a postos directivos.
- Promoción da **conciliación da vida familiar e laboral**, en particular no establecemento de horarios.
- Programa piloto de **enrolamento das mulleres nas embarcacións pesqueiras**, en atención a unha problemática moi específica das mulleres do mar.

179

Medidas específicas nos Criterios de Valoración.

- Inclusión de Criterios de Valoración específicos no caso de actividades produtivas para favorecer aos proxectos que comprometan a xeración de **emprego feminino**.
- Nos Criterios de Valoración de proxectos non produtivos valorarase o fomento da participación das **mulleres na toma de decisións** da organización.
- Tamén nos criterios de valoración trátase de consolidar a **empresa familiar** e o relevo xeracional valorando adicionalmente a vinculación de primeiro grao co sector pesqueiro tanto na realización de iniciativas como no emprego que xeren as mesmas.

Medidas específicas no Programa de Axudas.

- Medida específica de apoio á mellora das **condicións de traballo** no marisqueo, actividade fundamentalmente feminina co obxectivo de fomentar a incorporación de novas mulleres para relevo xeracional.

Medidas adicionais.

- Indicamos diversas medidas non recollidas noutros puntos da Estratexia.
- Fomentar el acceso a la **titularidade compartida** en explotacións acuícolas, por exemplo bateas.
 - Nas negociacións do GALP con entidades financeiras e con sociedades de garantía recíproca tentárase de facilitar as condicións de financiamento para as mulleres vinculando a concesión do crédito exclusivamente á resolución de concesión de axudas, **evitando toda referencia aos bens gananciais**.
 - Estudo cualitativo e cuantitativo** que permita dar visibilidade á realidade das mulleres no sector pesqueiro do territorio.



- Preferencia das mulleres** nos programas de capacitación e de apoio a emprendemento.
- Fomento do **asociacionismo** das mulleres, en particular do sector pesqueiro.

11. CONTRIBUCIÓN AO PRINCIPIO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

A sostibilidade é o elemento nuclear da nosa Estratexia.

Unha das preocupacións no proceso de redacción da mesma era dar contido, consistencia e verosimilitude ao concepto de sostibilidade. Por este motivo, prestouse especial coidado a que a misión fose permeable a toda a EDLP e, polo tanto, está presente en tódolos niveis.

Concepción xeral da Estratexia.

-A propia denominación do ámbito de actuación como **Territorio Costeiro Sostible**.

-O cambio de nome do GAC a **GALP Costa Sostible**.

-A definición da **Misión** e da **Visión** da EDLP en base ao concepto de sostibilidade.

Concreción de accións no Plan de Acción.

-Deseño na **política de RSC** de medidas concretas no eido da sostibilidade.

-Integración xeral do **regulador 'sostibilidade'** en todos os Obxectivos e concreción do mesmo en Liñas de Actuación e Medidas.

Criterios de Selección Valoración.

-A **sostibilidade económica e financeira** como requisito excluínte de acceso ás axudas. Ademais, a sostibilidade medioambiental e social ven dada pola necesaria inclusión dos proxectos nalgunha das Liñas de Actuación.

-Creación de **puntos de valoración** vinculados ao compromiso de aplicación de RSC e da sostibilidade do proxecto.

Recapitulación de medidas.

Dado que o desenvolvemento sostible inclúe moitos dos aspectos tratados nos apartados anteriores, tamén no seguinte, aquí facemos unicamente unha enumeración recapitulativa.

-**Integración en programas** xerais de desenvolvemento de ámbito territorial superior: RIS3 Galicia, aliñamento cos obxectivos do FEMP, Crecemento Azul, Desenvolvemento Local Participativo, para que estes actúen a favor do territorio.

-**Integración con entidades** e políticas sectoriais locais e supralocais (xeodestinos, Plan Integral de Turismo de Galicia, programas Leader, etc.) para unha maior eficiencia dos investimentos.

-Sinatura do **Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible**, de implicación de tódolos membros do GALP.

-Aplicación dunha **política ambiciosa e con efecto demostrativo de RSC**, en particular para a difusión de valores de accións de Bo Goberno e Sostibilidade.

-Busca do crecemento a través de formas de **aproveitamento máis eficiente e sostible dos recursos**: acuicultura, aproveitamento de descartes e subprodutos, incidencia nos procesos de maior valor engadido...

-**Diversificación** para un aproveitamento integral do territorio e crecemento intelixente a través de sectores baseados nos produtos locais e con interaccións positivas entre eles (pesca, cultura, turismo).

181



- Apoio a proxectos que implican a creación de **postos de traballo** e, en particular, de **empregos de calidade** como xeito de asentarse á poboación.
- Creación de **guías de orientación** a promotores en RSC, sostibilidade ambiental e adaptabilidade.
- Estímulo aos promotores **nos criterios de valoración** para incorporar variables de sostibilidade nos proxectos.

12. COMPLEMENTARIEDADE, COORDINACIÓN E COOPERACIÓN CON OUTROS INSTRUMENTOS OU INTERVENCIÓNS NA ZONA.

Na base.

Na Análise Diagnóstica que abre o presente documento analizabamos as figuras e entes con competencias no territorio e as relacións de cooperación ou preeminencia de normas.

No diagnóstico, de xeito xenérico, establecíamos a necesidade de colaboración e incremento da coordinación entre axentes do territorio. Esta colaboración reflectirase nas seguintes accións.

- Colaboración cos demais GALP e outras entidades de desenvolvemento territorial.
- Creación de sinerxías cos entes turísticos con competencias no territorio.

Entidades de referencia para a colaboración.

Grupos de Desenvolvemento Local (GDR). O ámbito territorial do GALP coincide parcialmente con dous GDR: Costa da Morte e DELOA (Barbanza-Sar-Noia e Muros). Dado que o desenvolvemento da estratexia de GDR e GALP non coincidiu no tempo e os GDR están aínda en fase de constitución e definición de ámbito xeográfico, carecíamos de interlocutor co que establecer compromisos vinculantes na coordinación de estratexias. Ata a data actual suscribiuse acordo de colaboración co GDR Costa da Morte nos termos que se indican de seguido e que serven de referencia para a negociación que se está mantendo con DELOA:

1-O GALP, como primeiro dos dous grupos en pechar a súa Estratexia Local de Desenvolvemento Participativo, pon a disposición de cada GDR dita Estratexia e comprométese a presentar e aclarar cantos aspectos sexan requiridos sobre a mesma dende o GDR.

2-O GDR comprométese a tomar en consideración dita Estratexia á hora de desenvolver a súa, especialmente no que se refire a súa aplicabilidade nos municipios compartidos.

3-No momento de elaboración da Estratexia Local do GDR, ámbolos dous grupos comprométese a manter cantas reunións sexan precisas coa fin de coordinar e buscar o mellor e máis responsable encaixe de ambas estratexias nos municipios coincidentes.

4-Manter aberta a comunicación e o fluxo de información entre ambos organismos durante o período de programación 2015-2020.

Xunta de Galicia. Axencia Turismo de Galicia. Dado que a na nosa estratexia o turismo cobra un peso notable prevemos unha serie de medidas específicas a través das cales establecer complementariedades e cooperación co organismo autonómico de xestión turística:

2.1.1.1 Apoio a iniciativas locais integrables nos Produtos Cabeceira de Marca de Galicia.

2.1.1.2 Potenciamento do produto xacobeo.

2.1.1.3 Integración no Club da Auga de Galicia.

183



Xeodestinos Costa da Morte e Ría de Muros e Noia. O momento de redacción da EDLP coincidiu co momento no que se estaba a materializar a concreción dos Xeodestinos Costa da Morte e Ría de Muros e Noia, polo tanto, foi un clamor do empresariado e concellos a necesidade de coordinación e colaboración cos propios xeodestinos, e mesmo co GAC / GALP Costa da Morte para coordinar a colaboración co xeodestino Costa da Morte. Esta situación deu pe á incorporación na nosa Estratexia dunha Liña de Actuación e Medidas específicas:

2.1.2. Planificación turística integrada.

2.1.2.1. Programas de actuación dos xeodestinos Costa da Morte e Ría de Muros e Noia.

184

Principio de coexistión.

A complementariedade e coordinación dentro da nosa Estratexia tamén cobre outra dimensión, o reforzo expreso que facemos dende ela á xeración de lazos e vínculos de colaboración de axentes dentro do noso territorio e entre socios do GALP para o desenvolvemento de proxectos e iniciativas de xeito conxunto. O principio que rexe esta orientación é o da **coexistión**. De feito, tanto no Plan de Acción como nos Criterios de

13. REDES DE TRABAJO

Traxectoria acreditada.

Impulsores de iniciativas conxuntas.

Xa no anterior período, a colaboración e o funcionamento en rede foi un dos sinos de identidade do noso grupo. Dentro desta filosofía, o proxecto de turismo mariñeiro **MarGalaica** e o evento de gastronomía mariñeira **Come o Mar** ampliáanse a toda a costa de Galicia a través dos restantes GAC.

Participación en redes.

Por outro lado, dentro da nosa estratexia, contemplouse a colaboración activa con todo tipo de organismos e redes, dentro do que se encadra a nosa participación na **Red Española de Grupos Pesca**.

185

Novidades.

Potenciar o que funciona.

- Mantemos e reforzamos a aposta por MarGalaica para a xestión conxunta do produto galego de turismo mariñeiro.
- Apoio a eventos de carácter suprazonal, como Come o Mar, ben a nivel galego, ben en colaboración con GALP que compartan medidas comúns en campos concretos: comercialización pesqueira, campañas Kilómetro 0, etc.

Creación de rede para a sostibilidade.

A nosa aposta mais importante é o lanzamento dunha proposta de creación da **Rede de Territorios Costeiros Sostibles**, con posibilidades de ampliación do marco referencial ata o ámbito europeo. Os obxectivos desta rede serían:

- Difundir, compartir e reforzar valores e estratexias de sostibilidade; será unha rede de transferencia de coñecemento.
- Potenciar o GALP como ente de referencia na aplicación de políticas e metodoloxías de sostibilidade territorial.
- Reforzar a notoriedade exterior do noso grupo.



6. PLAN DE FINANCIAMENTO



1. DISTRIBUCIÓN GLOBAL DE ORZAMENTO

Cadro resumo

189

TOTAIS		
CUSTOS TOTAIS EDLP	9.436.870,88	100,00%
Custos de Xestión	2.359.217,72	25,00%
Programa de Axudas	7.077.653,16	75,00%
Custos de Xestión		
Total	2.359.217,72	
Explotación	471.843,55	20,00%
Animación	1.887.374,17	80,00%
Programa de Axudas		
Total	7.077.653,16	
Por Obxectivos		
Obx. 1 Sector Pesqueiro	2.742.590,59	38,75%
Obx. 2 Diversificación económica	2.913.633,88	41,17%
Obx. 3 Patrimonio natural e cultural	1.421.428,69	20,08%
Productivos/Non Productivos		
Productivos	4.600.474,55	65,00%
Non Productivos	2.477.178,61	35,00%

Porcentaxes.

-As porcentaxes de Explotación e Animación refírense ao total dos Custos de Xestión.

-As porcentaxes de Obxectivos e Finalidade refírense ao total do Plan de Axudas.



Distribución anual

190

	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	ANO 5	TOTAL
PROGRAMA DE AXUDAS						
OBX. 1 SECTOR PESQUEIRO						
PRODUCTIVOS	423.479,58	423.479,58	423.479,58	423.479,58	423.479,58	2.117.397,90
NON						
PRODUCTIVOS	125.038,54	125.038,54	125.038,54	125.038,54	125.038,54	625.192,70
OBX. 2 DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA						
PRODUCTIVOS	467.125,11	467.125,11	467.125,11	467.125,11	467.125,11	2.335.625,55
NON						
PRODUCTIVOS	115.601,67	115.601,67	115.601,67	115.601,67	115.601,67	578.008,35
OBX. 3 PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL						
PRODUCTIVOS	29.490,22	29.490,22	29.490,22	29.490,22	29.490,22	147.451,10
NON						
PRODUCTIVOS	254.795,51	254.795,51	254.795,51	254.795,51	254.795,52	1.273.977,56
TOTAL PROGRAMA AXUDAS						
	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,64	7.077.653,16
CUSTOS DE XESTIÓN						
EXPLOTACIÓN	377.474,84	377.474,84	377.474,83	377.474,83	377.474,83	1.887.374,17
ANIMACIÓN	94.368,71	94.368,71	94.368,71	94.368,71	94.368,71	471.843,55
TOTAL CUSOS DE XESTIÓN						
	471.843,55	471.843,55	471.843,54	471.843,54	471.843,54	2.359.217,72
TOTAL FINANCIAMENTO EDLP						
	1.887.374,18	1.887.374,18	1.887.374,17	1.887.374,17	1.887.374,18	9.436.870,88

Resumo Productivos/Non Productivos

PRODUCTIVOS	920.094,91	920.094,91	920.094,91	920.094,91	920.094,91	4.600.474,55
NON						
PRODUT.	495.435,72	495.435,72	495.435,72	495.435,72	495.435,73	2.477.178,61
Total	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,63	1.415.530,64	7.077.653,16

Plan de Financiamento do Plan de Acción (Detalle ata Liña de Actuación)

	PRODUCTIVO	NON PROD.	TOTAL	
Obxectivo Estratéxico 1 SECTOR PESQUEIRO	2.117.397,88	625.192,71	2.742.590,59	38,75%
1.1 Fomento dun sector pesqueiro sostible ambientalmente, eficiente no uso dos recursos, innovador, competitivo e baseado no coñecemento.	979.075,34	147.451,11	1.126.526,45	15,92%
1.1.1 Mellora da competitividade e da innovación na industria-pesqueira local.	737.255,53	0,00	737.255,53	10,42%
1.1.2 Valorización dos produtos da pesca local mediante o apoio á comercialización e presenza nos mercados dos produtos pesqueiros así como o potenciamento do valor engadido dos mesmos.	241.819,81	147.451,11	389.270,92	5,50%
1.2 Sostibilidade da actividade pesqueira.	648.784,87	123.858,93	772.643,80	10,92%
1.2.1 Valorización de descartes, subprodutos e residuos vinculados á actividade pesqueira.	648.784,87	23.592,18	672.377,05	9,50%
1.2.2 Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños.	0,00	100.266,75	100.266,75	1,42%
1.3. Empoderamento e autoestima do sector pesqueiro.	47.184,35	353.882,67	401.067,02	5,67%
1.3.1 Mellora das condicións de traballo das mulleres do sector pesqueiro.	0,00	117.960,89	117.960,89	1,67%
1.3.2 Cualificación profesional do sector.	47.184,35	117.960,89	165.145,24	2,33%
1.3.3 Candidatura do marisqueo na Ría de Muros e Noia a Patrimonio Mundial da UNESCO.	0,00	117.960,89	117.960,89	1,67%
1.4 Fomento dunha acuicultura sostible ambientalmente, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento.	442.353,32	0,00	442.353,32	6,25%
1.4.1 Apoio á acuicultura sostible.	442.353,32	0,00	442.353,32	6,25%
Obxectivo Estratéxico 2 DIRVERSIFICACIÓN ECONÓMICA	2.335.625,55	578.008,33	2.913.633,88	41,17%
2.1 Creación de sinerxías cos entes turísticos con competencias no territorio.	0,00	200.533,50	200.533,50	2,83%
2.1.1 Potenciamento de iniciativas locais coherentes coas políticas da Axencia Turismo de Galicia.	0,00	129.756,97	129.756,97	1,83%
2.1.2 Planificación turística integrada.	0,00	70.776,53	70.776,53	1,00%
2.2 Sostibilidade do turismo mariñeiro no territorio.	94.368,71	82.572,62	176.941,33	2,50%
2.2.1 Potenciamento do Club de Produto MarGalaica.	94.368,71	82.572,62	176.941,33	2,50%
2.3 Crecemento económico e do emprego a través da mellora da competitividade do destino.	524.925,94	70.776,53	595.702,47	8,42%
2.3.1 Mellora da infraestrutura dos negocios turísticos.	524.925,94	0,00	524.925,94	7,42%
2.3.2 Cooperación entre empresas e axentes turísticos do territorio.	0,00	70.776,53	70.776,53	1,00%
2.4 Potenciar a creación de oferta turística de calidade xeradora de emprego.	1.132.424,51	47.184,36	1.179.608,87	16,67%
2.4.1 Apoio ao investimento turístico xerador de emprego.	1.132.424,51	47.184,36	1.179.608,87	16,67%
2.5 Potenciamento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o aumento da eficiencia enerxética.	495.435,73	88.470,66	583.906,39	8,25%
2.5.1 Potenciamento da industria e servizos vinculados á náutica e ás enerxías mariñas.	336.188,53	88.470,66	424.659,19	6,00%
2.5.2 Incrementar o peso da economía dixital no territorio mediante o impulso das TIC e as TFE no sector pesqueiro, náutico e no territorio en xeral.	94.368,71	0,00	94.368,71	1,33%
2.5.3 Potenciar iniciativas empresariais que se baseen no coñecemento e a especialización.	64.878,49	0,00	64.878,49	0,92%
2.6 Desenvolvemento da artesanía e oficios tradicionais.	88.470,66	88.470,66	176.941,32	2,50%
2.6.1 Asentamento de artesáns no territorio.	88.470,66	88.470,66	176.941,32	2,50%
Obxectivo Estratéxico 3 PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	147.451,12	1.273.977,57	1.421.428,69	20,08%
3.1 Mellora da calidade ambiental e paisaxística do contorno costeiro.	0,00	530.823,99	530.823,99	7,50%
3.1.1 Accións de mellora do contorno natural e cultural.	0,00	530.823,99	530.823,99	7,50%
3.2 Recuperación do patrimonio cultural costeiro.	147.451,12	578.008,34	725.459,46	10,25%
3.2.1 Apoio á rehabilitación e posta en valor de bens materiais e inmateriais do patrimonio cultural costeiro.	147.451,12	578.008,34	725.459,46	10,25%
3.3 Salvagarda da cultura marítima tradicional.	0,00	165.145,24	165.145,24	2,33%
3.3.1 Apoio á recuperación da cultura marítima tradicional.	0,00	165.145,24	165.145,24	2,33%
Total	4.600.474,55	2.477.178,61	7.077.653,16	100%

7. CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL



1. EXPERIENCIA EN DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO.

Entidade xestora dos fondos FEMP (2015-2020).

GALP COSTA SOSTIBLE A entidade xestora dos fondos será a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa Sostible, continuidade do GAC Seo de Fisterra - Ría de Muros - Noia, que asina esta EDLP.

Identificación do GAC.

Denominación: Asociación Grupo de Acción Costeira Seo de Fisterra-Ría de Muros- Data de constitución: 3 de outubro de 2008, en Muros.

Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar para a xestión dos fondos do Eixo 4 do FEP 2007-2013: 27 de agosto de 2009.

Situación xurídica e continuidade GAC-GALP.

O GALP Costa Sostible será a mesma persoa xurídica que o GAC Seo de Fisterra - Ría de Muros - Noia.

-O novo GALP creárase mediante modificación de Denominación e Estatutos do actual GAC, de xeito que asumirá as obrigas legais deste, en particular as derivadas da súa condición de xestor dos fondos do Eixo 4 do FEP. Non hai cambio de persoa xurídica.

-Compromisos individuais de todas as entidades socias do actual GAC de permanecer como tales no novo GALP.

-O GALP seguirá incluíndo:

-O 100% das Confrarías de Pescadores e Entidades profesionais do sector pesqueiro.

-O 100% dos Concellos.

-Todas as entidades dos Sectores Económico e Social do actual GAC, e outras novas.

-Mantén o mesmo ámbito territorial.

Representatividade.

Formado por 41 membros, o GALP inclúe:

-O 100% das **Confrarías e Asociacións profesionais** pesqueiras do territorio.

-O 100% dos **Concellos**.

-Todas as principais **asociacións empresariais** e, en particular, as de interese turístico, sector clave nesta EDLP.

-A maioría e máis representativas **asociacións de carácter cultural e social**. En particular, inclúe a representación de intereses específicos de especial importancia: **mulleres, discapacitados**, e asociacións vinculadas coa posta en valor do **patrimonio cultural** marítimo e **deportivas** (entre estas, os clubs náuticos).

Territorio.

Ao ser creado ex-profeso para a xestión dos fondos do Eixo 4 do FEP, no período anterior, é a única entidade que abrangue todo o territorio. Este, está dividido, na súa dinámica económica, social e identitaria en dúas zonas diferenciadas (Seo de Fisterra ou Ría de Corcubión e Ría de Muros e

195



Noia), o que revaloriza a traxectoria do GAC 4/GALP Costa Sostible como **foro de unión** e de planificación estratéxica de todo o conxunto.

Eficacia na xestión orzamentaria.

O GAC 4 / GALP Costa Sostible amosa uns datos de execución orzamentaria do Eixo 4 do FEP do **95,6%**, dato moi notable tendo en conta que, xunto co Grupo Costa da Morte, dispuña do maior presuposto dos grupos galegos.

196

Execución orzamentaria. GAC Seo de Fisterra -Ría de Muros-Noia.				
Liñas Estratéxicas do PEZ	Tipo de proxecto	TOTAL	Orzamento PEZ	% Execuc.
1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización.	Produtivos	144.746,35		
	Non Produtivos	251.919,67	1.500.312,47	26,44%
2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación.	Produtivos	3.188.220,74		
	Non Produtivos	658.725,52	3.600.749,92	106,84%
3. Mellora do contorno natural e a calidade medioambiental.	Produtivos	-		
	Non Produtivos	1.419.486,25	900.187,48	157,69%
TOTAL PRODUCTIVOS		3.332.967,09	3.629.088,20	91,84%
TOTAL NON PRODUCTIVOS		2.330.131,44	2.372.161,66	98,23%
TOTAL PROXECTOS		5.663.098,53	6.001.249,86	94,37%
Gastos de Xestión		878.292,66	878.292,66	100,00%
Gastos de Dinamización		813.333,33	813.333,33	100,00%
TOTAL PEZ		7.354.724,52	7.692.875,85	95,60%

Experiencia na xestión do Eixo 4 FEP (2007-2013; datas efectivas: 2009-2015).

FICHA DE XESTIÓN: EIXO 4 FEMP

Entidade

Asociación Grupo acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia

Denominación do programa/proxecto

Grupos Acción Costeira 2007-2013
EIXO 4 FEP

Período de execución

2009-2015

Orzamento executado

7.354.724,52

Número de actividades ou proxectos desenvolvidos

57 proxectos executados e a seguinte relación de actividades a destacar:

Implantación do **Club de Produto de Turismo Mariñeiro MarGalaica**, Implantación do Selo Promocional **Kilómetro 0 MarGalaica**, Creación da Campaña **Come O Mar**, Realización do programa **Mar MarGalaica Ensina**, Creación da **Ruta dos Naufraxios - Galician Seas Shipwreck**, Desenvolvemento do proxecto **Empreamar**, Creación da **Marca Polbo de Lonxa** e da **Plataforma Virtual Lonxa na Rede**.

NÚMERO DE ASOCIADOS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA

40

Ambito territorial de actuación.

Os concellos de: Fisterra, Corcubiión, Cee, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia e Porto do Son

Obxectivos principais do programa

Obxectivo xeral

Conseguir mellorar a calidade de vida nas zonas pesqueiras a través da creación de sinerxías territoriais que contribúan ao desenvolvemento local desde unha perspectiva social, económica e ambiental.

Obxectivos intermedios

1. Fortalecer o sector da pesca a través do control dos procesos de comercialización, de maneira que se evite a fuga de valor engadido e se manteñan as rendas mariñeiras nunhas condicións dignas.
2. Traballar os activos económicos do territorio que contribúan a frear a emigración do sector máis novo da poboación e a mellorar a calidade de vida das familias mariñeiras a través da diversificación das súas rendas.
3. Mellorar a competitividade das zonas de pesca.
4. Garantir a sostibilidade do medio mariñeiro a través da complementariedade entre a protección dos valores ecoculturais e o seu aproveitamento para a realización de actividades turísticas, culturais e de tempo libre.
5. Conseguir a integración dos sectores de poboación con máis dificultades (xente nova, mulleres e discapacitados) a través da posta en marcha de medidas que lles dean prioridade sobre o emprego.
6. Conseguir o efecto demostrativo do Plan Estratéxico Zonal a través da utilización das ferramentas que o propio Plan de Acción Costeira pon en marcha para a sensibilización, o reforzo do coñecemento e a transferencia das leccións aprendidas.

197

Estratexias de participación desenvolvidas

Para a posta en marcha do programa fixéronse as seguintes accións de participación

Reunións de Traballo (2), Mesas Sectoriais (6): Sector Pesqueiro (3) Sector Institucional, Sector Empresarial e, Sector social, **Xuntas Directivas/Asembleas Xerais e Novas en prensa(7)**.

Para a execución do programa desenvolvéronse as seguintes accións de participación realización de mesas sectoriais (27) unha vez ao ano e cando resultase oportuno para o desenvolvemento de accións, podemos cuantificar 5 do sector social, 8 do sector público, 8 do sector pesqueiro e 6 do sector económico.

Realizáronse un total de 54 Xuntas Directivas e un total de 6 Asembleas de carácter ordinario e 7 de carácter extraordinario,

Reunións con colectivos específicos: Axentes locais de emprego, Representantes de entidades bancarias, traballadores de asesorías, mariscadoras, redeiras, asociacións de empresarios, ..

Mesas de traballo especializadas na área de turismo.

Establecemento de comisións de seguimento de determinadas actividades, así como de mesas de contratación.

Descrición do instrumento de financiamento.

Fondos Europeos: FEP

Administración autonómica: Consellería do Mar.

Administración Estatal: Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

Socios estranxeiros



Non.

Descrición dos principais fitos acadados

57 proxectos executados que levaron consigo a creación de **92,46** postos de traballo que supoñen un total de 5.977.286,20€ axuda concedida e un total de 4.799.516,10 investimento xerado.

Coa execución do programa Grupos de Acción Costeira conséguese a **implicación do sector pesqueiro cos outros sectores económicos** nun proxecto común xa que ata o momento actuaba de maneira illada, aséntase unha nova forma de traballo no territorio orientada a **diversificación** de actividades do propio sector cara o sector turístico de aí o nacemento do **Club de Produto de Turismo Mariñeiro MarGalaica**, manifestándose esta liña de traballo nos proxectos executados na área de turismo que deberán cumprir cos requisitos do manual de calidade deste club de produto. Este tipo de acción xunta con outras como a **Ruta dos Naufraxios** o selo promocional **Kilómetro 0** ou a posta en valor do **Corredor Costeiro Fisterra-Son** contribuíron a reforzar a **identidade** desta franxa costeira.

2. ESPAZOS DE TRABALLO E DOTACIÓNS PARA A XESTIÓN DA EDLP.

Multisede e proximidade.

Debido á estrutura dispersa do territorio (máis de 1,5 h de percorrido por estrada entre Fisterra e Porto do Son), mantemos a estrutura multi-sede, con **atención ao público en tres puntos do territorio**.

Sede Social, Muros	Aportada polo Concello de Muros, nas instalacións municipais.
Localización	É sede social e, ademais, punto de atención ao público. Casa do Concello, Curro da Praza, 1. 15250 Muros 981 826 050 638033467
Apertura ao público	1 día por semana
Instalacións	Pequena oficina no interior do edificio do Concello
Equipos	Equipo informático completo para un posto de traballo, Teléfono e Fotocopiadora.
Outros servizos	O Concello aporta o servizo de recepción de correo, ó estar localizada a sede social da asociación no Concello de Muros por ser o punto intermedio do territorio, o Concello pon a disposición do Galp unha sala de reunións para a celebración de Xuntas Directivas e Asembleas ou outras reunións que poidan xurdir.

199

Sede Operativa, Noia	Aportada polo Concello de Noia, en instalacións municipais
Localización	Instalacións centrais e centro de traballo principal do equipo técnico. Edif. Municipal de Servizos Administrativos Rúa Espírito Santo, 4 15200 - Noia 981 822 754 638033467
Apertura ao público	Tódolos días
Equipo	Xerente, terá como principal centro de traballo esta oficina. Equipo administrativo e técnico. Estará centralizado nesta oficina.
Instalacións.	-Despacho de xerencia. -Sala administrativa, con dous postos de traballo e espazo de arquivo. -Sala de conferencias e reunións, con capacidade para máis de 50 persoas.
Equipos.	-Equipo ofimático completo para 3 postos de traballo. -Equipos de comunicación e auxiliares (teléfono, fax, impresión...).
Observacións	-Proxector de vídeo. Aínda que no edificio están instalados outros servizos, na práctica, a planta principal e primeira están destinadas integramente ao actual GAC, situación que se manterá para o GALP .



Sede de Corcubión	Aportada polo Concello Corcubión, en instalacións municipais.
Localización	Av. da Viña, 16 15130 - Corcubión 981 706 232
Apertura ao público Instalacións.	Dous días á semana Posto de atención ao público e pequena sala de reunións
Equipos.	Equipo informático completo para un posto de traballo, equipamento sala reunións e arquivo.
Servizos	Atención ao público.

Espazos adicionais	Aportados polos socios do GALP. Os socios do GALP comprométense a prestar, a título gratuíto, as súas instalacións segundo as necesidades do GALP: despachos e salas de reunións. Un obxectivo e facilitar a presenza do GALP en todo o territorio, alén das sedes indicadas, ofrecendo proximidade. Tamén, como se indica na política de RSC, quere facilitarse o movemento dos propios socios polo territorio, favorecendo lazos de integración.
---------------------------	--

3. RECURSOS HUMANOS E TÉCNICOS.

Valoración da experiencia previa.

- O GAC 4 traballou cunha estrutura estable formada por 1 xerente 1 técnico de apoio á xestión de proxectos e xestión interna do GAC, e 1 administrativo.
- Adicionalmente 1 asistencia técnica en arquitectura para o seguimento de obras.
- O GAC tamén contou, de xeito temporal, cunha asistencia técnica de xestión do turismo mariñeiro que implicou a presenza a tempo completo dun técnico nas oficinas do Grupo, se ben como parte dunha actuación na liña de dinamización, non integrado no presuposto e xestión xeral do Grupo.
- A estrutura básica amosouse moi eficaz, sendo un elemento clave na consecución do alto nivel de execución orzamentaria. Por iso, mantemos este modelo.
- No caso do turismo, o papel adquirido polo GAC como líder e xestor do programa Mar Galaica no territorio, tivo que ver tamén coa dedicación intensa dunha persoa especializada. Por isto, o propio programa MarGalaica viuse resentido trala finalización da asistencia técnica.

201

Nova proposta (2015-2020).

O GALP propónse manter a mesma estrutura de funcionamento do actual GAC coas asistencias técnicas precisas, a especificidade nos contratos do actual persoal, da data de fin de contrato e a definición do obxecto do mesmo como 'Convenio de colaboración coa Consellería do Mar para a xestión do Plan Estratéxico Zonal no marco do Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca (2007-2013)' obrigan a rescindir os contratos do mesmo, obrigando a esta entidade a facer unha **nova selección de persoal** unha vez acade a condición de entidade colaboradora coa consellería do Mar para a xestión da EDLP do GALP Costa Sostible no marco do do FEMP para o período 2014-2020.

A maiores, crearase un novo posto de Técnico en Turismo, dada a importancia que este sector adquire na EDLP.

Descrición e xustificación do cadro de persoal.

O persoal resultante do proceso de selección será o que segue:

Xerente.

É a figura básica de xestión do GALP. Debe garantir o desenvolvemento da EDLP, o cumprimento dos seus obxectivos e o correcto funcionamento interno.

Técnico de Proxectos.

Para a atención, información e asesoramento xunto co xerente, aos promotores para a posta en marcha de proxectos que sexan susceptibles de acadar axudas.

-Xustificación. A principal tarefa do GALP é o traballo cos promotores públicos e privados, tanto na fase de presentación de proxectos como na de execución. A experiencia dos anos anteriores fai recomendable a



existencia dun posto específico que garanta o seguimento activo dos expedientes.

Técnico en Turismo.

Integración en plantilla, como novidade, dun Técnico en Turismo.

-Xustificación. Dado o peso concedido ao turismo na EDLP e, en particular, á posición pretendida do GALP como axente impulsor desde sector económico, considérase idóneo contar con este perfil. Sería unha contratación a tempo parcial. Esta temporalidade regularíase de dous xeitos:

-Retrasar a súa incorporación ata o momento en que se inicie o proceso de implantación das accións turísticas.

-Traballo a xornada parcial, modulada esta en función da carga xerada polas actuacións en marcha (tanto as lideradas polo GALP como as dos proxectos públicos e privados aprobados).

202

Administrativo.

Centrado na xestión administrativa e contable da EDLP, baixo a supervisión e colaboración do/a xerente que coordinará o seu traballo.

-Xustificación. Este perfil específico garante a solvencia dos traballos administrativos e contables e a liberación do xerente e dos técnicos en favor da eficacia nas súas respectivas tarefas.

Xustificación adicional por presuposto.

O aumento do orzamento previsto nesta EDLP respecto da etapa anterior, implica un aumento do número de proxectos a xestionar (e xa tiñamos uns dos presupostos máis altos de Galicia). Por iso, é importante **manter esta estrutura mínima**.

Xustificación adicional por territorio.


Trátase dun territorio moi amplo e con comunicacións internas deficientes (máis de 1,5 de desprazamento dun extremo a outro; con mellores comunicacións cara ao exterior que entre si); de aí a **estrutura con diversas sedes**. Esta estrutura de sedes permite unha mellor atención en todo o territorio.

-Polo menos tres membros do equipo de persoal (os catro, realmente, incluíndo ao administrativo) teñen funcións que implican desprazamentos polo territorio, o que garante unha presenza eficaz do GALP en toda a zona.

-Se ben cada posto ten un perfil definido, hai diferentes tarefas que poden desenvolver varios membros, entre elas as que implican maiores necesidades de desprazamento, que son as de atención a promotores. En función do estadio e tipoloxía da iniciativa, este seguimento de actuacións pode ser levado a cabo polo xerente, o técnico de proxectos, ou o técnico en turismo). As diversas oficinas poden estar atendidas por diferentes persoas do equipo en función do calendario (fase de convocatorias de axudas, fase de xustificacións) e das tarefas asignadas.

Organigrama.

Indicamos a estrutura do equipo técnico cun resumo da súa función principal.



203

Perfis profesionais.

Sen prexuízo das especificacións que se introduzan nos procesos de selección de persoal, indícanse aquí os perfís previstos para cada un dos postos.

Xerente.

Funciós.

- Implantación da EDLP.** Cumprimento da misión, obxectivos, liñas estratéxicas e medidas.
- Avaliación continua** da EDLP e da súa aplicación no territorio, con eventuais propostas de **modificación** mantendo sempre a Visión e Obxectivos Estratéxicos establecidos. Velar, en particular, pola **coherencia** entre os Plan de Actuación e os Criterios de Valoración de iniciativas.
- Desenvolver o **programa de RSC** do GALP e promover os seus valores nas entidades asociadas.
- Dirección dunha **estratexia de Animación** que apoie efectivamente o Programa de Axudas a promotores aliando obxectivos e medidas coa realidade das iniciativas desexadas e presentadas.
- Informar e prestar **asesoramento técnico a promotores**.
- Velar polo **cumprimento das normativas** aplicables á xestión de proxectos, xestión do GALP e das axudas a promotores.
- Dirixir a **oficina de xestión** do GALP.



-Garantir a **gobernanza do GALP** e **promover a implicación** dos órganos directivos do GALP.

-**Promover, captar e canalizar iniciativas** de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos. Facilitar que as iniciativas se aliñen cos obxectivos da EDLP.

-**Dinamización de colectivos** para a xeración de **proxectos e colaboración** entre promotores e de alcance supramunicipal.

-Favorecer o **compoñente participativo** da Estratexia.

Formación.

-Titulación superior, preferentemente no eidos de: Economía, Administración de empresas, e Desenvolvemento local.

Experiencia profesional.

-Planificación territorial e procesos de desenvolvemento local participativo.

-Xestión de programas de axudas, en particular con participación de Fondos Europeos.

Habilidades.

-Liderado de procesos de concertación e participación social.

-Capacidade de análise territorial.

-Adaptabilidade ao cambio e creatividade na xeración de propostas de traballo.

-Compromiso co territorio e co desenvolvemento sostible.

-Traballo en equipo.

Habilidades instrumentais.

-Ofimática a nivel de usuario.

-Permiso de Condución B.

Técnico de proxectos.

Funcións.

-**Asesoramento a promotores** de proxectos; en particular para facilitar a **adaptación dos mesmos aos obxectivos** e liñas de actuación da EDLP así como á normativa e requisitos de elixibilidade.

-**Seguimento de proxectos** e acompañamento ao promotor durante a fase de execución dos proxectos.

-Orientación proactiva para a **integración de principios da RSC** nos proxectos.

-Asesoramento a promotores **tras a posta en funcionamento** das actividades e control das obrigas e compromisos dos beneficiarios.

-Colaborar co xerente no seguimento e **avaliación da EDLP**, en particular no que ten que ver coa adaptación dos proxectos á mesma.

-Desenvolver as liñas de traballo do programa de **Animación**.

-Apoio noutras tarefas de xerencia.

Formación.

-Titulación superior, preferentemente no eidos de: Economía, Administración de empresas, e Desenvolvemento local.

Experiencia profesional.

-Planificación territorial e procesos de desenvolvemento local participativo.

-Xestión de proxectos de investimento.

-Experiencia nalgún dos eixos prioritarios (sector pesqueiro e sector turístico).

Habilidades.

- Empatía e capacidade de relación.
- Facilidade para a comunicación.
- Creatividade na xeración de propostas de traballo.
- Compromiso co territorio e co desenvolvemento sostible.

Habilidades instrumentais.

- Ofimática a nivel de usuario.
- Permiso de Condución B2.

Técnico en Turismo.

205

Funcións.

- Desenvolvemento específico do Club MarGalaica** Turismo Mariñeiro: xestión e captación de socios, implantación de programas de calidade e do Estándar Finisterrae, plans de promoción e de comercialización, xestión do web site comercial, etc., sempre baixo a dirección do Xerente do GALP e en aplicación do programa de Animación.
- Apoio ao Técnico de Proxectos en iniciativas do eido turístico para facilitar a súa integración en MarGalaica.

Formación.

- Titulado medio ou superior no eido do Turismo.

Experiencia profesional.

- Valorarase a experiencia en xestión de proxectos turísticos.

Habilidades.

- Empatía e capacidade de relación.
- Facilidade para a comunicación.
- Creatividade na xeración de propostas de traballo.
- Compromiso co territorio e co desenvolvemento sostible.

Habilidades instrumentais.

- Ofimática a nivel de usuario.
- Permiso de Condución B2.

Técnico administrativo.

Funcións.

-Atención ao público.

-Garantir o coñecemento e **cumprimento da normativa** e procesos de traballo aplicables á xestión da EDLP.

-**Xestión administrativa e contable** da EDLP e do GALP baixo coordinación do xerente.

-Levará o control dos rexistros de entrada e saída da documentación, así como, dos aprovisionamentos necesarios en cada unha das oficinas da entidade.

-Xestión contable da EDLP.

-Encargarase da xestión documental, da atención telefónica, e da entrega e recepción postal da entidade.

-Apoio nos procesos de seguimento e xustificación derivados do regulamento FEMP e dos regulamentos establecidos a nivel estatal e pola Consellería do Mar.

Formación.



-Titulado medio, preferentemente con formación específica nos eidos da administración xeral e da contabilidade.

Experiencia profesional.

-Administración en contornos de xestión de fondos públicos.

Habilidades.

-Control de procedementos.

-Capacidade de organización.

-Compromiso co territorio e co desenvolvemento sostible.

Habilidades instrumentais.

-Ofimática a nivel de usuario e de xestión contable.

206

Procedemento de contratación do persoal.

-Contratación conforme á normativa de contratación de persoal laboral do sector público.

A selección farase tendo en conta os **principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade** da convocatoria e cumprirá os seguintes requisitos:

a) Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal lle enviará unha comunicación do ou anuncio.

b) Apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a última publicación nos medios indicados na letra anterior.

c) Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal.

d) Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.

-**Exclusión expresa** de calquera fórmula de tramitación urxente que implique a redución dos períodos de exposición pública.

-**Acción proactiva na difusión pública** das convocatorias: publicidade en prensa e difusión a través da rede de asociacións e entidades integrantes do GALP, así como comunicación directa ás oficinas de emprego do territorio.

4. CAPACIDADE FINANCEIRA E ADMINISTRATIVA.

Capacidade administrativa.

- O GALP destinará un posto de traballo á xestión administrativa e contable, o que garante a **eficiencia** neste eido. Nesta memoria descríbense as funcións e perfil do posto.
- En conxunto, o formato de xerencia, con tres membros, e a contratación dunha asistencia técnica en turismo, garante un **reparto de tarefas** e un **apoio mutuo** que redundarán nunha **xestión administrativa eficaz**.
- O GALP conta co apoio do **persoal administrativo dos seus socios**. No período 2009-2015, foi especialmente útil para o GAC/GALP o apoio dos **secretarios e persoal administrativo dos Concellos e das Confrarías** de Pescadores na resolucións de cuestións xurídicas e tamén na resolución de trámites administrativos. Os membros do futuro GALP comprométense a manter este apoio ao novos equipo directivo e xestor.
- De novo, o alto nivel de **execución orzamentaria** acadada polo GAC/GALP, proba a súa capacidade, tamén no eido administrativo, para xestionar os fondos FEMP.

207

Capacidade financeira.

- Os compromisos financeiros que debe asumir directamente o GALP, sen cargo ao presuposto FEMP, están debidamente garantidos.
 - O mantemento dos espazos de traballo, así como as tarefas adicionais asumidas polos socios (funcións administrativas, de rexistro e recepción, de comunicación interna, desprazamentos, etc.) están garantidas polos presupostos de cada un deles. En ningún caso son partidas que supoñan un custo relevante dentro dos seus orzamentos ordinarios.
- O financiamento da xestión interna, con cargo aos fondos FEMP, incluíndo a comunicación e outros programas que xestione directamente a xerencia, depende do fluxo de liquidez e, neste sentido, do ritmo das achegas do FEMP, a través da Consellería do Mar. Neste sentido, hai dúas liñas de traballo:
 - Limitar os compromisos de pago** en función das perspectivas razoables que haxa en cada momento respecto da liquidez do GALP, sempre baseándonos na experiencia anterior e cunha política conservadora ao respecto.
 - Acudir, en caso de necesidades puntuais a **liñas de crédito**, como xa se fixo no pasado. A solvencia do GALP ante as entidades financeiras está apoiada pola traxectoria do GAC/GALP, que xa estableceu acordos similares e polo convenio que asinará coa Consellería do Mar como entidade colaboradora
- Adicionalmente, e aínda que o GAC/GALP non asume o pago directo das axudas a promotores, si apoia a estes no eido financeiro, co obxecto de garantir o éxito da EDLP, que non debe encallar por dificultades financeiras de proxectos tecnicamente viables.
 - Negociación informal coas **entidades bancarias** de acordos preferenciais para os beneficiarios das axudas. Esta fórmula xa se aplicou no período anterior.
 - Negociación informal cos **sociedades de garantía recíproca** - novidade para o novo período- co mesmo obxecto.



En todo caso, estas fórmulas de apoio a promotores, **non xerarán obrigas para o GALP** en forma de compromisos financeiros ou de aval a promotores.

Cualificación do persoal responsable da administración e do control financeiro.

As responsabilidades e cualificación do equipo quedan definidos no punto anterior. Facemos aquí un resumo das responsabilidades nos eidos da administración xeral e financeira.

208

- Xerente. **Máximo responsable** da xestión administrativa e financeira. Única sinatura válida sempre coa autorización do Presidente, para os compromisos de pago.
- Técnico de Proxectos. Non ten competencias financeiras; si poderá asumir **diversos traballos de carácter administrativo** vinculado á xestión de proxectos.
- Administrativo. Responsable da **xestión administrativa e contable** ordinaria e da adaptación á normativa.
- O persoal vinculado a asistencias técnicas externas non asumirá funcións nestes eidos.

8. DISPOSICIÓN DE XESTIÓN DA EDLP



1. XESTIÓN INTERNADO GALP.

Socios.

Admisión de socios.

-Son socios do GALP as **41 entidades** constituíntes da Asociación e que figuran no cadro do Capítulo 1.

-**Novos socios.** Poderán adquirir a condición de socios as entidades que cumpran as seguintes condicións e que son as mesmas que as esixidas para as entidades constituíntes:

1. Pertencer a algún dos seguintes sectores:
 - a) Sector Público: calquera outra entidade de ámbito supramunicipal que opere no territorio.
 - b) Sector Pesqueiro: integrado polas asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia.
 - c) Sector Social: integrado polas asociacións socioculturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas e educativas, as asociacións de mulleres, as relacionadas coa inclusión social e outras similares.
 - d) Sector Económico: integrado polas asociacións de empresarios e empresarias, de axentes económicos e organizacións sindicais.
 - d) Sector público: integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas.
2. Ter sede social no territorio ou ámbito de actuación preferente nun ou varios municipios do territorio, quedando excluídas as entidades de carácter provincial ou superior, salvo que non existan entidades da mesma natureza a nivel local ou comarcal.
3. Estaren constituídas como persoas xurídicas sen ánimo de lucro.

Así e todo, será **potestade da Asemblea Xeral** aprobar a inclusión de novas entidades. A denegación deberá estar debidamente fundamentada.

O GALP realizará unha tarefa activa de integración de novos socios sempre que detecte no territorio a existencia de entidades representativas dos distintos sectores.

-**Perderase a condición de socio** polos seguintes motivos:

- Baixa voluntaria.
- Acordo da Asemblea Xeral en base os seguintes criterios:
 - Perda das condicións necesarias para ser socio.
 - Falta de asistencia reiterada ás reunións da Asemblea Xeral e/ou diferentes grupos de traballo nos que este integrado o socio.
 - Incumprimento manifesto dos Estatutos do GALP e dos acordos da Asemblea Xeral.
 - Extinción da persoa xurídica representada no GALP.

A Asemblea Xeral , antes de tomar dito acordo, debe dar audiencia ao interesado para que expoña as alegacións que estime pertinentes.

211



Dereitos dos socios.

- Interlocución directa** cos órganos directivos e coa Xerencia do GALP para expoñer ideas e iniciativas ou solicitar información sobre a marcha do GALP e a execución da EDLP.
- Obter a información precisa para cumprir os deberes de difusión da EDLP e do traballo do GALP, así como de aplicación da política de Responsabilidade Social Corporativa.**
- Designar aos seus representantes nos órganos de goberno do GALP.
- Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- Elixir ou ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva ou dos Grupos de Traballo que se poidan crear, así como propoñer a creación dos mesmos.
- Aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.
- Os que resulten das normas legais e dos Estatutos do GALP, do Regulamento de orde interna ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Aprobar, se procede, en Asemblea, as modificacións que poidan xurdir da EDLP do GALP
- Coñecer o grao de cumprimento da EDLP mediante **informes semestrais**.

Deberes dos socios.

Como novidade respecto da etapa anterior, incorpóranse deberes relativos ó cumprimento das estratexias de Comunicación e de RSC do GALP.

- Difundir entre os seus respectivos membros e/ou asociados a EDLP e o traballo do GALP como fórmula para acadar unha maior penetración social.**
- Coñecer e aplicar os principios da política de Responsabilidade Social Corporativa establecidos polo GALP.**
- Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Exercer os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos mesmos.
- Desembolsar as cotas, no seu caso, que acorde o órgano competente do GALP.
- Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea, a Xunta Directiva ou os grupos de traballo que puideran crearse.
- Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- Respectar o principio de confidencialidade daquelas decisións tomadas polo GALP que afecten a terceiros.

Órganos directivos.

Composición dos órganos directivos.

Asemblea Xeral.

-Estará composta por un representante de cada entidade socia, designado por esta.

Xunta Directiva.

-Incluirá a 9 representantes do Sector Pesqueiro: as 8 Confrarías de Pescadores e un representante doutras entidades profesionais do sector pesqueiro.

-Incluirá a 10 representantes do resto de Sectores (Público, Empresarial e Social).

-Na Xunta Directiva, cada representante terá un voto.

-Deste xeito, o GALP mantén unha maior representación do Sector Pesqueiro pero sempre sen superar o 49% dos votos, atendendo ao Regulamento FEMP.

213

Funcións da Asemblea Xeral.

De seguido indicamos o listado de funcións tal e como están previsto que figuren nos Estatutos. Facemos especial chamada de atención sobre os dous primeiros puntos, de aplicación da política de RSC.

-Coñecer o desenvolvemento da EDLP, así como aprobar as modificacións da mesma. En particular, aprobar unha Memoria Anual de execución do exercicio precedente e de previsión para o seguinte.

-Coñecer e facer seguimento específico da política de Responsabilidade Social Corporativa do GALP. En particular, deberá facer seguimento dos principios de Bo Goberno interno e de Sostibilidade.

-Coñecer a aprobar, se procede, a conta xeral de ingreso e gastos dos exercicios finalizados.

-Coñecer a aprobar, se procede, os orzamentos para o exercicio seguinte, incluíndo o establecemento de cotas e derramas extraordinarias.

-Aprobación do Regulamento de Réxime Interior,

-Supervisar e, no seu caso, censurar o traballo do resto de órganos directivos e de xestión.

-Nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva, que deberá estar integrada polo mesmo número de representantes de cada un dos sectores.

-Disposición e alleamento dos bens do GALP.

-Solicitud de declaración de utilidade pública.

-Constitución dunha federación ou a integración nunha existente.

-A modificación dos Estatutos.

-A disolución do GALP.



Funcións da Xunta Directiva.

-Velar polo cumprimento da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo.

-Velar, en particular, polo desenvolvemento e cumprimento da estratexia de Responsabilidade Social Corporativa, con especial atención ao Bo Goberno interno e á Sostibilidade

- Resolver cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral, pola Xerencia ou por calquera dos socios.
- Promover a administración do GALP conforme aos Estatutos, regulamente e decisións da Asemblea Xeral.
- Propor á Asemblea a expulsión, suspensión ou baixa de socios con suxeición ao previsto nos Estatutos.
- Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias de carácter regulamentario, no seu caso, e dos acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- Aprobar as normas regulamentarias.
- Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais, así como proposta de cotas e derramas.
- Presentación anual á Asemblea Xeral de:
 - Informe económico-financeiro anual.
 - A conta xeral de ingresos e gastos de cada exercicio finalizado.
 - O orzamento anual de gastos e ingresos.
 - A Memoria Anual de execución da EDLP de execución do exercicio precedente e de previsión para o seguinte.
- Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
- Creación de **Grupos de Traballo** para organizar e coordinar as actividades de interese para o GALP.
- Planificar os programas que desenvolva o GALP.
- Coñecer e aprobar a memoria de actividades sociais do GALP.
- A xestión como entidade colaboradora de axudas para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins do GALP e recollidos no Capítulo III do Título V do Regulamento Nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.
- [Velar polo cumprimento do convenio de colaboración asinado coa Autoridade Intermedia onde se especificarán as súas obrigas como entidade colaboradora.](#)
- A avaliación e seguimento das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias das axudas realizadas pola Consellería do Mar ou departamento competente da Xunta de Galicia.
- Realización das contratacións precisas para a xestión do programa e o cumprimento do convenio que regula a xestión das axudas do FEMP. Para isto, a Xunta Directiva poderá constituír Mesas de Contratación cun mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva e entre os que figurarán, en todo caso, o Presidente do GALP ou outro membro no que delegue.
- Asesoramento á Presidencia.
- En xeral, cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais e da EDLP, sempre que non estean atribuídas á Asemblea Xeral.

Convocatorias e toma de decisións.

Asemblea Xeral.

-As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias. A asemblea xeral ordinaria reunirase unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano; a extraordinaria reunirase tantas veces coma sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GALP, tamén se poderá reunir cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un número de entidades asociadas non inferior ao 10%, con expresión detallada das cuestións que deben integrar a orde do día da convocatoria sen que se poidan tratar outros asuntos. Recibida esta petición pola Presidencia, e dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da asemblea xeral. Cando non se convoque poderano facer os peticionarios elixindo nela Presidente e Secretario.

-As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representadas, a maioría absoluta das entidades asociadas. En segunda convocatoria o quórum requirido será referido a un 33% dos asociados, **sempre que ningún sector supoña máis do 49% dos votos válidos.**

-Entre a data da convocatoria e do día sinalado para a celebración da reunión da Asemblea Xeral, en primeira convocatoria, haberá de mediar polo menos 15 días naturais, podendo así mesmo facerse constar a data na que, se procede, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha reunión e outra poida mediar un prazo inferior a media hora. No caso de que non se previse na convocatoria a data da seguinte convocatoria, deberá facerse esta con oito días de antelación á data da reunión.

-A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito e dixitalmente a cada unha das persoas representantes das entidades sociais con expresión detallada da correspondente orde do día. A delegación de voto ou representación realizarase nunha persoa representante do mesmo sector, sen que se poidan acumular máis de dúas delegacións por persoa.

-Os acordos da asemblea xeral adóptanse como regra xeral por **maioría simple** de votos, no caso de empate a Presidencia ostenta voto de calidade. Para a adopción de determinados acordos se necesita un voto favorable dun 60% dos socios: nomeamento de Xunta Directiva, solicitude de declaración pública, modificación de estatutos, modificación da EDLP e disolución do GALP.

Xunta Directiva.

-A Xunta Directiva reunirase con carácter ordinario catro veces ao ano e, con carácter extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos que se deban tratar, o dispoña a presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia destes, excepto por causas xustificadas. As reunións serán convocadas por correo electrónico, con indicación da orde do día. As ordinarias convocarase cunha antelación de setenta e dúas horas, e a extraordinaria con vinte e catro horas de antelación, polo procedemento máis adecuado. O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será de maioría simple, e en

215



segunda convocatoria cando o número de asistentes acade o 33% dos membros. **Sempre que non supoña unha representación superior ao 49% dalgún dos sectores.** En calquera caso, haberá de estar presente a Presidencia ou Vicepresidencia e a Secretaria. A delegación de voto deberá realizarse noutro membro da Xunta Directiva sen que caiba acumular máis de dúas delegacións.

-O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

Grupos de Traballo.

216

-A Asemblea Xeral e a Xunta Directiva poderán crear Grupos de Traballo sectoriais para avanzar no desenvolvemento de contidos concretos da EDLP. Terán a denominación de Grupos de Traballo, Mesas Sectoriais ou Comisións.

-Calquera membro da Asemblea Xeral poderá propor a creación de Grupos de Traballo.

-En particular, crearanse os seguintes Grupos de Traballo, con carácter permanente:

-Mulleres do Sector Pesqueiro e Igualdade de Oportunidades.

-Seguimento da EDLP, no que participará a Xerencia con voz e sen voto.

-Patrimonio Marítimo e Costeiro.

-Os Grupos de Traballo estarán integrados preferentemente por representantes dos sectores máis atinxidos polo temática abordada, sen cotas máximas de representación.

-Poderán integrar os Grupos de Traballo:

-Membros da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

-Outros representantes das entidades socias designados por estas.

-Outras persoas que poidan ter achegas de interese, que terán voz pero non voto.

-As conclusións dos Grupos de Traballo deberán ser aprobadas por maioría simple dos membros con dereito a voto.

-As conclusións dos Grupos de Traballo nunca terán rango de norma e serán elevadas á Xunta Directiva para a súa aprobación.

-Os Grupos de Traballo poderán ser creados cunha duración determinada ou indefinida.

-Os Grupos de Traballo presentarán as súas conclusións cando menos unha vez ao ano ou ao final de período de vixencia cando este estea fixado.

Relación de medidas de RSC que desenvolverá o GALP.

Obradoiro de preparación.

Ata agora, o actual GAC non tiña unha política expresa de RSC, se ben aplicaba de xeito activo determinados principios relativos, especialmente, á **igualdade de xénero**, á **sotibilidade medioambiental** e á **transparencia** na gobernanza interna e xestión dos fondos. Durante o proceso de elaboración da EDLP realizouse un traballo específico para dotar á Estratexia e ao futuro GALP dunha política de RSC mediante a creación dun **obradoiro de preparación**.

217

- Integrantes. Membros da Xunta Directiva + Equipo técnico do actual GAC/GALP + Técnicos contratados para a redacción da EDLP.
- Metodoloxía. Obradoiro práctico dirixido por expertos externos (da empresa Interpyme) autores da guía de RSC aportada pola Consellería do Medio Rural e do Mar
 - Presentación por parte dos relatores dos **principios** da RSC en cada un dos seus eidos, con base na Guía para a implantación da Responsabilidade Social Corporativa nos GALP aportada pola Consellería do Medio Rural e do Mar.
 - Debate**, para cada un dos eidos temáticos, da importancia dos diferentes aspectos tratados para a nosa organización e territorio e do nivel de cumprimento actual.
 - Taller de Propostas de actuación** para a súa integración na EDLP.

Enfoque xeral da política de RSC.

- Partindo da ausencia xeral, durante o período anterior, de políticas activas expresas de RSC no territorio e, en particular, no GAC e nas entidades integrantes, esta EDLP establece como unha das súas **prioridades** incorporar estratexias activas de Responsabilidade Social Corporativa.
- Dada a amplitude que pode acadar una estratexia de RSC e a necesidade de combinar obxectivos ambiciosos cun **enfoque realista e abarcable**, establécense os seguintes criterios de traballo:

- Apostar por unha **ampla difusión xeral** dos principios da Responsabilidade Social Corporativa e da súa implicación en múltiples eidos de actuación.
- Integrar nesta EDLP un **catálogo restrinxido**, aínda que amplo, de **compromisos e medidas concretas**, centrados en dous ámbitos que se consideran prioritarios:
 - Bo Goberno e Xestión Responsable do GALP**, extensible ás súas entidades integrantes.e ó seu equipo de traballo.
 - Aplicación dos valores do **Desenvolvemento Sostible** ao deseño e xestión da EDLP.
- Incluír nas obrigas da propia EDLP medidas e procesos de traballo** que contribúan a incrementar o esforzo en política RSC e a desenvolver **accións eficaces** (grupos de traballo, preparación de guías RSC en diversos campos, etc.



Penetración da política de RSC na Estratexia.

Se ben partimos dunha xestión previa que non contemplaba expresamente accións de RSC, a incorporación das mesmas como esixencia na convocatoria da Consellería e o traballo realizado no taller específico durante a elaboración da Estratexia supuxo unha **grande motivación** para a Xunta Directiva. Por iso, quixemos que o noso traballo neste eido non quedase nun apartado específico completo, senón que abranguese toda a EDLP.

Toda a EDLP queda impregnada dunha concienciación de cara á **Responsabilidade Social do noso traballo**:

218

-Concepción xeral da Estratexia.

-Definimos unha **Misión** ancorada no concepto base duna estratexia RSC: a sositibilidade.

-A integramos no **nome do GALP Costa Sostible**, que pasa de ter unha denominación territorial a amosar unha vontade de traballo.

-Plan de Actuación. Inclúe medidas específicas vinculadas aos conceptos que se desprenden dos valores da nosa organización: a sositibilidade ambiental, social e económica, a especialización intelixente o bo goberno e a colaboración.

-Plan de Animación. Incluirá importantes medidas para afondar en estratexias RSC e establecer medidas concretas a aplicar no GALP e nos proxectos financiados (guías temáticas de RSC, foros de traballo).

-Criterios de Valoración Inclúen a valoración específica e destacada de medidas RSC para favorecer a aplicación nas actividades produtivas e non produtivas.

-A constitución e gobernanza do GALP. Dende a proposta de modificación de estatutos, ata as medidas de gobernanza e xestión de axuda aplican os valores polos que apostamos (esixencia dos órganos de xerencia e goberno de definir, avaliar e implementar medidas RSC).

-Plan de Participación. É en si mesmo unha aplicación dos principios de bo goberno; ademais incide na difusión doutros parámetros da política de RSC).

-Plan de Comunicación. Incide na difusión da EDLP e da participación social. Ademais, establece **mensaxes específicas** para a difusión dos valores da nosa política de RSC.

-E, por suposto, a dotación na propia EDLP de medidas concretas, as detalladas neste apartado, de aplicación medible e inmediata.

Estratexia RSC 1. Medidas para o Bo Goberno.

Integración da RSC en Estatutos

Integración en Estatutos das obrigas da Asemblea Xeral e Xunta Directiva de facer un seguimento específico das estratexias RSC en xeral e, en particular, das vinculadas ao bo Goberno.

Xustificación Isto garante que os membros do GALP interioricen a importancia de toda a RSC e do Bo Goberno.

Resultados buscados -Interiorización por parte de tódolos membros da importancia da RSC.
-Dotación dunha política activa.
-Avaliación, cando menos unha vez ao ano, dos avances e deficiencias.

Acción de formación en RSC.

Programa de Formación en RSC, desenvolvemento sostible e desenvolvemento azul para os axentes do territorio.

Xustificación Precisamos incorporar no territorio, máis alá do GALP, a filosofía da RSC e o faremos aproveitando o feito de que o GALP integra á maioría de entidades públicas e sociais da zona.

Resultados buscados -Formación dos membros do GALP e outros axentes do territorio.
-Penetración nos membros das diferentes asociacións e entidades.

Creación dun Grupo de Traballo en RSC

Creación no GALP dun Grupo de Traballo ou comisión, con carácter permanente, para a aplicación e seguimento da estratexia de RSC. Na lista que incorporamos no epígrafe seguinte, vense outros moi directamente vinculados a valores da RSC.

Xustificación Dado o carácter innovador da RSC, crearemos unha comisión que traballe especificamente neste eido que deberá avaliar os enfoques adoptados e a súa aplicación.

Resultados buscados -Maior implicación de membros da Asemblea Xeral.
-Provocar, cando menos unha avaliación anual da nosa RSC.
-Xerar documentos que actúen como folla de ruta.

Potenciación xeral dos Grupos de Traballo

A Asemblea e a Xunta Directiva potenciarán a creación de Grupos de Traballo temáticos específicos. Darase protagonismo a esta fórmula, que permite que os socios traballen naquelas temáticas que lles son máis próximas, con resultados máis efectivos e maior implicación, partimos dos Grupos de Traballo nos eidos, público, social, económico e pesqueiro, xa existentes no actual GAC.

-Esta EDLP establece como novidade os de **Seguimento da RSC, Mulleres do Sector Pesqueiro e Igualdade**, o indicado arriba de **Seguimento da RSC, Seguimento da EDLP e Patrimonio Marítimo e Costeiro**. Reuniranse como mínimo cada trimestre para avaliar o impacto da EDLP en cada sector.

-Creación de grupos de traballo específicos cando un grupo significativo dos asociados o solicite para o tratamento de aspectos puntuais.

Xustificación A implicación dos membros na gobernanza xeral do GALP debe incluír darlles campo naqueles aspectos que os afectan directamente.

Resultados buscados -Maior implicación na xestión do GALP e da EDLP a través da xestión de intereses específicos.
-Identificación do GALP como entidade de xestión do territorio.
-Maior eficiencia na aplicación de estratexias e medidas sectoriais da EDLP.

Mobilidade dos órganos de goberno. Anfitrións.

Convocatoria das reunións da Asemblea e Xunta Directiva en diferentes escenarios, preferente nos locais das entidades membros isto fará que as entidades se impliquen un maior grao. Ao longo do período 2015-2020, os órganos de Goberno deberán celebrar reunións **en cada un dos municipios, alternando tamén entre as sedes de socios** dos distintos sectores. En cada reunión, o socio que actúe de Anfitrión poderá expor brevemente cuestións específicas do seu ámbito.

219



Xustificación	A creación de 'grupo' implica que todos se movan polo territorio e que sintan que o GALP se achega ás súas diferentes realidades.
---------------	---

Resultados buscados	-Identificación dos membros do GALP coas diferentes problemáticas do territorio e sectores. -Maior motivación dos socios, apoiada na figura do Anfitrión como recoñecemento da importancia dos seus intereses específicos. -Fuxir de escenarios ríxidos e fríos na celebración das reunións.
---------------------	--

Espazos e momentos para o networking.

Incluír na axenda convocatorias actos informais de confraternización, sacando aos asistentes do formato 'reunión de traballo': serán, preferentemente, visitas a actuacións.

Xustificación	-Cada vez máis, está asumido que a implicación das persoas en foros de toma de decisións está limitada polo formalismo dos formatos de reunión. Precisamos fórmulas e momentos de distensión e de creación de grupo.
---------------	--

Resultados buscados	-Fomentar as relacións persoais entre os membros dos órganos de goberno. -Fomentar o debate informal como medio de intercambio de ideas. -Facilitar a participación e a espontaneidade durante a fase 'formal' das convocatorias.
---------------------	---

Participación nos programas formativos

Dar especial participación aos socios na proposta de programas formativos, propoñendo temas de interese xeral (RSC) ou sectorial (pesca, turismo...).

Xustificación	Cualificación, motivación e eficiencia.
---------------	---

Resultados buscados	-Maior participación nas accións formativas: as propostas irán mellor orientadas en favor dos socios das distintas entidades e, por tanto, da sociedade en xeral. -Programas formativos con orientacións máis acordes coas necesidades do territorio. -Maior motivación dos socios pola consecución de beneficios directos para os seus respectivos asociados.
---------------------	--

Visitas de estudo (benchmarking)

Programación de visitas de estudo nos eidos do **turismo** e da **pesca** para coñecer o funcionamento de experiencias de interese. Abertas a membros do GALP e promotores de iniciativas locais.

Xustificación	Trátase de capacitación e motivación. O coñecemento de experiencias alleas permite aprehender a idea de que hai outro xeito de facer as cousas, de que hai saídas de éxito. Queremos contrarrestar prexuízos e actitudes melancólicas respecto ás oportunidades da zona.
---------------	--

Resultados buscados	-Motivación dos membros do GALP. -Levantamento de novas iniciativas. -Reorientación de iniciativas e negocios existentes.
---------------------	---

Reforzo da información e debate previo ás reunións.

A Xerencia realizará un **traballo proactivo de información** previa aos socios antes das reunións, filtrando e difundindo a información que afecte aos puntos clave da reunión: unha información ao tempo suficiente e breve como para motivar e preparar aos asistentes isto fará que as reunións sexan máis áxiles favorecendo a aistencia Ademais, integrarase aos membros da Asemblea nun newsletter de periodicidade mensual no que se informe da aplicación da EDLP e dos acordos adoptados.

Xustificación	As reunións por si mesmas adoitan ser densas, o que dificulta a participación, ademais, moitas veces os socios asisten sen preparación porque non teñen información suficiente ou, pola contra, non foron capaces de abranguer a complexidade dos dossieres enviados.
---------------	---

Resultados buscados

- Envío de documentación previa con especial énfase nos puntos obxecto de valoración.
- Fomento das consultas previas ás reunións.
- Participación máis activa nas reunións.
- Votacións e conclusións máis informadas.

Potenciación da comunicación informal e uso de redes sociais.

- Integración dos membros da Asemblea e da Xunta Directiva en senllos grupos de Whatsapp para organizar de forma conxunta os horarios e orde do día das convocatorias.
- Difundir o uso do perfil en Facebook como punto de información e foro de debate.
- Realización de **procesos consultivos aproveitando as novas tecnoloxías** (e-mail, redes sociais...) informando e recabando opinións sobre diferentes actuacións e decisións.

Xustificación

Precisamos unha relación máis constante e informal entre os membros do GALP, de xeito que as reunións non sexan o foro único de traballo.

Resultados buscados

- Mellor información sobre os asuntos tratados nas reunións.
- Mellorar a implicación dos membros do GALP.
- Asistencia participativa ás reunións grazas a un coñecemento e debate previo dos temas.

Empoderamento do GALP e participación en redes.

Participación en eventos sectoriais e en redes de traballo con outros GALP e, en xeral de grupos de desenvolvemento territorial.

- Asistencia a foros, congresos e eventos vinculados ás temáticas potenciadas pola EDLP: pesca sostible, turismo sostible, aplicación das TICs, emprendemento, etc.
- Intercambio de experiencias e contacto cotiá con outros GALP, en particular os galegos.
- Participación en foros de relación en intercambio de grupos similares (Farnet, Rede Española de Grupos de Pesca, etc.).

Xustificación

As relacións profesionais e participación en redes son un medio idóneo para a capacitación do persoal directivo e xestor do GALP e dos promotores de proxectos, cun valor engadido de motivación. Ademais, axudan ao coñecemento no exterior do traballo do GALP.

Resultados buscados

- Captación de ideas, procesos de traballo e iniciativas que poidan ter aplicación no noso territorio.
- Cualificación do persoal.
- Xeración de novos proxectos innovadores.
- Mellora do posición do GALP no contorno institucional fóra do territorio.

Potenciación da participación social.

Fomento do debate e da participación social na execución a avaliación da EDLP.

- Renovación da web costasostible.com (creada para a fase de elaboración da Estratexia), con información actualizada e relevante sobre as actuacións realizadas e os temas de debate. Envío de ideas a través de formulario ou e-mail.
- Potenciación do perfil en Facebook como foro de debate, comezando por incrementar o número de seguidores a través das entidades constitutivas do GALP.
- Ampliación da base de difusión do newsletter corporativo.
- Manter a presenza en prensa, xerando información e propostas de crecemento sostible.

Xustificación

Precisamos dar notoriedade social á EDLP e ao traballo do GALP tanto para achegarnos os potenciais beneficiarios directos (promotores) como para difundir os valores do Territorio Costeiro Sostible.

Resultados buscados

- Maior coñecemento da EDLP.
- Aumento dos proxectos candidatos.
- Mellora da calidade dos proxectos pola inclusión dos criterios recollidos na EDLP.
- Maior participación social con achegas de ideas e propostas.
- Penetración social dos valores defendidos nesta RSC e do modelo de desenvolvemento da RSC.



Traballo proactivo de captación de novos socios.

Durante o proceso de creación do futuro GALP, pendente de constitución formal, xa se traballou con todas as asociacións coñecidas do territorio. Con todo, estarase ao tanto de localización de novas entidades para favorecer a súa integración no GALP.

Xustificación A vontade do GALP e integrar á maior rede de axentes activos no territorio.

Resultados buscados -Mellorar a representatividade xeral do GALP.
-Integrar a entidades de nova creación, en principio máis propensas a unha labor activa.
-Mellorar a representatividade de novos colectivos.

Autoavaliación do desempeño da Xunta Directiva.

Integración da orde do día -unha vez ao ano- dunha avaliación do traballo da Xunta Directiva en base aos principios expresados na estratexia de RSC.

Xustificación O bo goberno pasa por unha toma de concienciación da importancia do traballo do equipo directivo.

Resultados buscados -Mellora dos procesos de toma de decisións.
-Motivación e implicacións.
-Interiorización da RSC, en particular dos principios de bo goberno.

Compromiso de difusión da EDLP e labor do GALP.

Asunción expresa por todos os membros do GALP, incorporada en Estatutos, de labores de difusión social da EDLP e do traballo do GALP, **en particular a través dos seus asociados.**

Xustificación Debemos aproveitar a estrutura do GALP, que abrangue aos concellos e maioría de asociacións do territorio, para acadar a máxima penetración social.

Resultados buscados -Presenza información sobre a EDLP e das diferentes iniciativas do GALP nas diferentes entidades.
-Existencia en cada entidade dun interlocutor válido para os seus asociados que os informe sobre o traballo do GALP e as posibilidades.
-Información específica sobre o GALP nas reunións dos distintos órganos de goberno.

Conciliación da vida laboral e familiar.

-Tratarase de adaptar o horario de traballo do equipo técnico do grupo a mellor conciliación da vida laboral e familiar como ata o de agora xa viña facendo o actual GAC.
-Tratarse tamén de ter en conta estas circunstancias nas reunións da xunta directiva e mesas sectoriais e outras que promova o grupo.
-Difusión de medidas de conciliación da vida laboral e familiar entre os socios.

Xustificación Apostamos pola conciliación como elemento clave da mellora da calidade de vida. É especialmente relevante nun territorio amplo no que os desprazamentos entre a residencia e o posto de traballo son longos. Ademais, favorece a incorporación das mulleres ao mercado laboral.

Resultados buscados -Maior produtividade dos traballadores
-Maior asistencia nas reunións promovidas polo grupo

Participación dos socios en eventos de prestixio.

O GALP favorecerá a participación dos membros en actividades públicas e de relación con promotores propias do seu territorio ou eido de actuación, tales como inauguración de proxectos realizados, programas de formación, etc.

Xustificación Debemos amosar a cada socio a importancia e realización práctica dos obxectivos da EDLP na súa zona ou área de interese, para que comprenda o valor dos fondos FEMP e facilitar o seu contacto cos beneficiarios, en particular con eses cos que ten máis afinidade por veciñanza ou sector de traballo.

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Empoderamento do GALP ao comprender os seus socios as implicacións reais do traballo. -Maior interese dos socios por iniciativas concretas e maior participación en Asemblea, Xunta Directiva e Grupos de Traballo. -Favorecer o prestixio social do GALP a través dos seus socios.
---------------------	--

Favorecemento do equilibrio entre homes e mulleres na Xunta Directiva.

- Concienciación entre as entidades socias sobre a problemática e a necesidade de facilitar o **ascenso profesional** da muller, tamén dentro das asociacións.
- Traballo específico de concienciación entre os socios do **sector pesqueiro** desta necesidade.
- Integración no GALP de **novas entidades** que teñen á defensa dos intereses das mulleres e a igualdade de xénero como protagonistas.
- Promover entre os asociados a elaboración de **candidaturas integradoras** nos seus respectivos procesos electorais.
- Especial atención, nas convocatorias de reunións, ás cuestións de calendario e horario derivados da necesidade de **conciliar a vida familiar** cos deberes como membros do GALP.
- Fomentar a **creación de novas asociacións** de defensa dos intereses das mulleres, sobre todo no ámbito do sector pesqueiro
- Creación dun **Grupo de Traballo específico** que debe elevar as conclusións e provocar o debate nos órganos directivos.
- Elaboración dun **Plan de Igualdade** que promova e concrete solucións a igualdade efectiva.

Xustificación	Trátase de solucionar unha das grandes eivas do grupo, derivada da situación social da muller no territorio e, particularmente, no sector pesqueiro.
---------------	--

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Provocar actitudes de cambio entre as entidades socias, que favorezan o acceso da muller a postos directivos. -Concienciar ás propias mulleres dos seus dereitos e posibilidades. -Xeneralizar a reflexión sobre as desigualdades de xénero na sociedade.
---------------------	--

Criterios de compra responsable na selección de provedores de bens e servizos

Engadir, aos criterios de economía, eficiencia e libre concorrncia, os de **consumo responsable**.

- Favorecer a empresa de economía local e prezo xusto.
- Optar por produtos con menor pegada ecolóxica.
- Favorecer as opcións de baixo consumo eléctrico (lámpadas, climatización).

Xustificación	O consumo responsable
---------------	-----------------------

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Diminución da xeración de residuos. -Diminución do consumo enerxético. -Concienciación do persoal.
---------------------	---

Redución de residuos.

- Limitar uso de consumibles de oficina favorecendo o uso de soportes dixitais da información e evitando a impresión innecesaria de documentos.
- Favorecer produtos con menor empaquetado.
- Separación e reciclase de residuos.
- Difusión de medidas de redución de residuos entre os seus socios.

Xustificación	O GALP debe ser exemplar na redución da súa pegada ecolóxica.
---------------	---

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Redución dos consumos e dos residuos xerados. -Concienciación do persoal.
---------------------	---



Estratexia RSC 2. Medidas para o Fomento da Sostibilidade máis alá da gobernanza do GALP.

Integración da Sostibilidade na base conceptual da EDLP.

- Na denominación do futuro: **GALP Costa Sostible**.
- Na **Misión** da EDLP defínese en base á sostibilidade nos seus tres vectores: ambiental, social e económico.
- Destacado na **estratexia de RSC**.

Xustificación Este principio clave da RSC debe figurar como eixo fundamental de toda actuación.

Resultados buscados -Máxima concienciación de todos cantos axentes se acheguen ao GALP.
-Contribución a difusión dos valores no territorio.

Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible.

Integración no Plan de Acción da medida 0.1.1.1 de sinatura deste Pacto.

Se ben este Pacto queda incluído no punto seguinte, quixemos destacalo polo seu valor simbólico.

Xustificación -O compromiso xa adquirido polos membros do futuro GALP en favor do desenvolvemento sostible que expresa a aprobación desta estratexia, debe reforzarse nun Pacto Local que concrete compromisos.

Resultados buscados -Coñecemento e concienciación dos valores vinculados á sostibilidade.
-Introdución nas políticas públicas e das asociacións dos principios defendidos.
-Penetración social dos valores da sostibilidade a través dos axentes líderes de opinión.

Aplicación a proxectos do sector pesqueiro.

As **Liñas de Actuación e Medidas relativas a pesca** do noso Plan de Acción recollen tamén a filosofía do desenvolvemento sostible. De novo, evitamos o desglose de todas as Medidas con compoñente de 'sostibilidade'.

Xustificación A pesca é un sector especialmente implicado no desenvolvemento sostible (especialmente no factor ambiental) e no crecemento azul. Por iso, moitas medidas conteñen matices que as orientan en favor destes principios.

Resultados buscados -Crecemento en base a fórmulas que xeren valor engadido na transformación en comercialización, sen incremento da capacidade pesqueira.
-Mellor aproveitamento de descartes e subproductos.
-Atracción e potenciación de iniciativas de I+D+i.
-Mellora dos beneficios e da renda mariñeira a través da diversificación.
-Aplicación das novas tecnoloxías á eficiencia pesqueira e mellora das condicións de traballo.

Aplicación a proxectos do sector turístico.

As **Liñas de Actuación e Medidas relativas ao turismo** do noso Plan de Acción recollen tamén a filosofía do desenvolvemento sostible. De novo, evitamos o desglose de todas as Medidas con compoñente de 'sostibilidade'.

Xustificación A forte aposta que realiza esta Estratexia polo turismo sostible como fórmula de diversificación, debe ir acompañada dunha aposta igualmente forte por un crecemento sostible.

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Diminución da precariedade da renda turística. -Mellora na captación do gasto turístico a través de produtos de maior valor en mercado. -Potenciación de ofertas alternativas e de maior valor nos eidos do aloxamento e da restauración. -Apoio a servizos que supoñan un aproveitamento sostible dos recursos naturais e culturais. -Moratoria de aloxamentos de baixa gama en espazos declarados como saturados.
---------------------	--

Obxectivo específico de conservación e rehabilitación do patrimonio.

Dotámonos dun **Obxectivo de 3 relativo á conservación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural costeiro**. De novo, evitamos o desglose de todas as Medidas con compoñente de 'sostibilidade'.

Xustificación	Amais de ser un eixo transversal, a aposta pola sostibilidade ambiental e social debe converterse en medidas de actuación directa en conservación de mellora da paisaxe.
---------------	--

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Incremento do número de bens culturais obxecto de conservación e de medidas de xestión e uso. -Incremento das accións de conservación paisaxística. -Centrar no litoral este tipo de actuacións.
---------------------	---

Fomento das producións locais Kilómetro 0.

Fomento do consumo das producións locais como ferramenta para diminuír a pegada ecolóxica e, ao tempo, mellorar a venda dos produtos locais. **Potenciación da figura 'Kilómetro 0'** na comercialización e restauración.

Xustificación	O consumo de produtos locais é ecoloxicamente máis sostible e ademais favorece aos produtores locais.
---------------	---

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Potenciación no territorio das producións locais. -Diminución da pegada ecolóxica. -Concienciación sobre a importancia de introducir criterios de consumo responsable nos actos de compra.
---------------------	---

Criterios de Valoración.

-Integración da existencia de estratexias RSC nos proxectos entre os criterios de valoración.

-Redacción por parte do GALP, con cargo ao orzamento de animación, de **guías de aplicación da RSC** para orientar o traballo dos promotores e para facer transparente e obxectiva a baremación destes puntos.

Xustificación	A concienciación social refórzase vinculando o nivel de financiamento a existencia de medidas concretas. Ademais facilitamos o traballo dos promotores e damos credibilidade a esta aposta aportando guías que concretan esta valoración.
---------------	---

Resultados buscados	<ul style="list-style-type: none"> -Que o total dos proxectos non produtivos e a maioría dos produtivo inclúan compromisos de calidade en RSC. -Mellorar a sostibilidade dos proxectos aprobados.
---------------------	---



2. PROCEDIMENTOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS.

Límite das axudas.

Regulación e límites da Axuda pública.

Límite cuantitativo.

Límite xeral da Axuda pública.

-**500.000 €** para proxectos **Non Produtivos** sempre que o beneficiario do proxecto sexa colectivo e supoña un interés para o territorio e non supoña en ningún caso actividade económica

226

Porcentaxe máximo de axuda.

Referencia normativa.

-O límite máximo das axudas públicas deberá, en todo caso, aterse ao estipulado no Regulamento do FEMP (Regulamento UE Nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca).

-Así mesmo, estes límites poderán variar en función do que establezan as **Bases Reguladoras que publique a Consellería do Mar** en tanto que Autoridade de Xestión.

Límite das axudas públicas.

-**50% do gasto** subvencionable. Límite xeral, aplicable a proxectos non integrados nas seguintes excepcións.

-**Límite do 100%** sempre que o beneficiario sexa unha **Administración Pública ou unha Confraría de Pescadores**. Aplicable en exclusiva a proxectos de carácter **Non Produtivo** que afecten a un beneficiario colectivo, sexan de interés para o territorio e non supoñan actividade económica

-A EDLP descarta calquera outro aumento no límite das axudas derivados do Art. 95.2 e 95.3.

Porcentaxes Adicionais de Axuda.

-Unha vez determinada a contía das axudas a partir do límite máximo de da aplicación dos Criterios de Valoración, aplicarase a corrección das **Porcentaxes Adicionais** previstas no art. 95.4 e Anexo I do Regulamento FEMP.

-Proxectos vinculados á **pesca costeira artesanal**.
Incremento de ata 30 puntos porcentuais.

-A EDLP exclúe expresamente as axudas á substitución ou modernización de motores previstas no artigo 41.2 do Regulamento FEMP.

-O resto de casos indicados no Anexo I non son aplicables a esta EDLP en función do Regulamento FEMP.

Cláusula de suxeición ás ordes de bases reguladoras.

-Calquera límite máximo na porcentaxe así como no importe das axudas quedará supeditado aos límites establecidos nas futuras ordes reguladoras das convocatorias da Consellería do Mar así como de calquera decisión adoptada pola Autoridade de Xestión.

Criterios de selección e valoración dos proxectos.

Xustificación.

-Segundo a experiencia aportada consideramos necesario establecer **criterios de valoración distintos para os proxectos do Sector Pesqueiro** (Obxectivo Estratéxico 1) e para os demais proxectos (Obxectivos 2, 3, e 4) xa que consideramos que os aspectos a valorar non deben ser os mesmos dependendo do obxectivo no que se enmarque o proxecto para a idoneidade da nosa EDLP.

-Os criterios relativos á valoración do **promotor** empregados no período anterior presentan as seguintes deficiencias:

-Nos proxectos Produtivos, os criterios de valoración do promotor (primacía de determinados colectivos) actúan de xeito negativo: proxectos de alto interese perden porcentaxe de axuda por non estar incluídos os promotores nos colectivos favorecidos. Este factor pasa a ser agora integrado nos criterios adicionais, de xeito que primen a determinados colectivos sen prexudicar ao resto dos promotores.

-Nos proxectos non produtivos, os criterio de valoración do tipo de entidade promotora convértese en innecesario, xa que as entidades primadas coinciden coas admitidas.

-Compútase o **compromiso de establecer unha política de RSC** e regúlase vinculándoo a valoracións obxectivas en base a guías elaboradas polo GALP. Os criterios establecidos nesta Estratexia para valorar estes criterios poderán ser modificados unha vez estean aprobadas as Guías por acordo da Xunta Directiva.

-**Compromiso de formación.** Valórase o compromiso dos promotores de participar no plan formativo do GALP que se especifica no Obxectivo Cero (actuacións de Animación). Para poder xustificar este compromiso o **promotor deberá participar nas accións formativas** antes de que presente a última xustificación do proxecto

-**Favorécense os proxectos de colaboración** entre institucións e de **ámbito supramunicipal** como xeito de potenciar a integración do territorio e aproveitamento de sinerxías.

-Créanse os **Criterios Adicionais**, unha puntuación que se superpón ao límite máximo de puntos. Estes puntos compútanse na suma, pero non impiden que un promotor cun bo proxecto acadase o total da puntuación sen cumprilos. En todo caso, os criterios de adicionais nunca poderán supor unha valoración superior ao máximo establecido para cada tipo de proxecto. Estes criterios regulan a valoración de:

-A condición do promotor.

-Compoñentes específicos de I+D+i.

-Determinados compromisos de carácter social (acceso da muller a postos directivos, etc.) e medioambiental.

-Os Criterios Adicionais só se aplican se o proxecto acadase a puntuación mínima esixida no Criterios de Valoración xerais.

227



Puntuación Mínima e Axuda Mínima.

Establécese de seguido a puntuación mínima que deben acadar os proxectos candidatos para ser admitidos e a porcentaxe de axuda mínima aplicable.

Obxectivo Estratéxico	Produtivos		Non Produtivos	
	Puntuación Mínima	Axuda Mínima	Puntuación Mínima	Axuda Mínima
1. Sector Pesqueiro	25	35%	40	50%
2. Diversificación Económica	25	30%	40	50%
3. Patrimonio Natural e Cultural				

228

Proceso de admisión e valoración.

Criterio de admisión e cualificación.

-O proxecto debe **axustarse a unha das Liñas estratéxicas** da EDLP.

-O proxectos será cualificado como **Produtivo** ou **Non produtivo**

-Proxectos **Produtivos**. Aqueles que teñen capacidade de xeración de ingresos.

-Proxectos **Non Produtivos**. Aqueles que non teñen capacidade de xeración de ingresos.

-Criterios de **exclusión**.

-**Viabilidade**. Serán excluídos todos os proxectos produtivos que demostren non ser económica, técnica ou financeiramente viables ou non o acrediten adecuadamente

-Cualificación especial, se procede, de iniciativa vinculada á **pesca costeira artesanal**.

-**Normativa superior**. Os requisitos para a admisión de proxectos virán determinados polas bases reguladoras da convocatoria de axudas que aprobe a Consellería do Mar non sendo este aspecto obxecto de modificación desta EDLP, mentres non se publiquen estas bases no asesoramento a promotores aplicaranse os requisitos de admisión do programa anterior (Grupos de Acción Costeira 2007-2013 / Eixo 4 FEP).

**Proxectos NON PRODUTIVOS.
Obxectivo 1 SECTOR PESQUEIRO**

VALORACIÓN DO PROXECTO

Criterio	Máx.	Aplicación
1. Colaboración entre entidades (Coxestión)	5	5 5 ou máis entidades promotoras da iniciativa.
		3 3 entidades promotoras da iniciativa.
		2 2 entidades promotoras da iniciativa.
2. Ámbito territorial de actuación do proxecto	8	8 Afecta aos 9 municipios ou beneficia directamente aos membros de todas as confrarías.
		6 Afecta a 3 ou máis municipios ou beneficia directamente aos membros de 3 ou máis confrarías.
		3 Afecta a 2 municipios ou beneficia directamente aos membros de 2 confrarías.
3. Potencialidade para a creación de emprego	4	Ten repercusión indirecta e estimable na creación ou mellora do emprego.
4. Potencialidade para o asentamento de novas iniciativas produtivas	8	Crea infraestruturas, equipamentos ou servizos de interese para negocios da zona ou para asentamento de novos negocios fomentados pola EDLP.
5. Capacidade de transferencia	5	Valorarase a capacidade para ser transferido noutro municipio ou fóra do territorio.
6. Posta en valor do patrimonio natural marítimo e costeiro	10	10 A actuación supón un labor de recuperación, mantemento, posta en valor ou conservación do patrimonio .
Correo: iria.guia.galicia@gmail.com

Balandro Joaquín Vieta

-

Ctra. Obre, 27 C.P.: 15.250 – Noia

Tel: 658 778 127

Correo: joaquin.vieta@gmail.com

Casa de Turismo Rural Casa da Roncha

-

Lg A Igrexa, 50 – Argalo C.P.: 15.213 – Noia

Tel: 981 82 35 51

Correo: info@casadaroncha.com

Casa Mar da Vila

-

Porta da Vila, 11 C.P.: 15.200 – Noia

Tel: 981 82 02 48

Correo: casa@mardavila.com

Hotel Park Ría de Noia

Antonio Pérez Varela

Barro C.P.: 15.200 – Noia

Tel: 981 82 37 29

Correo: reservas@hotelpark.es

Hotel Restaurante Pesquerías del Tambre

-

Santa María de Roo C.P.: 15.200 – Noia

Tel: 981 76 94 25

Correo: info@pesqueriasdeltambre.com

Hotel Tio Manolo

-

Rúa Outonil, 2 C.P.: 15.200 – Noia

Tel: 981 82 28 50

Correo: contacto@hosteleriabarreiro.com

Restaurante Elisardo

-

267



Costa do Ferrador, 16 C.P.: 15.200 – Noia
Tel: 981 825 01 30
Correo: hotlelisardo@hotmail.com

Visitas guiadas

-

Frei Lois Rodríguez, 7 C.P.: 15.200 – Noia
Tel: 676 64 61 51
Correo: crisanidoguia@yahoo.es

Astilleros Abeijón Hermanos

-

O Freixo, 2 C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 56 38
Correo: info@astillerosabeijonhermanos.com

Casa de Turismo Rural Casa do Zuleiro

-

Brión de Arriba, 11 C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 55 31
Correo: reservas@casadozuleiro.com

Concello de Outes

-

Rúa da Vila, 1 C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 85 00 03
Correo: concello@outes.es

Mariscos Chaparrito

-

O Freixo C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 52 97
Correo: monimir76@hotmail.com

Pensión Restaurante Casa Peto

-

Cruceiro de Roo C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 50 24
Correo: casapetooutes@casapetooutes.com

Restaurante Pepe do Coxo

-

Paseo da Ribeira, 70 – O Freixo C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 51 89
Correo: pepedocoxo@gmail.com

Bodegon O Pescador

-

Avda. da Constitución, 24 – Portosín C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 76 68 21
Correo: maikelpescador@hotmail.com

Casa de Turismo Rural O Fieiro

-

Miñortos C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 82 14 07
Correo: info@casadofieiro.com

Cetárea Arnela

-

Arnela, s/n C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 76 71 64
Correo: info@mariscosarnela.ces

Concello de Porto do Son

-

Rúa Atalaia, s/n C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 86 77 41
Correo: luis.oujo@portodoson.dicoruna.es

Hotel O Noso Restaurante O Noso Bar

-

Rúa Mariño, 9 – Portosín C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 76 60 62
Correo: reservas@hotelonosocom

Pensión Restaurante Áncora da Ría

-

Rúa Trincherpe, 16 C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 76 74 43
Correo: pensionrestauranteancoradaria@gmail.com

Hotel Restaurante Villa del Son

-

Rúa do Trincherpe, 11 C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 85 30 49
Correo: hotelvilladoson@yahoo.es

Restaurante Playa Arnela

-

Rúa Arnela, 9 C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 85 41 31

A Laxe Pensión Rústica

Lg de A Laxe, 9 – O Pindo C.P.: 15.296 – Carnota
Tel: 617 889 641
Correo: info@rusticaalaxe.com

Albergue Finistellae

-

Rúa Manuel Lago Pais, 20 – 22 C.P.: 15.155 – Fisterra
Tel: 637 8241 296



Correo: reservas@finistellae.com

Rural As Eiras

-

Lg de Lires, 79 C.P.: 15.270 – Cee

Tel: 981 74 81 80

Correo: reservas.aseiras@hotmail.es

Atlantis Adventure

-

Avda. de Finisterre, 93 C.P.: 15.270 – Cee

Tel: 981 70 60 87

Correo: info@atlantisadventure.es

Cabañas de Lires

Lg de Lires, 99 C.P.: 15.270 – Cee

Tel: 981 74 83 93

Correo: contacto@cabanasdelires.com

Cabanas do Barranco

-

Ousesende C.P.: 15.230 – Outes

Tel: 981 85 09 03

Correo: info@cabanitasdelbosque.com

Pensión Casa da Balea

-

Rúa Rafael Juan, 8 C.P.: 15.130 – Corcubión

Tel: 981 74 66 45

Correo: info@casadabalea.com

Casa de Carmen

Rúa Atrás de Rafael Juan, 1 C.P.: 15.130 – Corcubión

Tel: 617 899 641

Correo: info@casadecarmen.es

Casa Jesús

Lg de Lires C.P.: 15.270 – Cee

Tel: 981 74 89 93

Correo: info@turismoruralcasajesus.com

Real Club Náutico Portosín

-

Porto Deportivo, s/n – Portosín C.P.: 15.970 – Porto do Son

Tel: 981 76 65 83

Correo: info@rcnportosin.com

Cruceros Fisterra

-

San Martín de Abaixo, 58 C.P.: 15.155 – Fisterra

Tel: 607 19 80 95
Correo: crucerosfisterra@hotmail.com

Fresco y del Mar

-

Rúa Campo do Sacramento, 23 C.P.: 15.270 – Cee
Tel: 698 16 53 50
Correo: joaquin.alvarez@frescoydelmar.com

Hotel Restaurante Praia de Quenxe
Rúa Editor Francisco Porrúa, 3 C.P.: 15.130 – Corcubión
Tel: 981 70 64 57
Correo: playadequenxe@gmail.com

Hotel A Muradana

-

Avda de Castelao, 99 C.P.: 15.250 – Muros
Tel: 981 82 68 85
Correo: info@hotelamuradana.es

Hotel Brisas do Freixo
Porto do Freixo, 63 C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 57 44
Correo: info@hotelasbrisasdofreixo.com

Hotel de Natureza Mar de Ardora

-

Lg de Potiña, 15 C.P.: 15.155 – Fisterra
Tel: 667 641 304
Correo: hotelmardeardora@gmail.com

Hotel Noia

-

Rúa Curros Enríquez, 27 C.P.: 15.200 – Noia
Tel: 981 82 25 52
Correo: info@hotelnoia.com

Hotel Playa Langosteira
Lugar de Escaselas, 1 C.P.: 15.155 – Fisterra
Tel: 981 70 68 30
Correo: info@playalangosteira.com

Hotel Restaurante As Hortensias Taberna O Ribeiro
Rafael Fuentes Arán
Praia de Quenxe, s/n C.P.: 15.130 – Corcubión
Tel: 981 74 75 84
Correo: info@ashortensias.com

Mar de Galicia

-

Rúa Santa Catalina, 48 C.P.: 15.155 – Fisterra

271



Tel: 981 74 00 74
Correo: info@mardegalicia.com

O Canto da Balea

-

Porto de Portocubelo – Lira C.P.: 15.292 – Carnota
Tel: 639 905 221
Correo: info@ocantodabalea.com

Peixería Mar Viva

-

Praza de Castelao, 15 C.P.: 15.130 – Corcubion
Tel: 981 70 64 53
Correo: info@peixeriamarviva.com

Pensión Rústica O Prouso

-

Praza San Gregorio, 7 C.P.: 15.292 – Carnota
Tel: 981 85 70 73
Correo: info@oprouso.com

Confraría O Pindo

-

O Pindo – C.P.: 15.296 – Carnota
Tel: 981 76 48 15
Correo: confraria@wanadoo.es

Redeiras Virxe do Carme de Porto do Son

-

Rúa de Galicia C.P. 15.970 – Porto do Son
Tel: 609 74 37 13
Correo: [redeirasdoson@hotmail.com](mailto:redeiradoson@hotmail.com)

Restaurante A Dársena

-

Avda. de Castalao, 11 C.P.: 15.250 – Muros
Tel: 981 826 864
Correo: restauranteadarsena@gmail.com

Restaurante Alborés

-

Rúa Escultor Ferreiro, 8 C.P.: 15.250 – Muros
Tel: 981 82 01 52

Restaurante Anexo Coira

Paseo de Coira, 13 – Portosín C.P.: 15.970 - Porto do Son
Tel: 981 76 67 95
Correo: anexocoirarestaurante@gmail.com

Restaurante Ferrador

Rúa do Ferrador, 6 C.P.: 15.200 – Noia
Tel: 981 82 00 80

Correo: oscarferrador@gmail.com

Restaurante Ríos O Freixo
Muelle do Freixo C.P.: 15.230 – Outes
Tel: 981 76 51 20
Correo: riosfreixo@gmail.com

Tapería O Porto
-
Avda. de Galicia, 30 C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 981 76 72 63
Correo: oportodoson@outlook.com

Viajes David Caamaño
-
Avda. de Castelao, 109 C.P.: 15.250 – Muros
Tel: 981 82 62 60
Correo: viajesdavidcaamaño@gmail.com

Museo do Mar de Noia
-
Malecón de Cadarso, 17 C.P.: 15.200 – Noia
Tel: 645 941 26 21
Contacto: mardenoia-felix@mundo-r.com

Casa Vacacional Os Roxos
-
Xuño C.P.: 15.970 – Porto do Son
Tel: 634 690 445
Correo: casaosroxos@gmail.com Casa de Turismo Rural Jallambau
-
Miraflores, 51 C.P.: 15.250 – Muros
Tel: 981 82 60 83
Correo: info@jallambaurural.com

273



2. PROCESO DE PARTICIPACIÓN NA ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA

Visión xeral do proceso de participación.

No GALP Costa Sostible asumimos os principios do Desenvolvemento Local Participativo, polo que buscamos o máximo achegamento ás entidades do territorio e á sociedade en xeral no proceso de elaboración desta EDLP.

Principios de partida.

-**Obxectivo xeral.** Acadar unha **Estratexia realmente adaptada ás necesidades e potencialidades do territorio.**

-Captar as demandas, ideas e **propostas** dos distintos actores sociais.

-Captar, moi en particular, as **iniciativas de xeración de negocios** que se están desenvolvendo no territorio.

-Conseguir unha **implicación real** das persoas e entidades tanto na elaboración da EDLP coma na súa posterior aplicación.

-Identificación dos **grupos de interese** a atención e aproveitamento da diversidade.

-**Avaliación e Renovación.** Quixemos traballar sobre a experiencia do período anterior e, ao tempo, introducir novos enfoques na EDLP que enriquecesen o debate e o resultado.

-Atención especial aos **resultados** obtidos.

-Valoración específica dos resultados acadados nos sectores **pesqueiro e turístico.**

-Integración no proceso de **expertos do territorio e de fóra** del (Paneis de Expertos) para incorporar novas ideas, que foron sometidas á valoración dos axentes locais (Mesas Sectoriais).

-Realización dun esforzo particular por integrar dun xeito ao tempo ambicioso, realista e adaptado ao territorio das estratexias e principios do desenvolvemento sostible aplicadas a **nivel europeo** e fomentadas polo FEMP e a Consellería do Mar (Especialización Intelixente, Desenvolvemento Sostible, Responsabilidade Social Corporativa, Crecemento Azul e o propio Desenvolvemento Local Participativo).

Síntese do proceso participativo.

O proceso participativo sintetízase nas seguintes fases:

-**Inicio de consultas** e debates nos órganos de goberno do GAC4 sobre o novo período de programación e novas esixencias do proceso. A discusión mais relevante desta fase foi a posible redefinición do ámbito territorial do GALP.

-Proceso participativo para a **elaboración da candidatura.** Neste proceso utilizáronse como ferramentas de participación as mesas de traballo, talleres participativos e cuestionario Delphi.

-Proceso participativo asociado á **elaboración da Estratexia** de Desenvolvemento Local Participativo, que explicamos de seguido.

Plan de actuación.

A web costasostible.com, unha das ferramentas utilizadas, recolle o calendario de accións. Presentamos o esquema de traballo.

- Web de participación** costasostible.com.
- Paneis de Expertos**. Foro de participación de axentes do territorio xunto con expertos en diversos eidos para a transferencia de coñecemento en áreas de especial relevancia. Un dos rasgos definitorios do noso proceso participativo é a xeración de inputs de opinión e coñecemento, para enriquecer dito proceso e aportar un punto de vista crítico sobre o mesmo.
 - I+D+i dos Produtos da Pesca**. Sobre captación de know-how e start-ups.
 - Comercialización da Pesca**. Sobre novas canles e estratexias.
 - Investimentos Turísticos**. Para a identificación de oportunidades de negocio.
 - Territorio e Paisaxe**. Sobre modelos de desenvolvemento responsable.
- Construíndo Futuro. Debates na Radio**. Programa específico en Radio Líder, con catro edicións, para fomentar o debate e a captación de ideas a nivel social.
 - A Pesca**.
 - O Turismo**.
 - Muller e Igualdade**.
 - Xuventude e Oportunidades**.
- Mesas Sectoriais**. Fórmula de integración das entidades do territorio. Incluíron a avaliación das propostas dos Paneis de Expertos.
 - Pesca Sostible**. Coas xentes do mar.
 - Turismo Sostible**. Co sector hostaleiro e turístico.
 - Sector Público**. Coas administracións locais.
 - Social**. Coas asociacións de diverso tipo.
- Talleres de Responsabilidade Social Participativa**. Sesións formativas e de debate para a orientación da liña de RSC na Estratexia. Foron tres sesións.
- Newsletter e boletín TCS-Territorio Costeiro Sostible**. Creación dunha lista de correo para informar da evolución do proceso participativo.
- Notas de prensa** para difundir a Elaboración da Estratexia.
- Participación nos **eventos de debate e transferencia de coñecemento**. Se ben no é propiamente unha acción de participación interna do territorio, mencionamos esta actuación pola importancia que tivo nesa vontade de renovación e de aplicación das liñas de traballo europeas, amais de pola importancia do intercambio de ideas e experiencias con outros GALP.
- Traballo en rede**. Interacción con outros entes de desenvolvemento local.
 - Participación na presentación da estratexia do Xeodestino turístico Ría de Muros-Noia, á que acudimos pola importancia que este sector adquire na EDLP.
 - Acordos de traballo conxunto cos GDR do territorio: Costa da Morte e DELOA.
- Valoración final da **Asemblea Xeral**. Debate, modificación e aprobación final da EDLP.

275



Detalle do proceso participativo.

Web de participación costasostible.com

Publicación dun microsite moi orientado a informar do proceso participativo: presentación básica da EDLP e Calendario de Traballo, xunto cun Formulario de traballo.

276

- Promoción dos valores.** A web promociona os valores principais da EDLP:
 - O dominio costasostible.com e o título principal (Territorio Costeiro Sostible) van nesa liña.
 - Inclúese unha presentación específica do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible.
- Promoción da participación.**
 - Sección Participa, con Formulario para envío de mails con suxestións, acceso ao perfil Facebook do GALP.
 - Chamada específica ás Asociacións para a súa integración no futuro GALP, tanto en portada como na sección Participa.
- Calendario de traballo:** transparencia e participación.
 - Publicación do calendario con todas as actuacións para a preparación da Estratexia (Paneis de Expertos, Mesas Sectoriais, Programas de Radio, Talleres RSC). Calendario en portada de próximos eventos.
- Publicación da EDLP.** A web quedará aberta, coa incorporación desta EDLP para a súa difusión. O mesmo dominio será o que se utilice para a implantación na EDLP no caso de ser ratificada pola Consellería.
- Datos. Outubro-novembro 2015. Aberta ata a súa transformación en web oficial do GALP Costa Sostible.

Paneis de expertos.

Identificamos como una necesidade do territorio a de 'refrescar ideas'. Tras varios anos xestionando o GAC e o PEZ, a experiencia fai que entre nós bulan iniciativas e ideas, pero tamén notamos a **necesidade de introducir novos parámetros** nas reflexións. De aí xurdiu a idea de convocar os Paneis de Expertos, foros nos que puidésemos interaccionar con profesionais tanto locais como foráneos. Definimos catro áreas nos que interesaba esta especial forma de transferencia de know-how.

Foron convocados ao longo do mes de outubro, coa intención de levar as conclusións aos debates das Mesas Sectoriais.

Metodoloxía dos Paneis de Expertos

Convocatoria	-Previa ás Mesas Sectoriais. -Integración de axentes locais e expertos foráneos.
Formato	-Mesa de traballo conxunta. -Presentación do contexto (a elaboración da EDLP) e a temática particular por parte da Xerencia do GAC/GALP. Apoio nunha presentación visual (Power Point). -Intervención dos expertos convocados. -Debate. -Revisión de conclusións.
Avaliación	-Avaliación das conclusións nas mesas sectoriais.

Panel de Expertos. I+D+i dos Produtos da Pesca.

Captación de know-how e emprendedores.

Datos da convocatoria	21 de outubro, ás 17:00 h. En Vigo. Coworking Vigo.
Xustificación	A Estratexia pretende apoiar a evolución do sector cara a xeración de maior valor engadido, atendendo aos elementos da cadea de valor con maior rendemento e á diversificación arredor dos descartes, subprodutos e novos recursos. Para iso precisamos atraer coñecemento -Galicia xera moito neste eido-. Pero ademais queremos atraer ao territorio os propios proxectos de I+D+i, ser un polo de investigación aplicada.
Participantes	-Luis Fernández. Universidade de A Coruña. -Sebastián Villasante. Universidade de Santiago de Compostela. -Francisco Saborido. Centro Superior de Investigaciones Científicas. -Alexandre Alonso. Centro Superior de Investigaciones Científicas. -Manuel París. Axencia Galega de Innovación. -Cristina Quenlle. Campus do Mar. -Jorge de los Bueis. Asociación de Oceanógrafos de Galicia. -Javier Pereiro. Instituto Español de Oceanografía. -Elsa Vázquez. Universidade de Vigo. -Xosé Ramón Vázquez Pérez. ANFACO -Manuela Oviedo Hermida. GAC Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible. -Sebastián Valverde Comesaña. GAC Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible.
Conclusións básicas	-Hai un interese real dos organismos de investigación en colaborar coas Confrarías e empresas do territorio para o desenvolvemento dos seus traballos. -Necesidade orientar na Estratexia cara accións que conteñan componente de innovación en catro campos: valorización de recursos e novos produtos; transformación; comercialización; investigación aplicada. -Incorporación do concepto de coexistión dos recursos mariños. -Necesidade de potenciar o emprendemento no sector das investigacións mariñas.



Panel de Expertos. Comercialización da pesca

Novas canles e estratexias.

Datos da convocatoria	23 de outubro, ás 13:00 h. No Freixo, Outes. Restaurantes Ríos
Xustificación	No período anterior xurdiron algunhas iniciativas de comercialización on line. A experiencia indica ao tempo

Participantes	<p>que temos que afondar nesta liña e que precisamos de concretar fórmulas para facelo.</p> <p>-- Delegado Galicia-Norte de Portugal Angulas Aguinaga.</p> <p>-- Plataforma Comercial Lonxa na Rede.</p> <p>-- Mexilloeiros de Galicia. Pulponor, S. Coop. Galega.</p> <p>-- Procesados Pesqueros Protosín, SL.</p> <p>-- Confraría de Muros.</p> <p>-- GAC Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible.</p> <p>-- GAC Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible.</p>
Conclusións básicas	<p>-Potenciar a transformación e o valor engadido da pesca no territorio.</p> <p>-Dificultade para abrir novos mercado cos limitados volumes de descargas dos portos locais.</p> <p>-Necesidade de buscar formas de traballo conxunto entre confrarías para procurar novos mercados.</p> <p>-Posibilidade de elaboración, a través do GALP para a elaboración de catálogos de produtos e produtores do territorio.</p> <p>-Proposta de realización de expedicións comerciais de produtos e comercializadores.</p>

Panel de Expertos. Inversións turísticas.

Identificación de oportunidades de negocio.

Datos da convocatoria	23 de outubro, ás 18:00 h.
Xustificación	Nas Cabanas do Barranco, Outes. O turismo foi no período anterior un dos sectores con máis iniciativas e a EDLP aposta por reforzar o seu papel na diversificación da renda local. Afondamos na necesidade de identificar as oportunidades de negocio e captar investimentos locais e foráneos e orientar estes a iniciativas sostibles.
Participantes	<p>-- Directora de Promoción da Axencia Turismo de Galicia.</p> <p>-- Yu Travel, axencia maiorista de viaxes.</p> <p>-- Dosvalor, sociedade de investimentos.</p> <p>-- Centro de Actividades Mariñeiras Cabanas do Barranco.</p> <p>-- Asoc. Empresarios Noia Histórica.</p> <p>-- CEMAT, Empresarios Costa da Morte.</p> <p>-- Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible.</p> <p>-- GAC Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia / GALP Costa Sostible.</p>

Conclusións básicas	<ul style="list-style-type: none"> -Necesidade de potenciar o Camiño Inglés a Santiago. -Necesidade de invertir a tendencia de investimento en negocios de baixa categoría, especialmente albergues. -Necesidade de captar algún tipo de investimento turístico con capacidade tractora para o territorio, tipo Talaso.
---------------------	--

Panel de Expertos. Territorio e Paisaxe ¿Cómo abordar a sostibilidade nas políticas urbanísticas locais?

Datos da convocatoria	29 de outubro, ás 11:00 h. Na sede do GAC/GALP, en Noia.
Xustificación	O nosa vocación de sermos un Territorio Costeiro Sostible debe concretarse, entre outros aspectos, en medidas de conservación da paisaxe que precisamos concretar.
Participantes	<ul style="list-style-type: none"> -- Munilla biodiversidade. -- Alcalde de Noia. -- Equipo Redactor EDLP. -- Xerente do GAC/GALP. -- Itto. Estudos do Territorio. -- COAG.
Conclusións básicas	<ul style="list-style-type: none"> -Necesidade dunha toma de conciencia do GALP respecto a non converterse nun factor de financiamento de intervencións no territorio -Necesidade de xerar orientacións e directrices de sostibilidade para a orientación dos proxectos dos promotores e concellos. -Necesidade de xenerar un mecanismo de transmisión e formación aos técnicos municipais. -A posta en valor da paisaxe pode xerar en si mesma actividade económica a través dos servizos medioambientais; entre as novas correntes sociais (e nichos de mercado) atópase a atención a promoción da biodiversidade.

279

Construíndo Futuro. Debates na Radio.

Patrocinamos, na emisora local de Radio Líder, un programa semanal (con catro edicións) cun dobre obxectivo:

- Promover o debate** sobre temáticas concretas.
- Difundir** o propio proceso de elaboración da EDLP.

Foron realizados catro Debates na Radio entre o 17 de outubro e o 4 de novembro. Están dispoñibles en costasostible.com



Estrutura de Construíndo Futuro, Debates na Radio.

Convocatoria	<ul style="list-style-type: none"> -Mes de outubro (ata 4 de novembro), na fase inicial de elaboración da EDLP. -Participación de axentes sociais especialmente activos vinculados a cada temática.
Formato	-Presentación da EDLP e o proceso participativo en cada programa.

	<ul style="list-style-type: none"> -Presentación da temática. -Debate moderado polo presentador. -Teléfono de participación. -Duración: 30 min.
Avaliación	-Avaliación das conclusións nas Mesas Sectoriais.

Construíndo Futuro. A Pesca.

Datos da emisión	17 de outubro, ás 13:30 h. En Radio Líder, estudos de Porto do Son
Xustificación	Tratamento dunha temática principal cunha problemática específica e que ten impacto en toda a sociedade en xeral.
Participantes	-- Procesados Pesqueros Protosín, SL. -- Secretario da Confraría de Noia. -- Patrón Maior da Confraría de Porto do Son e Presidente da Federac. Galega de Confrarías.
Conclusións básicas	<ul style="list-style-type: none"> -Necesidade de fomentar a iniciativa empresarial no sector da pesca, en particular en iniciativas de transformación e comercialización. -Necesidade de apoiar á acuicultura tendo en conta a necesidade de controlar o seu impacto ambiental, en particular sobre as augas da Ría. -Defensa da pesca artesanal, tamén ante o consumidor.

Construíndo Futuro. O Turismo.

Datos da emisión	21 de outubro, ás 13:30 h. En Radio Líder, estudos de Porto do Son
Xustificación	Enf
Participantes	-- Alcalde de Porto do Son. -- Presidente da Asociación Noia Histórica. -- Asociación Turístico Comarcal Ría de Muros e Noia.
Conclusións básicas	<ul style="list-style-type: none"> -Apoio aos xeodestinos como forma de xestión turística. -Necesidade de incidir na promoción do territorio e crear marca de destino. -Necesidade de reforzar a cooperación supralocal e entre os axentes público e privado.

Construíndo Futuro. Muller e Igualdade.

Datos da emisión	28 de outubro, ás 13:30 h. En Radio Líder, estudos de Porto do Son
Xustificación	Busca da concienciación respecto da necesidade dunha perspectiva de xénero para a EDLP.
Participantes	-- Alcaldesa de Muros. -- Conservas Galuriña. -- Redeira.
Conclusións básicas	<ul style="list-style-type: none"> -Constatación das desigualdades de xénero, en particular no sector da pesca. -Necesidade de compatibilizar a vida familiar e laboral e de

redefinir os papeis na vida familiar.

Construíndo Futuro. Xuventude e Oportunidades.

Datos da emisión	4 de novembro, ás 13:30 h. En Radio Líder, estudos de Porto do Son
Xustificación	Enf
Participantes	-- Técnico de Emprego do Concello de Porto do Son. -- Enxeñeiro Industrial, emigrado. --Empregado en inmobiliaria e emprendedor en hostalería.
Conclusións básicas	-Identificación como problema a formación deficiente, non axeitada á demanda do mercado, e mesmo falla de formación básica. -Necesidade de programar unha formación de calidade e adaptada aos xacementos de emprego da zona. -Existencia de desmotivación pola falta de industrias xeradoras de emprego e pola difícil viabilidade das iniciativas de autoemprego.

281

Mesas sectoriais.

As Mesas Sectoriais reúnen aos **principais axentes de cada sector**. Son o principal foro de traballo para completar o Plan de Actuación, concretando para cada área as Liñas de Actuación e as Medidas que dean resposta ás necesidades e potenciais do territorio. Nelas pulsamos, concretamente, os proxectos que, en cada eido, existen no territorio.

Foron convocadas catro Mesas Sectoriais ao longo do mes de novembro.

Metodoloxía das Mesas Sectoriais

Convocatoria	-Mes de novembro, tralos Paneis de Expertos e os Debates na Radio. A idea e abrir estas mesas cun traballo previo de captación de ideas para sometelas a debate e obter conclusións cualificadas. -Integración de axentes locais de cada sector.
Formato	-Mesa de traballo conxunta. -Revisión dos principios xerais da EDLP. -Presentación de conclusións de Paneis e Debates na Radio e outras achegas. Apoio nunha presentación visual (Power Point). -Intervención dos convocados. -Debate. -Sistematización de conclusións e definición de Liñas Estratéxicas e Medidas. -Aprobación específica da iniciativa do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible.
Avaliación	-Avaliación das conclusións pola Xunta Directiva do GAC/GALP.



**Mesa Sectorial da Pesca Sostible.
Coas xentes do mar.**

Datos da convocatoria	13 de novembro, ás 11:00 h. Lonxa de Muros, local de reunións.
Xustificación	Necesidade de concretar a estratexia respecto do Pesqueiro, obxecto prioritario do FEMP.
Participantes	-- Patrón maior da Confraría de Muros. -- Secretario da Confraría de Noia. -- Patrón maior da Confraría de Porto do Son. -- Asociación de produtores de mexillón Ría de Muros e Noia. -- Equipo redactor EDLP. -- Xerente do GAC/GALP. -- Confraría de San Andrés. -- Confraría do Pindo. -- Confraría de Fisterra. -- Confraría de Corcubión. -- de Lira. -- Mexilloeiros Muros-Esteiro. -- Redeiras do Carme.
Conclusións básicas	-Necesidade de potenciar os temas ambientais e sobre todo a concienciación das administracións sobre a contaminación da ría. -Dar cabida á acuicultura no estratexia, pero só para a produción de especies autóctonas para evitar riscos de introdución de bacterias e especies invasivas para os ecosistemas da ría. -Aprobación da iniciativa do Pacto Local Polo Territorio Costeiro Sostible. -Definición dos Obxectivos Específicos, Liñas de Actuación e Medidas do Obxectivo Estratéxico 1 (Sector Pesqueiro) para someter á aprobación da Xunta Directiva do GAC/GALP.

**Mesa Sectorial do Turismo Sostible.
Con empresarios turísticos e políticos da costa da morte**

Datos da convocatoria	12 de novembro, ás 11:00 h. Casa da Cultura, Corcubión
Xustificación	Necesidade de concretar a estratexia no eido turístico e a abordar os mecanismos de interrelación entre os GACs 3 e 4 e os xeodestinos Costa da Morte de Ría de Muros-Noia.
Conclusións básicas	-Traballar conxuntamente cos dous xeodestinos do territorio, Costa da Morte e Ría de Muros e Noia. -Debatir propostas dos empresarios para integrar na Estratexia. -Manter a aposta polo turismo mariñeiro, redefinindo as características dos servizos para mellorar a viabilidade e competitividade. -Regular o incremento de aloxamentos de categorías

inferiores mediante a declaración de zonas saturadas.
-Reforzar Mar Galaica a nivel comercial.
-Aprobación da iniciativa do Pacto Local Polo Territorio Costeiro Sostible.

Mesa Sector Público.

Coas administracións locais.

Datos da convocatoria	12 de novembro, ás 17:00 h. Casa do Concello, Muros.
Xustificación	Captación dos intereses e implicación dos concellos como principais axentes de planeamento territorial. Pretendemos que valoren as iniciativas traballadas e especialmente as implicacións en eidos de xestión directa, como o urbanismo. Atención especial á protección da paisaxe.
Participantes	-- Concello de Muros. -- Concello de Outes. -- Concello de Noia. -- Concello de Porto do Son. -- Concello de Carnota. -- Concello de Fisterra. -- Concello de Dumbría. -- Concello de Corcubión. -- Concello de Cee.
Conclusións básicas	-Apoiar a declaración de zonas saturadas para ordenar o crecemento do aloxamento turístico en categorías baixas. -Aprobación da iniciativa do Pacto Local Polo Territorio Costeiro Sostible. -Revisión do Plan de Actuación, especialmente dos Obxectivos Estratégicos 0 (Sostibilidade xeral), 2 (Turismo) e 4 (Patrimonio Natural e Cultural) para someter á aprobación da Xunta Directiva do GAC/GALP.

283

Mesa Social e Económica

Coas asociacións sociais e empresariais.

Datos da convocatoria	19 de novembro, ás 17:00 h. Sede do GAC/GALP. Noia.
Xustificación	Integración de todos os intereses locais na Estratexia e debate especial sobre as medidas de igualdade e integración de colectivos e sobre o establecemento de políticas transversais. Atención tamén ao coidado da paisaxe.
Participantes	-- Turístico Comarcal Ría Muros-Noia. -- Asoc. Empresarios Noia Histórica. -- Asoc. A Misela. -- Equipo redactor EDLP. -- Xerente do GAC/GALP. -- Club Náutico Carrumeiro. -- Club Náutico de Protosín.



	-- Asoc.Saúde Mental A Creba.
	-- Asoc. Mar de Noia.
Conclusións básicas	-Necesidade de incorporar á estratexia unha guía de adaptabilidade. -Aprobación da iniciativa do Pacto Local Polo Territorio Costeiro Sostible. -Revisión das Liñas de Actuación en xeral e matización para incorporar elementos vinculados á sositibilidade social e medioambiental.

284

Talleres de Responsabilidade Social Corporativa.

Programación dun obradoiro de traballo para definir unha política de RSC a implantar coa EDLP. Nel participaron membros da Xunta Directiva do GAC/GALP, o que garante a difusión dos valores e das medidas no futuro GALP e nas entidades que o constitúen.

Taller de Responsabilidade Social Corporativa Estrutura e Contidos.

Datos ca convocatoria	Taller práctico en tres sesións de 2 horas. -Sesión 1. 27 de outubro, en Muros. -Sesión 2. 3 de novembro, en Noia. -Sesión 3. 10 de novembro, en Noia.
Ponentes	-Tito Iglesias -Mercedes Fernández
Participantes	-- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xunta Directiva. -- Xerencia do GAC/GALP. -- Xerencia do GAC/GALP. -- Xerencia do GAC/GALP -- Equipo redactor da EDLP.
Formato	-Presentación por parte dos relatores dos principios e mecanismos para a implantación dunha política de RSC no GALP, a partir da Guía aportada pola Consellería. -Debate sobre a importancia dada a cada aspecto e importancia da súa aplicación ao GALP. -Elaboración dun Plan de Acción de RSC integrado na Estratexia, con especial incidencia no bo goberno do GALP.

Newsletter e boletín TCS-Territorio Costeiro Sostible.

Creación dunha lista de correo e envío de boletíns informativos co obxecto promocionar os diferentes eventos da participación e promover o interese de cara á elaboración da EDLP.

Newsletter e boletín TCS-Territorio Costeiro Sostible

Formato	-Boletín en formato JPG (tamaño base A4) integrado en correo electrónico. -Envío a lista de correo a partir da base de datos de contactos da Xerencia do GAC4.
Edicións e contidos	-TCS nº1. Presentación do proceso participativo. -TCS nº2. Promoción dos Debates na Radio. -TCS nº3. Promoción dos Paneis de Expertos. -TCS nº4. Promoción dos Paneis de Expertos (2). -TCS nº5. Promoción dos Debates na Radio (2). -TCS nº6. Finalización do proceso participativo e finalización da EDLP

Notas de Prensa.

Envío de dúas notas de prensa en momentos clave para difundir o proceso participativo e, sobre todo, a EDLP de cara a súa promoción de ser ratificada pola Consellería.

Notas de Prensa

Formato	-Envío vía correo electrónico en formato PDF.
Edicións e contidos	-1ª Nota de prensa. Inicio do proceso participativo. -2ª Nota de prensa. Convocatoria da Xunta Directiva do GAC/GALP. -3ª Nota de prensa. Presentación da EDLP, aprobada polo GAC/GALP.

Participación nos eventos de debate e transferencia de coñecemento.

Como parte dos traballo de preparación da EDLP, tanto a Xerencia como o equipo Redactor participaron no calendario de eventos convocados ou respaldados pola Consellería como asistencia técnica e foros de colaboración. Tamén asistimos a outros eventos de interese pola súa vinculación cos principios e obxectivos plantexamos.

Indicamos o listado.

Mesa redonda. Shaping an international network for women in the seafood industry	
Convocatoria	-CONXEMAR -Vigo, 7 de outubro.
Contido	-Proposta de creación dunha rede de traballos das mulleres do sector da industria da pesca a nivel internacional.
Asistentes	-- Equipo redactor da EDLP.
Resultados	-Reforzo dos criterios de igualdade na elaboración da EDLP



Presentación do Catálogo da Paisaxe de Galicia

Convocatoria	-Instituto Galego de Estudos da Paisaxe. -Santiago de Compostela, 7 de outubro.
Contido	-Presentación do Sistema de Información Xeográfica para a identificación e localización de puntos de alto interese paisaxístico de Galicia e de puntos degradados.
Asistentes	-- Equipo redactor da EDLP.

Resultados	-Reforzo dos criterios de sositibilidade ambiental. -Integración de estratexias de conservación, en particular la franxa litoral. -Aposta pola limitación de actividades en entornos sensibles, naturais, rurais e urbanos.
Vive do Mar. Xornada de traballo para difusión e posta en valor entre o sector pesqueiro do Eixe 4 do FEP.	
Convocatoria	-Federación Provincial de Confrarías de Pesca da Coruña-Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. -O Milladoiro-Ames. 16 de outubro.
Contido	-Valoración da aplicación do Eixe 4 nos distintos territorios. -Presentación de iniciativas modelo. -Talleres temáticos.
Asistentes	--. Xerente do GAC/GALP. -- Equipo redactor da EDLP.
Resultados	-Captación de sensibilidades do sector e iniciativas. -Criterios de cambio respecto á fase anterior.
Presentación da Marca do Xeodestino Ría de Muros e Noia	
Convocatoria	-Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia, xestora do Xeodestino. -Lousame, 9 de novembro.
Contido	-Presentación da marca do xeodestino. -Presentación de materiais promocionais.
Asistentes	-- Xerente do GAC/GALP. -- Equipo redactor da EDLP.
Resultados	-Integración da política do Xeodestino na EDLP.
Xornadas de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo EDLP	
Convocatoria	-Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. -Santiago de Compostela, 9 de novembro.
Contido	-Presentación da problemática do cambio climático. -Presentación da Guía Novos Retos dos GALP.
Asistentes	-- Equipo redactor da EDLP.
Resultados	-Valoración de iniciativas de éxito. -Xeración de novas ideas e propostas de medidas.
Traballo en rede con outros grupos de desenvolvemento local.	
Traballo en rede	
Formato	-Negociación con outros grupos de desenvolvemento local do territorio para aplicar principios e estratexias coordinadas. -Sinatura de acordos.
Entidades contactadas	-GDR Costa da Morte
Formato	-Sinatura de acordos de colaboración.

Valoración Final da Asemblea Xeral

A participación xeral da Xunta Directiva do GAC/GALP e doutros membros da Asemblea Xeral na preparación da Estratexia foi activa a través dos diversos formatos presentados. O último paso foi a convocatoria á Asemblea Xeral para a valoración final e aprobación da EDLP.

Valoración Final da Asemblea Xeral

Convocatoria	-25 de novembro, Casa do Concello de Muros. Salón de plenos. Envío vía correo electrónico en formato PDF.
Formatos	-Presentación da EDLP por parte da Xerencia do GAC/GALP. -Debate dos aspectos máis relevantes: Principios xerais, estratexia RSC, Plan de Actuación, Criterios de Valoración, Presuposto, Plan de Comunicación. -Votación e aprobación.
Participantes	Asemblea Xeral do GAC/GALP.
Conclusións	-Pequenas modificacións no Plan de Actuación respecto da proposta da Xerencia. -Proposta e aprobación do incremento do orzamento a solicitar ata o 16 millóns de euros. -Aprobación da EDLP.

287



3. PROCESO DE PARTICIPACIÓN NO SEGUIMENTO DA ESTRATEXIA

Descrición do Proceso.

O proceso de participación durante a aplicación da estratexia terá dous grandes frontes de traballo:

- O Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible.
- O seguimento e avaliación da estratexia.

O Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible

288

O Pacto Local pretende ser unha ferramenta para avanzar no proceso de participación e que este sexa asumida polo conxunto da sociedade do territorio. Trátase dun **compromiso colectivo** de territorio de avanzar cara modelos de xestión máis sostibles a través dun método de **participación e corresponsabilización**.

Desenvolvemento.

O desenvolvemento do pacto local resúmese da seguinte maneira:

1-**Redacción dos documentos** de referencia de RSC, sostibilidade ambiental e paisaxística e adaptabilidade. Estes documentos son orientacións para os socios membros do GALP, promotores e sociedade en xeral. Serán redactados especificamente para o ámbito do GALP e conterán os compromisos e liñas de traballo que deberían adoptar os destinatarios para incorporar á sostibilidade aos seus negocios e actividades.

2-A partir das **asunción responsable de tarefas e medidas** en prol da sostibilidade do territorio, procederase á **firma** de adhesión dos membros do GALP ao Pacto Local.

3-**Impartición da formación** e celebración de foros e mesas de discusión e **debate**. Parte desta fase do traballo estará integrada nos diversos plans formativos da Estratexia.

4-**Valoración** da implantación de directrices e procedementos a prol da sostibilidade polos membros do GALP.

5-Tras un período de implantación das directrices de sostibilidade, procederase á **firma definitiva** da **Declaración polo Territorio Costeiro Sostible**.

Obxectivos.

Os obxectivos do Pacto Local en relación ao proceso participativo son:

- Converter o proceso participativo nun elemento **estruturante** da Estratexia.
- Eleva o proceso participativo dun plano consultivo e orientador na toma de decisións a un **plano reitor** da Estratexia.
- Abrir o proceso** á cidadanía, que a participación se poida facer tamén de xeito orgánico.
- Outro é constituílo nunha **ferramenta de mobilización** mediante a asignación de tarefas aos colectivos do territorio.

O seguimento e avaliación da Estratexia

O proceso de participación na elaboración da Estratexia resultou ser unha grandísima **fonte de coñecemento**, pero sobre todo de **renovación** do mesmo e incorporación de novas ideas, novos retos e novos enfoques para o traballo do GALP.

Como comentábamnos no punto anterior, parte do éxito desta orientación debeuse á renovación de opinións e puntos de vista a través da incorporación ao debate de axentes externos e persoas alleas á dinámica do GAC/GALP, persoas que incluso descoñecían a súa existencia.

Por este motivo, o proceso participativo durante a execución da estratexia fundaméntase e **replica** a metodoloxía da fase de elaboración, adaptándoa a un marco temporal mais extenso.

Obxectivos.

Os obxectivos básicos do noso proceso participativo son dous:

- Orientar** o traballo do equipo xestor e órganos de goberno do GALP.
- Avaliar**, orientar e facer recomendacións sobre o desenvolvemento da Estratexia.

Ferramentas.

As principais ferramentas e métodos do proceso de participación dividímolos en dous grupos:

- As permanentes.
- As puntuais, ligadas a un proceso de avaliación intermedia da Estratexia.

Proceso de participación permanente:

- Enquisas de avaliación.
- Sitio web.
- Órganos do GALP: mesas sectoriais, xunta directiva e Asemblea.

Proceso de participación puntual (avaliación intermedia):

- Debates radiofónicos
- Cuestionario Delphi
- Paneis de expertos
- Mesas de traballo

Detalle de accións.

Proceso de participación permanente.

Enquisas de avaliación

Amais dunha ferramenta evidente para a autoavaliación do GALP, as enquisas son tamén unha ferramenta de análise e opinión a considerar.

Os destinatarios das enquisas serán **promotores e beneficiarios** das axudas do GALP.

O procedemento de obtención das enquisas será mediante formulario de obrigada cumprimentación por parte do promotor.

O momento de obtención da enquisa será antes da última certificación.

O procesamento das enquisas será feito para período de convocatoria de axudas e serán procesadas conxuntamente.

A información a obter das enquisas englobarase nos seguinte campos:

- Coñecemento do GALP.
- Relación co GALP.
- Proceso de tramitación da axuda.



- Adecuación da estratexia.
- Propostas de mellora.

Sitio web de participación.

O sitio web costasostile.com supuxo durante un breve período un punto de encontro, debate e recollida de ideas e suxestións de inestimable valor para a elaboración da estratexia.

Trátase dun sitio web concibido e **orientado especificamente á participación**. Polo tanto, de cara ao novo período temos a intención de integrar todas as funcionalidades deste sitio web á futura nova web do GALP.

290

Órganos do GALP: Grupos de Traballo, Xunta Directiva e Asemblea.

Nos órganos de gobernos do GALP estará representado un espectro da estrutura social, económica e cultural do territorio, polo tanto temos a intención de aproveitar as reunións dos órganos de representación e goberno para ampliar a escoita e recoller opinións sobre o funcionamento do GALP e a evolución da estratexia.

Dende un punto de vista metodolóxico, esta orientación levarase a cabo mediante a **escoita activa** dun membro do equipo técnico do GALP que, en cada reunión, será responsable da recompilación de opinións e propostas dos membros do GALP que poidan integrarse nos cinco campos de interese:

- Coñecemento do GALP.
- Relación co GALP.
- Proceso de tramitación de axudas.
- Adecuación da estratexia.
- Propostas de mellora.

Proceso de participación puntual (avaliación intermedia).

Propóñense os primeiros meses do ano 2018 como o período idóneo para realizar unha análise exhaustiva do desenvolvemento da estratexia. Esta análise consistirá no procesamento dos datos e opinións recompilados ata a data no proceso de participación permanente e o desenvolvemento, de xeito específico, de tres ferramentas de participación.

Debates radiofónicos.

Os debates radiofónicos resultaron de grande proveito á Estratexia. Os participantes, malia ser moitos deles interlocutores habituais do GAC/GALP e mesmo teren participado no proceso participativo da fase de elaboración da candidatura, en **debates abertos**, aportaron puntos de vista e proposta que resultaron novidosas e que non se tiñan recollido noutros formatos de participación, de aí que propoñamos incluso potenciar este formato de participación na fase de avaliación intermedia da Estratexia.

Cuestionario Delphi.

Na fase de elaboración da candidatura, o cuestionario Delphi foi unha fonte de recursos e información cualificada de inestimable valor. Pola proximidade desa fase coa actual de elaboración da estratexia non se considerou prudente repetir a aplicación desta técnica.

Non obstante no período de avaliación intermedia, tendo en conta que xa terán transcorridos preto de tres anos, procederemos a repetir o cuestionario cos mesmos axentes e os novos actores que xurdan no desenvolvemento da Estratexia.

Paneis de expertos.

Como temos indicado xa, a incorporación de expertos no ámbito do I+D+i, o turismo, a comercialización pesqueira e o urbanismo no proceso participativo resultou sumamente proveitosa.

Propomos polo tanto reeditar os paneis de expertos en I+D+i, investimento turístico, comercialización de produtos pesqueiros e territorio e paisaxe. De todos xeitos, será a evolución da estratexia e a experiencia do novo período o que aconselle reeditar estes paneis ou incorporar outros novos.

291

Mesas sectoriais.

Do proceso de participación poden xurdir orientacións de propostas con distinto nivel de impacto no desenvolvemento da Estratexia. As mesas sectoriais son, pois, un mecanismo para someter a debate e consideración dos entes representados no GALP as propostas derivadas do proceso de participación.

O resultado do proceso participativo puntual, coa incorporación dos resultados da escoita e avaliación permanente, saíran propostas de reorientación da estratexia, que deberán ser incorporadas ao documento da Estratexia e cantos documentos instrumentais e procedementos de funcionamento do GALP sexan precisos.



Resumo do proceso participativo.

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
Comisión de seguimento da EDLP	13/10/2015 Sede GAC4 Noia	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Correo electrónico, chamada telefónica	1 do sector público, 1 do sector pesqueiro, 1 do sector económico na Xunta Directiva do GAC4	Presentar o plan de traballo para a elaboración da EDLP	Acordo co plan de traballo presentado
Programa radio Radio Lider Pesca Sostible	14/10/2015 Porto do Son	Xerencia GAC 4 e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico.	2 do sector pesqueiro 1 xerente empresa comercializadora	Mensaxe do proceso da elaboración da EDLP Animar á participación a través da web, redes sociais, e-mail ou teléfono	-Falla de dinamismo e iniciativa empresarial no sector pesqueiro. -Pouco aproveitamento por parte de este sector do programa de axudas grupos acción costeira. -A opción da acuicultura pode ser beneficiosa dependendo en que termos.
Programa radio Radio Lider Turismo Sostible	21/10/2015 (Porto do Son)	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	1 asociación turística, 1 alcalde 1 presidente asociación de empresarios. Todos socios do GAC4	Mensaxe do proceso da elaboración da EDLP. Animar á participación a través da web, redes sociais, e-mail ou teléfono.	-E necesario a colaboración dos distintos axentes territoriais para o potenciamento do turismo do territorio. -E necesario traballar no eido dos xeodestinos para que as accións no ámbito turístico dos distintos municipios procuren os mesmos obxectivos. -Potenciamento do turismo de calidade
Panel de Expertos I+D+i	22/10/2015 Sede de traballo da empresa colaboradora na realización da EDLP.	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	3 representantes departamentos investigación universidades Santiago, A Coruña e Vigo, 1 Campus do Mar 2 Instituto de Investigacións Mariñas 1 da Asociación Oceanógrafos de Galicia 1 representante do Instituto Español de Oceanografía, 1 representante de ANFACO	O obxectivo da mesa de traballo foi xerar un espazo de encontro entre o GAC/GALP e o tecido de I+D+i mariña co fin de establecer liñas de colaboración e obter a visión e as propostas que os expertos do mar en Galicia puideran ter para o desenvolvemento do plan estratéxico do GALP para o novo período do Fondo Europeo da Pesca, 2014-2020.	-Criticouse a complexidade das procedementos para acceder ao financiamento dos GAC/GALP. -Necesidade de afondar dende a estratexia no aproveitamento sostible dos recursos pesqueiros. -Posibilidade de aportar valor as confrarías mediante proxectos de I+D -Posibilidade de incorporar na estratexia plans de formación ao sector pesqueiro. -Posibilidade de evolucionar nos proxectos de emprendemento -Afondouse no concepto de coxestión. -Necesidade de afondar no networking. -Na colaboración cos centros de investigación será necesario establecer procedementos que deixen claro á súa contribución. -Pódense plantexar convenios marco de colaboración entre GALP ou Confrarías e centros de investigación -Sería de utilidade plantexar unha canle de comunicación permanente sector-investigación -Respecto a o proxecto de emprendemento, comentouse a necesidade de valorar a conversión de iniciativas en proxectos

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
						concretos.
Panel de Expertos en Invetimentos Turísticos	23/10/2015 Centro de actividades mariñeiras Cabanas do Barranco	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	1experto asesoramento proxectos investimento 1experto en asesoramento proxectos investimento turístico, 2representante sector económico na Xunta Directiva do GAC/GALP, 1representante da axencia galega de turismo, 1representante sociedade de inversións	Identificación de oportunidades de negocio sostible	Quedou patente o interese do sector empresarial do destino polo potenciamento de Camiño Inglés a Santiago da Ría de Muros e Noia. Fíxose unha reflexión sobre outros aspectos do destino e das prioridades para o novo período, en especial da necesidade de afianzamento dos xeodestinos. Dende o empresariado plantexouse a problemática da encarnizada competencia en prezos que se está a dar na Costa da Morte nos segmentos mais baixos da oferta, especialmente nos albergues. O debate centrouse na necesidade ou non de atraer algún tipo de investimento turístico tractor para o destino. Plantexouse que a mellor opción para o territorio do GALP sería un Talaso pola gran capacidade de xeración de emprego, polo segmento de público ao que debería dirixirse e pola capacidade de dinamización do destino e, incluso de prestar servizos ás outras empresas.
Panel de Expertos Comercializadores Sector Pesqueiro	23/10/2015 Restaurante km. 0 (O Freixo)	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	4 representantes empresas comercializadoras co sector pesqueiro, 1 representante confraría territorio	Facer chegar a mensaxe do novo programa de axudas, a idea de territorios costeiro sostible, e recoller achegas sobre posibilidades de investimento no sector pesqueiro	A primeira reflexión, compartida por todos os presentes, foi a da limitada capacidade dos portos do territorio para producir un volume e frecuencia de descargas para plantexar iniciativas de comercialización baseadas no volume. Só puntualmente a flota do cerco ou a do berberecho en Noia poden xerar una oferta puntual de gran volume. Polo tanto, a estratexia debe pasar por: -Colaborar entre transformadores e comercializadores do territorio na procura de acordos con terceiros e a apertura de novos mercados mais rendibles. -Buscar a coordinación do GALP para materializar esta liña de colaboración.
Programa radio Radio Lider Muller e Igualdade de xénero	28/10/2015 (Porto do Son)	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	1 alcaldesa, 1 emprendedora, 1 traballadora do sector pesqueiro	Mensaxe do proceso da elaboración da EDLP. Animar á participación a través da web, redes sociais, e-mail ou teléfono.	Os participantes mostraron acordo en case todos os temas que se trataron e manifestaron a súa opinión ó respecto, obténdose as seguintes conclusións : -Existe unha toma da conciencia da importancia da incorporación da muller a tódolos planos da actividade económica pero aínda queda moito por traballar, sobre todo no acceso a postos de gran responsabilidade. -Os horarios e dinámicas das reunións de traballo no eido da empresa non teñen en conta a conciliación da vida familiar e laboral dun xeito suficiente. - Existe falla de concienciación nas propias mulleres. - As desigualdades que se atopan no ámbito do sector

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
Reunión Mesa Sectorial Pesqueira	29/10/2015 Local da lonxa da Confraría de Muros	Xerencia GAC/GALP	Web costa sostible, Correo electrónico, chamada telefónica	Seis representantes do sector pesqueiro na Xunta Directiva do GAC4	Presentar a idea de territorios costeiro sostible, as conclusión do panel de expertos de i+d+i, o diagnóstico do sector pesqueiro no territorio, e recoller distintas aportacións dos representantes do sector para a elaboración da EDLP	pesqueiro radican no afianzamento do papel secundario da muller na actividade dende hai moitos anos. Na reunión da Mesa sectorial pesqueira adoitáronse os seguintes acordos: - Traballar a idea dun territorio costeiro sostible, -Acordo co diagnóstico do sector pesqueiro no territorio que se presenta. - Incluir unha liña estratéxica na EDLP dedicada á protección de recursos mariños, amais das que se presentan. - Criterios de valoración distintos para os proxectos do sector pesqueiro
Panel de Expertos Territorio e Paisaxe	29/10/2015 Sede do GAC/GALP en Noia	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	1 representante do instituto de estudos do territorio, 1 representante do COAG, 1 alcalde do territorio, 1 ecólogo, xerencia do GAC4, e representante da empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Presentar a idea de territorios costeiro sostible, o traballo feito polo GAC/GALP e obter unhas directrices a seguir en termos de territorio e paisaxe orientadas a sostibilidade	O inicio do debate centrouse na conveniencia ou non de darlle un peso tan importante ao turismo na mesma. Seguidamente concordouse na necesidade de que dende una ferramenta de financiamento tan potente como o GALP deberían adoitarse medidas e precaucións para non xerar impactos e camiñar na dirección contraria á estratexia. Xurdiu a idea de desenvolver guías de orientacións sobre sostibilidade ambiental para os promotores e socios do GALP.
Mesa de Traballo Patrimonio Marítimo	03/11/2015 Sede do GAC/GALP en Noia	Asociacións da Federación Galega pola cultura marítimo-fluvial con sede no territorio	Chamada telefónica	4 representantes de asociacións relacionadas co patrimonio marítimo, xerente do GAC/GALP e representante de empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Facer chegar a petición de que se inclúan liñas relacionadas co patrimonio marítimo na EDLP do GALP Costa Sostible.	Na realización desta mesa de traballo tómanse os seguintes acordos: -Formar parte como socios do Grupo aquelas asociacións que aínda non manifestaron a vontade de pertencer a asociación grupo acción costeira. -Constituír unhas mesa de traballo sobre patrimonio marítimo - Incluir liñas de actuación na EDLP para tentar recuperar as antigas carpinterías de ribeira ou outro tipo de factorías costeiras. - Traballar as posibilidades de amarre das embarcacións tradicionais nos distintos portos do territorio: -Necesidade de capacitación profesional para explotar as embarcacións tradicionais con fins turísticos.
Programa radio Radi oLider Xuventude e Oportunidades	04/11/2015 (Porto do Son)	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración	Web costa sostible, Correo electrónico, chamada telefónica	1 traballador cualificado do territorio, 1 emprendedor, 1 técnico de orientación laboral	Mensaxe do proceso da elaboración da EDLP. Animar á participación a través da web, redes	-E necesario captar investimento para que haxa nicho de emprego e sobre todo de emprego cualificado. -Os xoves non deixan o territorio na procura de actividades de ocio alternativas senón de emprego. -E necesario cambiar a imaxe do fracaso empresarial

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
		da EDLP			sociais, e-mail ou teléfono.	
Mesa de Traballo Turismo Costa da Morte	05/11/2015 Sede do GAC/GALP EN Corcubión	Xerencia GAC/GALP e empresa colaboradora na elaboración da EDLP	Web, correo electrónico	3 alcaldes do territorio e 3 representantes do sector económico	Coñecer a opinión de distintos representantes deste territorio sobre promocionar o territorio GALP como un destino turístico ou ir en consonancia cos xeodestinos promovidos pola Axencia Galega de turismo	Chegouse a conclusión de ir en consonancia cos xeodestinos , isto levaría a unha colaboración co GALP Costa da Morte en materia de promoción turística
Mesa de Traballo Turismo Costa da Morte	10/11/2015 Casa de cultura Corcubión	Xerencia GAC/GALP, empresa colaboradora na elaboración da EDLP e CMAT	A través do CMAT	11 alcaldes da Costa da Morte, 2 representantes sector turístico, xerente e Presidente do GAC3 e xerente do GAC4 e representante da consultora colaboradora na elaboración da EDLP do GAC4	Coñecer as liñas de actuación que se pretenden levar a cabo para o potenciamento do Xeodestino Costa da Morte para analizar o encadre nas EDLP do GALP Costa da Morte e GALP Costa Sostible.	Colaboración de ambos grupos no potenciamento do xeodestino Costa da Morte. Necesidade de elaborar un plan de traballo neste xeodestino máis preciso por parte dos seus integrantes
Reunión Mesa Sectorial Pública	11/11/2015 (Muros)	Xerencia GAC/GALP	Web costa sostible, Correo electrónico, chamada telefónica	Sete representantes do sector público na Xunta Directiva do GAC/GALP.	Trasladar ao sector público as conclusións dos paneis de expertos e das mesas de traballo no ámbito do desenvolvemento turístico do territorio e os obxectivos estratéxicos que se propoñen na EDLP do territorio	Adoitanse os seguintes acordos: - Facer do ámbito territorial do Grupo un territorio costeiro sostible e a sinatura dun pacto local polo desenvolvemento sostible, - Distribución de orzamento nos obxectivos estratéxicos da EDLP, -Ter en conta as actuacións da Axencia de turismo de Galicia no obxectivo estratéxico de turismo. -Realización dun proceso formativo aos beneficiarios das axudas en cada anualidade incluíndo módulos de sostibilidade RSC e adaptabilidade, valorando positivamente os proxectos dos beneficiarios que asuman ese compromiso. -Criterios de valoración distintos para os proxectos do sector pesqueiro e porcentaxes de axuda mínima distintos.
Reunión Mesa Sectorial Económica	12/11/2015 Sede do GAC/GALP en Noia	Xerencia GAC/GALP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	2 representantes do sector económico na unta directiva do GAC/GALP.	Presentar a idea de territorio costeiro sostible, as conclusións obtidas nos paneis de	Na reunión da Mesa económica pesqueira adoptáronse os seguintes acordos: - Traballar a idea dun territorio costeiro sostible, -Emprender accións de captación de investimentos na procura

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
					expertos e recoller as achegas deste sector para encadralas na estratexia	de motores que favorezan o emprego e o asentamento de iniciativas produtivas no territorio. - Dar máis peso nos criterios de valoración á creación de emprego e valorar positivamente a creación de emprego cualificado. - Apoio á diferenza de criterios de valoración dependendo do sector no que se encadren as iniciativas . - Apoio á inclusión de accións que promovan o desenvolvemento dos xeodestinos do territorio.
Reunión Mesa Sectorial Social	12/11/2015 Sede do GAC/GALP en Noia	Xerencia GAC/GALP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	3 representantes do sector social	Presentar o traballo realizado no sentido de orientar a EDLP como base dun territorio costeiro sostible	Na reunión da Mesa sectorial social adoitáronse os seguintes acordos: - Criterios de valoración distintos para os proxectos do sector pesqueiro -Dar especial atención a temas de adatabilidade na estratexia de sostibilidade do territorio
Reunión Mesa Sectorial Pesqueira	13/11/2015 Local da lonxa da confraría de Muros	Xerencia GAC/GALP	Web, correo electrónico, chamada telefónica	5 representantes do sector pesqueiro do territorio	Presentar os criterios de valoración para os proxectos do sector pesqueiro.	Na reunión da Mesa sectorial pesqueira adoitáronse os seguintes acordos: -Axuda mínima para os proxectos produtivos do sector pesqueiro dun 35%. -Axuda mínima para os proxectos non produtivos do sector pesqueiro 70%-. -Valorar adicionalmente o compoñente de I+D+i no investimento dos proxectos. -Dar peso nos criterios de sostibilidade ao compoñente medioambiental.
Reunión da comisión de seguimento da elaboración da EDLP	16/11/2015 Salón de plenos Concello de Muros	Xerencia GAC/GALP	Correo electrónico, chamada telefónica	1 alcalde, 1 representante do sector pesqueiro, 1 representante do sector económico	Dar traslado á comisión das conclusións das distintas mesas de traballo e sectoriais	Incluír estas achegas nas liñas de actuación e criterios da EDLP
Reunión da comisión de seguimento da elaboración da EDLP	23/11/2015 Salón de Plenos do Concello de Muros	Xerencia GAC/GALP	Correo electrónico, chamada telefónica	1 representante do sector público, 1 representante do sector pesqueiro, 1 representante do sector económico	Presentar os obxectivos estratéxicos, liñas de actuación e medidas da EDLP, presentar criterios e valoración nos distintos obxectivos estratéxicos, presentar proposta actuacións animación para desenvolvemento da	-A comisión de seguimento aproba as propostas presentadas e traslada a decisión de Xunta Directiva ou Asemblea a totalidade de fondos a solicitar e o reparto dos mesmos nos distintos obxectivos estratéxicos -Redactar unha memoria anual baixo os principios da responsabilidade social e comunicala as principais partes interesadas.

Acción desenvolvida	Lugar e data	Promovida por	Difusión	Participantes	Obxectivo	Conclusións, acordos
					EDLP	
Xunta Directiva GAC4	25/11/2015 Salón de Plenos do Concello de Muros	Presidencia GAC/GALP	Correo electrónico, chamada telefónica	4 representantes sector pesqueiro, 2 representantes sector público, 2 representantes sector económico, entre os que se atopan Presidente e Secretario	Aprobación da EDLP e definición do orzamento a solicitar e do reparto do mesmo nos distintos obxectivos estratéxicos	Ratificar en Asemblea xeral a EDLP, e o orzamento a solicitar
Asemblea Xeral GAC4	25/11/2015 Salón de Plenos do Concello de Muros	Presidencia GAC/GALP	Correo ordinario, correo electrónico, chamada telefónica	Presenza plenaria de todos os sectores representados no GAC/GALP.	Aprobación da EDLP e definición do orzamento a solicitar e do reparto do mesmo nos distintos obxectivos estratéxicos	Solicitar un total de 16.000.000 de euros para implantar a EDLP no territorio, a probar o reparto porcentual por obxectivos estratéxicos proposto
Obradoiros de Responsabilidade Social Corporativa	27/10/2015 (Muros) 03/11/2015 (Noia) 10/11/2015 (Noia)	Xerencia GAC/GALP	Correo electrónico, chamada telefónica	6 representantes socios GAC4, equipo técnico GAC4, 1 representante consultora colaboradora na elaboración da EDLP	Concienciación aos membros e equipo técnico do GALP da importancia da RSC	Continuar aplicando a Responsabilidade Social como modelo de xestión -Reafirmar o compromiso de crear dentro do organigrama da Asociación un área de Responsabilidade Social que contará cos recursos para desenvolver a relación de medidas expostas na EDLP e nos Plans de Actuación anuais que se elaboren Difundir a RSC entre as partes interesadas e de xeito especial entre os promotores do proxectos a financiar.

11. PLAN DE COMUNICACIÓN



2. ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DO GALP E O PROGRAMA DE AXUDAS.

1. Orientacións xerais.

Obxectivo do Plan de Comunicación

Promover a Misión do GALP de contribuír á creación dun Territorio Costeiro Sostible, cunha especialización intelixente, responsable socialmente e igualitaria derivada da súa condición litoral.

Obxectivos específicos.

1. Contribuír a difusión entre os axentes económicos e sociais do territorio, e na sociedade en xeral, dos **valores do desenvolvemento sostible, incluídos os vinculados á Responsabilidade Social**.
2. **Captar proxectos** e orientar as iniciativas de xeito que se axusten o máis posible aos principios, Obxectivos xerais e Liñas de Actuación concretas.
3. Converter ao GALP nun **ente de referencia** no desenvolvemento costeiro sostible, a nivel local e exterior.

301

2. Plan de traballo.

Públicos e estratexias.

Potenciais beneficiarios do Programa de Axudas-Sector Público

Non se trata realmente dun público externo, xa que estas entidades son socios do GALP, pero queremos marcar a estratexia respecto deles non como xestores da EDLP, senón como posibles beneficiarios; se ben a comunicación de ambas dimensións vai ligada.

Condicionantes	-Os corpos directivos están integrados no GALP, coñecen a EDLP. -Facilidade para xerar iniciativas: traballan no planeamento local.
Mensaxes	-Necesidade de aportar proxectos acordes cos principios da EDLP.
Medios	-Participación nos órganos do GALP. -Trato directo e fluído durante todo o período.
Accións	-Sinatura do Pacto Local para o Territorio Costeiro Sostible. -Comunicación formal e informal frecuente. Todas as semanas durante os primeiros dous meses e ir diminuíndo a frecuencia ata unha comunicación cada 2 meses. -Información inmediata dos proxectos que afectan a cadanseu territorio (correo, persoalmente...). -Edición e distribución de folleto informativo.



Potenciais beneficiarios do Programa de Axudas. Sector Pesqueiro e Asociativo.

Non se trata realmente dun público externo, xa que estas entidades son socios do GALP, pero queremos marcar a estratexia respecto deles non como xestores da EDLP, senón como posibles beneficiarios; se ben a comunicación de ambas dimensións vai ligada.

Condicionantes -Os corpos directivos están integrados no GALP, coñecen a

	EDLP.
Mensaxes	-Facilidade para xerar iniciativas: traballan no planeamento local. -Necesidade de aportar proxectos acordes cos principios da EDLP. -Necesidade de convertérense eles en dinamizadores. -Condicións particulares que rexen para eles como beneficiarios.
Medios	-Participación nos órganos do GALP. -Trato directo e fluído durante todo o período.
Accións	-Sinatura do Pacto Local para o Territorio Costeiro Sostible. -Comunicación formal e informal frecuente. Todas as semanas durante os primeiros dous meses e ir diminuíndo a frecuencia ata unha comunicación cada 2 meses. -Información inmediata dos proxectos que afectan a cadanseu territorio ou ámbito de actuación (correo, persoalmente...).
	-Información puntual da evolución e novidades na xestión da EDLP. -Formación ao persoal directivo e técnico para convertelos en prescriptores. -Edición e distribución de folleto informativo.
Notas para o cronograma	-Especial incidencia no lanzamento da EDLP. -Especial incidencia vinculada á apertura de convocatorias.

Potenciais beneficiarios do Programa de Axudas. Sector Privado Pesqueiro

No Sector Privado referímonos a beneficiarios individuais (persoas, empresas), neste caso do sector pesqueiro.

Condicionantes	-Son clave no noso Plan de Acción, pero a súa capacidade de emprendemento é baixa. -Existencia de canles directas de acceso a eles a través de Confrarías e asociacións profesionais e, no caso de empresas non asociadas, facilidade para identificalas e acceder a elas.
Mensaxes	-Existencia de posibilidades reais de éxito mediante a diversificación e a mellora da competitividade. -Importancia das condicións das axudas da EDLP. -Condicións particulares que rexen para eles como beneficiarios do sector do mar.
Medios	-Uso das entidades profesionais, membros do GALP, como canle de difusión do Programa de Axudas. -Información directa: integración en lista de correo e entrevistas persoais.
Accións	-Asignación ás entidades colectivas da tarefa específica de difusión entre os seus asociados dos principios da EDLP e das condicións do programa de axudas. -Identificación de entidades colectivas e empresas individuais do territorio. -Creación dunha lista de correo de beneficiarios potenciais das axudas con información periódica sobre a EDLP, as condicións das axudas.

Notas para o cronograma	-Edición e distribución de folleto informativo. -Especial incidencia no lanzamento da EDLP. -Especial incidencia vinculada á apertura de convocatorias.
-------------------------	---

Potenciais beneficiarios do Programa de Axudas. Sector Privado Turístico e outros

No Sector Privado referímonos a beneficiarios individuais (persoas, empresas), neste a potenciais promotores de iniciativas produtivas non pesqueiras.

Condicionantes -Aínda que hai un importante tecido asociativo, moitos potenciais beneficiarios non están incluídos nel.

-Dificultade de identificalos individualmente, en particular aos novos emprendedores.

Mensaxes -Existencia da EDLP e do seu programa de axudas.

-Identificación das Liñas de Actuación e actividades subvencionadas.

-Condicións particulares que rexen para eles como beneficiarios.

Medios -Uso das entidades profesionais, membros do GALP, como canle de difusión do Programa de Axudas.

-Uso de tódalas oficinas de carácter público como lugar de captación e información (concellos, oficinas e técnicos de emprego, etc.).

-Uso como canle de acceso doutros prescriptores: entidades financeiras, xestorías.

-Uso subsidiario da comunicación social e a publicidade para achegarnos a este público.

Accións -Asignación ás entidades colectivas da tarefa específica de difusión entre os seus asociados dos principios da EDLP e das condicións do programa de axudas.

-Identificación de empresas nos eidos identificados nas nosas Liñas de Actuación e Medidas: turismo, novas tecnoloxías, enerxía, servizos sociais e artesanía .

-Creación dunha lista de correo de beneficiarios potenciais das axudas con información periódica sobre a EDLP, as condicións das axudas, separando as empresas de turismo e hostalería do resto.

-Publicidade en prensa da EDLP e das convocatorias.

-Edición e distribución de folleto informativo.

Notas para o cronograma -Especial incidencia no lanzamento da EDLP.

-Especial incidencia vinculada á apertura de convocatorias.



Potenciais beneficiarios do Programa de Axudas. Sector Privado Turístico e outros

No Sector Privado referímonos a beneficiarios individuais (persoas, empresas), neste a potenciais promotores de iniciativas produtivas non pesqueiras.

Condicionantes	-Aínda que hai un importante tecido asociativo, moitos potenciais beneficiarios non están incluídos nel. -Dificultade de identificalos individualmente, en particular aos novos emprendedores.
Mensaxes	-Existencia da EDLP e do seu programa de axudas. -Identificación das Liñas de Actuación e actividades subvencionadas. -Condicións particulares que rexen para eles como beneficiarios.
Medios	-Uso das entidades profesionais, membros do GALP, como canle de difusión do Programa de Axudas. -Uso de tódalas oficinas de carácter público como lugar de captación e información (concellos, oficinas e técnicos de emprego, etc.). -Uso como canle de acceso doutros prescriptores: entidades financeiras, xestorías. -Uso subsidiario da comunicación social e a publicidade para achegarnos a este público.
Accións	-Asignación ás entidades colectivas da tarefa específica de difusión entre os seus asociados dos principios da EDLP e das condicións do programa de axudas. -Identificación de empresas nos eidos identificados nas nosas Liñas de Actuación e Medidas: turismo, novas tecnoloxías, enerxía, servizos sociais e artesanía . -Creación dunha lista de correo de potenciais das axudas con información periódica sobre a EDLP, as condicións das axudas, separando as empresas de turismo e hostalería do resto. -Publicidade en prensa da EDLP e das convocatorias. -Edición e distribución de folleto informativo.
Notas para o cronograma	-Especial incidencia no lanzamento da EDLP. -Especial incidencia vinculada á apertura de convocatorias.

Entidades locais e foráneas de I+D+i vinculada ao mar

Consideramos público específico ás institucións, públicas e privadas, que xeran investigación e coñecemento no ámbito da pesca e do mar, xa que queremos realizar un traballo específico tanto de transferencia de coñecemento ao territorio como de captación de iniciativas de I+D+i.

Condicionantes	-Distribución maioritaria fóra do territorio e, preferentemente, dentro de Galicia. -Necesidade de establecer un contacto directo e intensivo para aliñar os seus intereses cos da EDLP.
Mensaxes	-Oportunidades que ofrece o territorio e o sector pesqueiro para a I+D+i. -Liñas de Actuación específicas e condicións.
Medios	-Comunicación directa de carácter formal e informal.

Accións	-Formatos de mesas de traballo con axentes locais do sector. -Identificación de empresas e entidades que realizan investigación científica e aplicada (grandes empresas, universidades e centros asociados, etc.). -Visitas persoais en orixe e invitacións ao territorio. -Mesas de traballo con axentes do sector.
Notas para o cronograma	-Traballo de longa duración dada a necesidade de adaptar os intereses dos investigadores á realidade do territorio e condicionantes da EDLP.

Potenciais investidores externos

Para a potenciación dos sectores da Pesca e o Turismo, adxudicamos ao GALP o papel de localizar e atraer investidores nos eidos do turismo e da transformación e comercialización pesqueira.

Condicionantes	-Distribución maioritaria fóra do territorio e, preferentemente, dentro de Galicia. -Salvo os investidores locais, pouca ou nula relación co territorio, polo que debemos actuar como garantes da sostibilidade das súas propostas.
Mensaxes	-Oportunidades que ofrece o territorio para os investimentos en turismo e na pesca. -Presentación do sector local e posibles socios no territorio. -A EDLP e as condicións que establece para os distintos tipos de actuacións. -Especial necesidade dunha política de Responsabilidade Social para co territorio no que invisten.
Medios	-Comunicación directa de carácter formal e informal. -Identificación de oportunidades de negocio.
Accións	-Formatos de mesas de traballo con axentes locais do sector. -Identificación de empresas nos diferentes sectores susceptibles de realizar investimentos. -Visitas persoais en orixe e invitacións ao territorio. -Redacción de guías temáticas de oportunidades de negocio. -Mesas de traballo con axentes do sector; facilitar as negociacións privadas.
Notas para o cronograma	-Traballo de longa duración dada a necesidade de adaptar os intereses dos investidores á realidade do territorio e condicionantes da EDLP.

Antigos beneficiarios do Programa de Axudas

Liña de comunicación específica con promotores de proxectos xa executados, tanto antes dos 2016 como no novo período. Queremos facer un seguimento dos negocios e actuacións non produtivas e, ademais, son tamén potenciais promotores de novos proxectos.

Condicionantes	-Xa coñecen a dinámica xeral da axudas. -Teñen espírito emprendedor.
Mensaxes	-Interese na evolución dos seus proxectos; xeración de feedback. -Posibilidade de mellorar o seu proxecto.
Medios	-Relación directa informal.
Accións	-Integración nunha lista de correo.



	-Vistas personalizadas.
	-Invitacións á presentación de proxectos similares.
Notas para o cronograma	-Traballo de baixa intensidade ao longo de todo o período.
	-Especial incidencia vinculada ás convocatorias.

Beneficiarios indirectos do Programa de Axudas

Os proxectos non produtivos están xustificadas pola existencia dun colectivo identificado de beneficiarios, por iso, damos importancia a difusión entre eles dos proxectos de carácter social, cultural ou medioambiental que lles afectan. Tamén determinadas actuacións produtivas poden ter beneficiarios indirectos, como o son os produtores respecto das iniciativas de comercialización.

Condicionantes	-Son públicos restrinxidos territorial ou sectorialmente. -Deben identificarse para cada caso.
Mensaxes	-Posta en funcionamento do equipamento ou servizo executado. -Beneficios que lles aporta.
Medios	-Integración do mesmo na EDLP e participación do GALP. -Comunicación a través do tecido asociativo sectorial. -Comunicación social a través de prensa, web e redes sociais.
Accións	-Notas de prensa. -Publicidade. -Identificación, para cada caso de públicos específicos. -Listas de correo postal e correo electrónico para difusión. -Actos públicos de presentación con participación do GALP.
Notas para o cronograma	-Accións vinculadas á realización de proxectos concretos.

Axentes de desenvolvemento e organismos que operan no territorio.

Damos importancia á relación directa con outros organismos que traballan no territorio: Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), xestores de Xeodestinos turísticos e, para o caso de determinadas políticas, departamentos da Deputación Provincial, Axencia de Turismo e Galicia e a propia Consellería do Mar.

Condicionantes	-Son públicos moi especializados e cun amplo coñecemento do territorio e/ou do seu ámbito de actuación. -Comparten obxectivos similares pero non sempre desenvolven estratexias coincidentes.
Mensaxes	-Difusión da EDLP. -Disposición do GALP e necesidade de coordinar actuacións. -Necesidade de non duplicar accións, especialmente no eido da promoción turística.
Medios	-Comunicación directa, formal e informal.
Accións	-Identificación das entidades que operan no territorio. -Reunións de traballo sobre temáticas concretas. -Participación en eventos alleos e invitación aos propios (presentacións de proxectos, actos públicos, etc.). -Integración na lista de correo electrónico. -Intercambio de enlaces web e de redes sociais.
Notas para o cronograma	-Acción de baixa intensidade ao longo de todo o período. -Accións concretas vinculadas a proxectos e necesidades.

Redes de cooperación externas

O GALP da importancia á participación en redes de traballo con outros grupos de desenvolvemento que non operan no territorio (Red Española de Grupos de Pesca) e mesmo pretende crear, a que pretende crear a Rede de Territorios Costeiros Sostibles. Ademais, debe ter unha relación directa co resto de GALP de Galicia. O obxectivo é difundir valores, participar na transferencia de coñecemento, coordinar estratexias e posicionar ao GALP e ao territorio nun entorno institucional.

Condicionantes	-Son públicos moi especializados. -Compartimos determinados intereses e ideas pero non o territorio de actuación.
Mensaxes	-Comunicación e reforzo de valores comúns. -Transferencia de coñecemento, intercambio de experiencias. -Creación de grupos de interese. -Planeamento e financiamento de medidas comúns supraterritoriais (en particular cos GALP galegos).
Medios	-Participación en eventos comúns. -Comunicación informal fluída. -Negociacións sobre propostas concretas.
Accións	-Identificación das redes existentes e das entidades de interese, en particular das susceptibles de integrárense na Rede de Territorios Costeiros Sostibles. -Participación e xeración de eventos comúns. -Reunións específicas para negociación de actuacións. -Listas de correo postal e correo electrónico para difusión. -Intercambio de enlaces web e de redes sociais.
Notas para o cronograma	-Acción ao longo de todo o período.

Consellería do Mar - Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

É a Autoridade de Xestión de referencia para o traballo do GALP. Aínda que a práctica cotiá amosa que a comunicación é fluída e supera calquera previsión dun plan de comunicación, contemplámola como destinatario específico. Debe ser obxecto dunha liña específica de comunicación.

Condicionantes	-Coñece e dirixe a aplicación do FEMP en Galicia. -Dirixe, supervisa e audita o traballo técnico e administrativo do GALP.
Mensaxes	-Evolución da aplicación da EDLP. -Xustificación formal da execución da EDLP.
Medios	-Comunicación informal fluída. -Comunicación formal acorde cos procedementos de xestión do FEMP. -Reunións de traballo para dar información ou resolver cuestións derivadas da aplicación da EDLP.
Accións	-Reunións de traballo e visitas persoais. -Comunicación vía correo electrónico. -Entrega de documentación en soporte físico e dixital.
Notas para o cronograma	-Activa todo o período, con especial incidencia segundo o calendario de convocatorias e fitos de seguemento e xustificación.



Institucional - Organismos de Xestión da Política Pesqueira



Alén da Consellería do Mar, na xestión da Estratexia hai unha serie de entes e organismos vinculados á política pesqueira, como o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente, departamentos da UE, FARNET e outros especializados no desenvolvemento do sector pesqueiro ou con competencias relativas ao Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro

Condicionantes	-Alto coñecemento do FEMP, en particular do Título V, Capítulo III de Desenvolvemento Sostible das Zonas Pesqueiras e Acuícolas.
Mensaxes	-Métodos e procedementos de desenvolvemento da EDLP. -Logros no desenvolvemento da EDLP. -Accións singulares no desenvolvemento da EDLP.
Medios	-Comunicación formal e informal. -Participación en Publicacións.
Accións	-Intercambio de ideas e proxectos nas redes sociais -Indentificación dos organismos de referencia. -Integración na lista de correo e newsletter. -Envío de artigos.
Notas para o cronograma	-Activa todo o período, con accións puntuais.

Comunicación Social - Medios de Comunicación (público en xeral)

Os medios cos que se vai a establecer unha comunicación mais directa e fluída son os diarios locais e autonómicos e emisoras de radio locais. Mais esporadicamente, e ligado á execución de liñas de traballo específicas podemos entrar en contacto con prensa especializada.

Condicionantes	-Son a vía para achegarse a audiencias xerais. -Os medios de carácter local farán presión sobre o orzamento do GALP en forma de propostas comerciais. -O territorio aparece fragmentado respecto da territorialización das edicións locais: Barbanza-Muros-Noia e Costa da Morte, o que obriga a duplicar esforzos.
Mensaxes	-Difusión da EDLP e dos seus valores. -Valores específicos vinculados á Responsabilidade Social Corporativa. -Convocatorias e animación a participar nas mesmas. -Actos públicos de presentacións de estratexias e de proxectos.
Medios	-Notas de prensa. -Participación en entrevistas e debates por parte de representantes e membros do GALP. -Contratación de formatos publicitarios.
Accións	-Identificación e catalogación dos medios que operan no territorio ou poden resultar de interese para o Plan de Comunicación. -Redacción de dossieres de prensa relativos a temas de especial interese (determinados proxectos, convocatorias, participación en foros, etc.) -Envío de notas e comunicados de prensa. -Negociación de reportaxes e entrevistas. -Negociación de espazos radiofónicos. -Contactos telefónicos e vía e-mail personalizados. -Organización de presentacións a medios.

Notas para o cronograma	-Organización de viaxes de familiarización. -Vinculación a momentos concretos da xestión da EDLP: presentación, convocatorias,
-------------------------	---

Comunicación Social - On Line (público en xeral)

No noso plan de comunicación diferenciamos a comunicación social realizada a través de intermediarios (prensa) da que podemos facer directamente dende o GALP, sen o concurso de ningún intermediario externo.

Condicionantes	-Limitado alcance da mensaxe. -Capacidade de multiplicar e dirixir as mensaxes.
Mensaxes	-Valores da EDLP vinculados á sostibilidade e ás liñas de traballo da política de RSC. -Obxectivos e liñas de actuación da Estratexia. -Difusión dos procesos de participación nas tomas de decisións. -Convocatorias de axudas. -Eventos: presentacións de estratexias e proxectos e outros eventos.
Medios	-Web propia. -Redes sociais.
Accións	-Materiais promocionais en soporte dixital. -Mantemento do sitio web de participación. -Webs temáticas. -Intercambio de links. -Mantemento de perfís en redes sociais.
Notas para o cronograma	-Actividade todo o período. -Especial actividade vinculado ás convocatorias de axudas e outros eventos.



Descrición das accións.

Detallamos os contidos e formatos das principais Accións mencionadas no apartado anterior.

Comunicación informal.

A destacamos por ser o principal vehículo de relación con practicamente tódolos públicos.

En que consiste

- Manter unha relación fluída con todos os públicos, tanto individuais como colectivos.
- Personalizar as mensaxes descompoñendo a EDLP e resto de contidos en función dos destinatarios.
- Realizar un traballo proactivo de cara a captación de interlocutores de interese.

310

Utilización da rede asociativa do GALP.

O GALP integra ás administracións locais e á práctica totalidade do tecido asociativo do territorio. Debemos potenciar o seu papel como canle de transmisión de ideas e mensaxes entre os seus colectivos e de cara á sociedade.

En que consiste

- Realizar un traballo constante de animación para que os membros da Asemblea Xeral do GALP actúen como canles de transmisión.
- Apoiarse nos Grupos de Traballo do GALP para favorecer a transmisión de mensaxes de interese para cada colectivo.
- Dotar aos representantes de contidos (discurso) e materiais de apoio para facilitar o seu labor.

Web site de participación costasostible.com.

É a canle de comunicación permanente para a difusión masiva de mensaxes e captación de propostas e suxestións.

En que consiste

- Redeseñar o site actual, creado para a fase de elaboración da EDLP.
- Potenciación da interacción, en particular o formulario de participación, datos de contacto, links a redes sociais.
- Xeración de contidos mantendo sempre unha estrutura de navegación clara e sinxela.
- Intercambio de links coas principais webs de interese da zona: municipais, entidades sociais, promotores e outras).
- Promoción da web de participación en todos os soportes posibles

Identificación de interlocutores e bases de datos.

Cada tipo de público esixe a identificación de contactos, individuais e colectivos, cos que establecer a comunicación.

En que consiste

- Crear listados por tipos de público, cos datos de contacto precisos.
- Actualización constante.

Correo electrónico e Newsletter.

É unha vía idónea para enviar mensaxes estandarizadas ou con pouca segmentación de xetio masivo.

En que consiste

- Segmentación de públicos en listas de correo, non máis de 4-6,

para emitir comunicacións de interese.
-Seleccionar os momentos e os contidos. Ningún público debe recibir información por esta vía máis de unha vez ao mes de media.

Redes sociais.

É a vía para manter relación con determinados públicos, tendo sempre en conta que a súa penetración social é limitada e moi segmentada.

En que consiste -Creación e mantemento do perfil Facebook do GALP.
-Labor activa de intercambio de 'amigos' e 'seguidores' de interese, no territorio e no contorno institucional.
-Xeración de contidos específicos.
-Valoración da utilización doutras redes sociais.

311

Identificación de interlocutores e listas de correo.

É a vía para manter relación con determinados públicos, tendo sempre en conta que a súa penetración social é limitada e moi segmentada.

En que consiste -Creación e mantemento do perfil Facebook do GALP.
-Labor activa de intercambio de 'amigos' e 'seguidores' de interese, no territorio e no contorno institucional.
-Xeración de contidos específicos.
-Valoración da utilización doutras redes sociais.

Formatos guías de oportunidades para o traballo con investidores.

Para estes dous públicos definimos senllas guías de oportunidades.

En que consiste -Redacción de tres guías de oportunidades para investidores: sector da pesca, aloxamento e equipamentos turísticos e servizos de turismo mariñeiro.
-Difusión das guías en reunións de traballo e negociación.

Presentacións e eventos.

Programaremos eventos de baixo custo organizativo que permitan difundir actuacións concretas e que sirvan de escenario para promocionar a EDLP.

En que consiste -Presentación pública da EDLP.
-Presentación pública de distintas estratexias.
-Participación nos actos de inauguración e presentación de proxectos para difundir o traballo do GALP e a EDLP.
-Participación en eventos doutros grupos de desenvolvemento e institucións.
-Participación en eventos das redes de grupos.

Accións de negociación.

Con diversos públicos, a relación ten momentos de 'negociación' que hai que tratar dun xeito específico.

En que consiste -Identificar os momentos nos que o GALP actúa como parte negociadora (ante outras institucións) e/ou como parte facilitadora (investidores, investigadores).
-Crear a documentación precisa: dossiers, formatos de presentación.
-Acordar os termos da negociación e acudir ás citas precisas para levala a bo termo.



Notas de Prensa e Dossieres de Prensa.

Para facilitar o traballo da prensa e para ter un maior control sobre a calidade da información publicada, é preciso acudir ao envío de notas informativas ou informes máis completos.

En que consiste

- Identificar os momentos para a comunicación con prensa: aprobación da EDLP, decisións da Xunta Directiva e/ou Asemblea do GALP, convocatorias de axudas, realizacións exitosas, asistencia a foros, etc.
- Identificar os medios de comunicación axeitados para cada ocasións.
- Redactar nota ou dossier de prensa en función da importancia que desexemos dar a cada comunicación.

Edición de folletos informativos.

Están vinculados á difusión das convocatorias e para información básica das condicións para participar nas mesmas.

En que consiste

- Elaboración de contidos e deseño do folleto.
- Actualización en función dos cambios que se produzan.
- Distribución xeralizada entre os potenciais prescriptores.
- Edición en formato dixital para a súa distribución vía web, redes sociais e newsletter.

Manual de imaxe corporativa (Acción instrumental de apoio ás anteriores).

Deseño dun manual de identidade gráfica e imaxe corporativa.

En que consiste

- Identificar os valores a transmitir.
- Deseño de logotipo e aplicacións gráficas.
- Edición de soportes.

Calendario do Plan de Comunicación.

Entendemos aventurado indicar un calendario detallado de distribución. Dada a tipoloxía de Accións definida, case todas elas estarán sendo executadas durante todo o período; outras están sometidas á evolución na xestión da EDLP (convocatorias, realizacións, eventos, etc.). Por iso, resolvemos a periodización da comunicación na definición do traballo con cada público mediante as 'Notas para o cronograma'.



12. FONTES DE INFORMACIÓN



1. PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS.

Normativa.

Reglamento MEC
Reglamento UE 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo de 17 de diciembre de 2013

Reglamento FEMP
Reglamento UE Nº 508/2014 relativo al Fondo Europeo Marítimo y de Pesca.

316

Ministerio de Agricultura, alimentación y Medio Ambiente.
Programa Operativo Español Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca. Programa operativo 2014-2020.

Temáticos.

www.ige.eu. Web do Instituto Galego de Estatística.
www.ine.es. Web do Instituto Nacional de Estadística.

Comisión Europea,
Europa 2020, una Estrategia para un Crecimiento Inteligente, Sostenible e Integrador.

Comisión Europea,
Guía para la Estrategia Europea de Desarrollo Sostenible. 2007

GAC 4,
Selección de candidatos a Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro,
Candidatura do GAC 4, Seo de Fisterra-Ría de Muros-Noia. 2015.

GAC 4,
Plan estratégico Zonal Seo de Fisterra- Ría de Muros-Noia. 2008.

Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
Guía para a elaboración das Estratexias de Desenvolvemento Local das zonas Pesqueiras
FEMP 2014-2020. 2015

Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
Guía de novos retos dos grupos de acción local do sector pesqueiro parao desenvolvemento sustentable as zonas de pesca no marco da política comunitaria
FEMP 2014-2020. 2015

Xunta de Galicia, Consellería do Mar, Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
Guía para a implantación da Responsabilidade Social Corporativa nos Grupos de Acción Costeira.

Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
Paisaxe Galega, guía de estudos de impacto e integración paisaxística. 2014.

Xunta de Galicia, GAIN.

Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014- 2020 RIS 3 Galicia 2014.

Ministerio de Agricultura, Pesca y alimentación

La mujer innovadora en el sector de la pesca y la acuicultura

Orientacións e recomendacións.

Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Recomendacións sobre a composición da organización candidata

317

Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Guía de orientacións para os candidatos a Grupos de Acción local do Sector Pesqueiro.

Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Orientacións para o equipo técnico dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Guía de novos retos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALPs) para desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco da política comunitaria FEMP 2014-020.

Farnet.

Habilidades y recursos para los equipos de los FLAG. 2014

Federación Provincial de Cofradías de Pescadores de A Coruña-Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Foro Vivir do Mar. Retos do sector pesqueiro no marco do desenvolvemento local participativo.

